


Cyrano de Bergerac

Os Estados e Imperios da Lúa



Esta obra é distribuída baixo licenza Creative Commons 2.5

Citar como:

Cyrano de Bergerac: Os Estados e Imperios da Lúa.
Tradución ao galego de Henrique Harguindey.
<http://palabras desconxeladas.gal>

Cyrano de Bergerac. Moi coñecido, e polo mesmo moi descoñecido.

Paradoxalmente, a atractiva obra de teatro de Edmond Rostand -coas súas numerosas versións cinematográficas, que espallaron mundialmente o nome daquel- embazou a plena autenticidade do transmitido, ao se fundar só en determinados aspectos e momentos e ao inventar mesmo trazos e relacións do seu Cyrano. A persoa do escritor Savinien de Cyrano redúcese ao simple personaxe do heroe, desaparecendo –envolveita en xogos de artificio- a crítica inconformista dun ser en pugna contra os que pretenden impedir a explicación racional do mundo e contra todo tipo de dogmas. O Cyrano que cuestiona todo desaparece na peza ante un Cyrano ousado e galante no eixo central do amor calado pola súa curmá Roxana, o que falsea a realidade histórica por máis que se basee nela.

Por iso cómpre lermos directamente a súa obra, viaxarmos a esoutro mundo, a esoutros mundos da diferenza e da pluralidade. Da liberdade.



SAVINIEN DE CYRANO

A vida

Nacido en París en 1619, Savinien de Cyrano procede, pola parte do pai, dunha familia de comerciantes e, pola da nai, dunha da pequena nobreza ascendente; diversos membros dela ocupan importantes cargos na Corte e no aparato do Estado. Algúns están ligados ao sector máis ultra do catolicismo (*Parti dévot* ou *Confrérie du Saint-Sacrement*) que tiña un gran poder político e era promotor dos « directores de conciencia » ridiculizados por Molière no *Tartufo*.

A súa vida e a súa obra estivo durante séculos soterrada pola lenda, mais pouco a pouco, principalmente dende principios do século XX, as lagoas se van enchendo malia persistiren aínda períodos de escasa información dispoñíbel na súa biografía.

Ingresa moi novo no exército, aínda que a súa carreira militar é corta debido a dúas graves feridas (unha de fogo de mosquete en 1639 e outra de espada en 1640) que o obrigan a abandonar a profesión das armas e lle deixarán secuelas. Aos 21 anos volve ao estudo no Colexio de Lisieux, da Universidade de París, e non remata pois abandona para seguir os cursos do filósofo materialista Gassendi. Toma tamén leccións de armas e de danza

Comeza a escribir e móvese en medios da corrente filosófica libertina e do xénero burlesco, levando unha vida pouco conforme co canon social imperante e coa súa orixe familiar. Lígase a un grupo de escritores –mozos e non- entre os que están Bernier, Chapelle, Le Bret, Dassoucy, Royer de Prade, La Mothe le Vayer e outros. Nese momento asina con diversos nomes, entre eles Cyrano de Bergerac ou sinxelamente De Bergerac, baseado nunhas terras que seu pai tivera na rexión parisiense. Cyrano publica en introducións das obras dos seus amigos gabanzas en prosa ou verso, normalmente asinadas con simples siglas.

Sofre estreitez económica, muda con frecuencia de domicilio e acóllese ao favor de mecenas e protectores que o amparan. Ao morrer seu pai, en 1648, Cyrano goza dunha herdanza que logo se evapora, polo que, para sobrevivir, volve aceptar a protección de mecenas como o duque de Arpajon ou Tanneguy Renault des Boisclairs.

Escrebe a comedia *Le Pédant Joué* e a traxedia *La Mort d'Agrippine*, e a partir de 1650 é citado abondosamente como autor de *Os Estados e imperios da Lúa*, que tería circulado manuscrito.

A representación de *La Mort d'Agrippine* en 1653 valerálle a acusación de ateísmo.

En 1654 logra que o libreiro Charles de Sercy publique *La Mort d'Agrippine* e mais as *Œuvres diverses* que conteñen as súas *Lettres* e *Le Pédant Joué*.

Unha grave ferida na cabeza, produto dun accidente ou dunha agresión, provocará a súa morte en 1655, aos 35 anos en Sannois, na casa dun seu curmán que o acollera.

Postumamente, en 1662, o editor Charles de Sercy publicará en 1657 *Les États et Empires de la Lune*, cuns textos censurados e alterados por Henri Lebreton, e en 1662 o mesmo Sercy tirará á luz *Les États et Empires du Soleil*, en edición de Abel de Cyrano, o irmán máis novo do autor.

A obra

A produción coñecida de Cyrano –como vimos ao relatar a súa vida- é escasa: algunha peza de teatro, poesías e cartas de contido lírico, amoroso e satírico, composicións de enxeño, etc. a maiores da prosa de *O outro mundo ou os Estados e Imperios da Lúa*, *Os Estados e Imperios do Sol* e fragmentos dun tratado de Física.

O outro mundo: os Estados e Imperios da Lúa

Non coñecemos a data exacta de composición de *Os Estados e Imperios da Lúa*. Parece que en vida de Cyrano xa tiña circulado antes de 1650 unha versión manuscrita, mais os textos orixinais desapareceron e non foi senón postumamente, en 1657, cando se publica a primeira edición, unha edición censurada e retocada que será a que impere durante séculos. O mesmo aconteceu con *Os Estados e Imperios do Sol*, que o autor deixou sen rematar e que foi publicada por primeira vez en 1662.

A localización de varios manuscritos de *Os Estados e Imperios da Lúa* a partir de finais do século XIX posibilitou que se avanzase grandemente na restitución do texto do autor. Non se trata de texto escrito por Cyrano senón que os tres (os chamados manuscritos de París, Munich e Sydney) parecen remontarse a un anterior.

Enxeñoso, poético e imaxinativo, o Cyrano creador acompáñase do Cyrano divulgador que bebe en obras preexistentes filosóficas, científicas e literarias (Luciano, Lucrecio, Gassendi, Montaigne, Sorel) e particularmente na viaxe á lúa do inglés Francis Godwin *The Man in the Moone*, publicada en inglés en 1639 e en francés en 1648. A alusión a esta obra é manifesta na obra de Cyrano coa presenza na lúa dese “pequeno español”, alusión ao González protagonista de Godwin.

As descubertas científicas, maiormente da Astronomía, e a lectura de autores filosóficos e literarios sêrvenlle a Cyrano para enfiar un todo coa maior eficacia desa dúbida metódica que manifesta o seu lema de apertura ante unha nova hipótese: “*E mais por que non?*”.

A maiores, o irreverente Cyrano pasa pola caricatura destronadora do burlesco a relixión irracional, a pseudociencia caduca e a filosofía aristotélica. Utiliza

sistemáticamente a ironía e o paradoxo. Baixo a forma dun mundo fantástico e de teorías de personaxes extravagantes que non son compartidas polo protagonista ou son rebatidas por outros personaxes “sensatos”, vemos desfilar ideas tan perigosas para a ortodoxia como a negación da existencia dos milagres, da inmortalidade da alma, da creación do mundo e da propia existencia de Deus. Un vello recurso na historia do pensamento co que Cyrano asumía un evidente risco, por moito que “blindase” a narración ao amparala na “imaxinación”.

E aínda, alén do debate ideolóxico, é transparente a crítica ao poder terreal, sexa nas alusións ás retractacións forzadas, como a abxuración de Galileo, ou ás guerras nas que os reis humanos, ben a salvo, fan que os pobos se maten entre eles.

Naturalmente, tamén hai na obra ficción e adiantamento de boa lei. Sorprende, por exemplo, atopar unha sorte de walkman co que escoitar audilibros nesa linguaxe musical dos habitantes “grandes” da lúa.

É asimesmo ben destacar as alusións ao ocultismo e a Alquimia que levaron algúns autores a interpretar a obra de Cyrano baixo ese prisma.

A súa vida e obra –por riba dunha hipotética conversión á ortodoxia católica nos derradeiros días- amosa un Cyrano en permanente cuestionamento fronte a unha sociedade afogante que o anatematizou pola súa condición homosexual e pola súa audacia na desmitificación da doutrina imperante. Unha opresión e unha ameaza que o fixeron fuxir e « viaxar » na procura de aire respirábel.

Na busca desoutro mundo afastado no que os habitantes, ao se despediren, non lles desexan aos seus conxéneres « *Ide con Deus* » senón « *Pensade en vivirdes libremente* ».

Principais edicións modernas das obras de Cyrano:

Les Œuvres libertines de Cyrano de Bergerac. Tome premier : *L'Autre monde: I. Les États et Empires de la Lune*. Texte intégral, publié pour la première fois, d'après les manuscrits de Paris et de Munich, avec les variantes de l'imprimé de 1657. II. *Les États et Empires du Soleil*, d'après l'édition originale de 1662. Tome second : *Le Pédant joué, La Mort d'Agrippine. Les Lettres. Les Mazarinades. Les Entretiens pointus*. Édition de Frédéric Lachèvre. Paris, Librairie ancienne Honoré Champion, 1921.

L'Autre Monde. Les États et Empires de la Lune. Les États et Empires du Soleil. Édition d'Henri Weber, Paris, Éditions Sociales, 1959.

L'Autre Monde. Édition de Claude Mettra et Jean Suyeux. Paris, Jean-Jacques Pauvert, 1962.

Voyage dans la Lune. Édition de Maurice Laugaa, Paris, Flammarion, Collection GF n° 232, 1970.

Œuvres complètes. Édition Jacques Prévot. Paris, Belin, 1977

L'Autre Monde ou les Empires de la Lune, édition diplomatique de Margaret Sankey, Paris, Lettres Modernes, 1995.

L'Autre monde : Les États et empires de la Lune. Les États et empires du Soleil. Édition critique de Jacques Prévot. Paris, Gallimard, coll. « Bibliothèque de la Pléiade », volume *Libertins du XVII^e siècle*, 1998. (edición da que deriva en 2004 a da colección Folio classique, n° 4110)

Œuvres complètes. Tome I. *L'Autre Monde ou les États et Empires de la lune. Les États et empires du soleil. Fragment de physique*, Édition critique. Textes établis et commentés par Madeleine Alcover, Paris, Honoré Champion, 2000.

Œuvres complètes. Tome II. *Lettres. Entretiens pointus. Mazarinades*. Édition critique, textes établis et commentés par Luciano Erba pour les *Lettres* et *Les Entretiens pointus* et par Hubert Carrier pour *Les Mazarinades* Paris, Honoré Champion, 2001.

Œuvres complètes. Tome III. *Théâtre*. Édition critique, textes établis et commentés par André Blanc. Paris, Honoré Champion, 2001.

Les États et Empires du Soleil, Chronologie, présentation, notes, dossier, bibliographie, lexique, par Bérengère Parmentier. Paris, Flammarion, coll. « GF » n° 1145, 2003

Os lectoras e lectoras non especializados terán moita utilidade nas edicións de Jacques Prévot, na colección Folio, e as de Maurice Laugaa e de Berangère Parmentier, na colección GF.

A nosa tradución

A nosa tradución segue o texto establecido na edición crítica de Madeleine Alcover, probablemente a maior especialista actual na obra e na vida de Cyrano.

A lúa¹ estaba na súa plenitude, o ceo estaba desembazado e deran as nove da noite cando regresabamos dunha casa próxima a París catro amigos e mais eu. Os diversos pensamentos que nos produciu a visión desa bola de azafrán distraéronnos no camiño. Cos ollos chantados nese gran astro, tanto un deles tomábao por unha lumieira do ceo pola que se lubrigaba a gloria dos benaventurados, como outro afirmaba que era a plaquiña onde Diana pon a secar os colariños de Apolo, ou outro, aínda, exclamaba que podería ser o propio sol, que, ao se ter despojado das súas raiolas no serán, andaba a alucar por un burato o que facían no mundo cando el xa non estaba.

-Pois eu –dixen- desexando mesturar o meu entusiasmo co voso, creo, sen me divertir nas agudas imaxinacións coas que lle facedes cóchegas ao tempo para que corra máis a presa, que a lúa é un mundo como este, ao que o noso lle serve de lúa.

A compañía obsequioume cunha gran gargallada.

-Do mesmo xeito –dixen- se cadra agora estánse a bulrar na lúa dalgún outro que sostén que este globo é un mundo.

Mais en van aleguei que Pitágoras, Epicuro, Demócrito, e na nosa época Copérnico e Kepler, foran desa opinión. Non os inducín senón a escacharen a rir con maior intensidade.

Este pensamento, cunha ousadía que batía de esguello no meu humor, afortalado pola contradición, mergullouse tan fondamente en min que durante todo o resto do camiño fiquei preñe de mil definicións da lúa que era incapaz de dar á luz, e a poder de apoiar esta crenza bulreira con razoamentos serios, case me persuadín dela. Mais escoita, lector, o milagre ou o accidente do que a Providencia ou a Fortuna se serviron para mo confirmar.

Estaba de volta na miña morada, e inda ben non subira ao meu cuarto para repousar un pouco do paseo cando, enriba da miña mesa, atopei un libro aberto que eu non puxera nela. Eran as obras de Cardano², e aínda que non tivese intención de o ler, a miña vista bateu, como á forza, xusto nunha historia que conta este filósofo : escribe que un serán, cando estaba a estudar baixo unha candeia, viu entrar, ao través das portas pechadas do seu cuarto, dous vellos grandesiros que, despois de moitas preguntas que el lles fixo, responderon que eran habitantes da lúa, e dito iso desapareceron. Eu fiquei tan sorprendido, quer por ver un libro que viñera alá el só, como polo momento e a folla na que se atopaba aberto, que tomei

¹ Respectamos nos títulos e nos textos a grafía do autor, que, referíndose ao Sol, á Lúa ou á Terra, unhas veces emprega a maiúscula e outras a minúscula.

² Girolamo Cardano, famoso astrólogo, médico, matemático, filósofo e inventor italiano do século XVI.

todo este encadeamento de incidentes por unha inspiración de Deus que me puxaba a lles facer coñecer aos homes que a lúa é un mundo.

-O que ! -díciame eu a min mesmo- Despois de ter falado todo o día de hoxe dunha cousa, un libro que se cadra é o único no mundo que trata esa materia voa da miña biblioteca á mesa e é capaz de razoar para se abrir xusto no punto dunha aventura tan portentosa e fornécelle logo á miña fantasía as cavilacións e á miña vontade os propósitos que teño !... Sen dúbida -continúei- os dous vellos que se lle apareceron a aquel gran home son os mesmos que descolocaron o meu libro e o abriron nesta páxina, para aforraren o traballo de me botar aquela arenga que lle botaron a Cardano. Mais -engadín- non podería aclararme esa dúbida se non dou subido alá ! E logo por que non ? -respondínme decontado- Prometeo ben foi algún día ao ceo roubar o lume.

A estas arroutadas de febres quentes sucedeulles a esperanza de dar acadado unha viaxe tan fermosa.

Para a levar a cabo pecheime nunha casa de campo abondo afastada dende a que, despois de ter agarimado os meus soños con algúns medios capaces de me conducir alá, velaí como me metín no ceo.

Atalicara de arredor de min unha chea de frasquiños cheos de orballo, e a calor do sol que os atraía ergueume tan alto que ao final atopeime por riba das nubes máis altas. Mais como esta atracción facíame subir con demasiada rapidez e no canto de me achegar á lúa como eu pretendía semellábame máis arredada que no momento de partir, escachei varios dos meus frasquiños ata que sentín que a miña pesadez superaba a atracción e eu descía cara á terra. A miña opinión non foi falsa pois caín de novo nela algún tempo despois, e botando contas pola hora na que partira, debía ser a medianoite. E mais comprobei que o sol estaba entón no punto máis alto do horizonte, e que alá era o mediodía. Podedes pensar o que tal me estrañou de certo tan boa sorte, que ao non saber a quen lle atribuír ese milagre, tiveron a insolencia de imaxinar que en prol da miña ousadía Deus volvera espetar outra vez o sol no ceo a fin de alumear tan xenerosa empresa.

O que fixo medrar o meu asombro foi non coñecer o país onde estaba, visto que me parecía que, ao ter subido dereito, debiera ter descido no mesmo lugar de onde partira. Equipado como estaba, encamiñeime cara a unha cabana onde vin fume, e estaba dela a penas un tiro de pistola cando me vin rodeado por un gran número de salvaxes. Pareceron moi sorprendidos do meu encontro porque eu era o primeiro -polo que penso- que endexamais tivesen visto vestido con botellas. E para revirar aínda as interpretacións que lle puidesen ter dado a todo este equipamento, vían que ao camiñar eu casemente non tocaba o chan : tamén non sabían que co primeiro pulo que eu lle daba ao meu corpo o ardor das raiolas de mediodía erguíame co meu orballo, e que se os meus frascos estivesen en maior cantidade poderíanme ter visto voar polos aires.

Quíxenos abordar, mais como se o pavor os tivese mudado en paxaros, no momento vinos perderse na fraga veciña. Con todo, dei pillado un deles, a quen sen dúbida as pernas lle traizoaran o corazón. Pregunteille con moita dificultade (pois

eu estaba sen folgos) que distancia había de alá a París, dende cando en Francia a xente andaba espida e por que fuxían de min con tanto medo. Este home ao que eu falaba era un vello aceitunado que ao primeiro se botou aos meus pés, e xuntando as mans enriba, detrás da cabeza, abriu a boca e pechou os ollos. Rosmou moito tempo, mais eu non dei distinguido que articulase cousa ningunha, de xeito que tomei a súa fala pola rouca zoeira dun mudo.

De alá a un pouco vin chegar unha compañía de soldados tocando o tambor e reparei en que dous se separaban do grupo para me recoñeceren. Ao que estiveron perto de min abondo para me ouvir pregunteilles onde estaba.

-Estades en Francia –respondéronme- mais quen demo vos puxo nese estado ? E como é que non vos coñecemos ? Seica chegaron os navíos ? Ides dar aviso da chegada ao señor gobernador ? E por que dividistes a vosa augardente en tantas botellas ?

A todo isto eu respondinlles que non me puxera o Demo nese estado, que non me coñecían polo motivo de que non podían coñecer os homes todos, que non sabía eu que polo Sena navegasen navíos, que non tiña aviso ningún que lle dar ao señor de Montbazon, e que non ía cargado en absoluto de augardente.

-Ha, ha ! –dixéronme colléndome polo brazo- Facédesvos o gracioso ! O señor gobernador havos coñecer ben !

Leváronme cara ao seu grupo dicíndome estas falas e souben por eles que estaba en Francia e non estaba en Europa, porque estaba na Nova Francia. Fun presentado ao señor de Montmagny, que é o virrei dela. Preguntoume cal era o meu país, o meu nome e a miña condición, e despois de que o tivese satisfeito contándolle o agradábel éxito da miña viaxe, quer que o tivese crido, quer que finxise crelo, tivo a bondade de ordear que me desen un cuarto na súa residencia. A miña fortuna foi atopar un home capaz de altas opinións e que non se estrañou nadiña cando eu lle dixen que cumpría que a terra tivese virado durante a miña elevación pois que tendo comezado a subir a dúas leguas de París eu caíra por unha liña case perpendicular no Canadá.

Polo serán, cando eu me ía deitar, vino entrar no meu cuarto.

-Non tería vido interromper o voso repouso –díxome- se non crese que unha persoa que deu feito novecentas leguas nunha xornada puido facelas sen cansar. Mais –engadíu- non sabedes a divertida tirapuxa que acabo de ter por vós cos nosos pais xesuítas ! Afirman rotundamente que sodes un meigo, e a maior indulxencia que obteriades deles sería pasardes só por impostor. E, de certo, ese movemento que lle atribuídes á terra : seica non é un gran paradoxo ? O que fai que eu non estea tan seguro da vosa opinión é que, aínda que onte tivésedes partido de París, podedes ter chegado hoxe a esta bisbarra sen que a terra virase. Porque o sol -ao vos ter levado por medio das vosas botellas- seica non vos tiña que traer aquí, dado que segundo Ptolomeo, Tycho-Brahe e os filósofos modernos, camiña de esguello como vós facedes andar a terra ? E mais : que grandes argumentos tedes vós para imaxinar que o sol

está inmóbil cando o vemos camiñar, e que a terra vira de arredor do seu centro con tanta rapidez cando a sentimos firme debaixo nosa ?

-Señor –repliqueille- velaquí as razóns que nos obrigan a prexulgalo.

De primeiras, é de sentido común coidar que o sol tomou sitio no centro do universo, pois que todos os corpos que están na natureza precisan dese lume radical que vive no corazón do reino para estaren en condicións de satisfacer prontamente as propias necesidades, e que a causa das xeracións está tamén colocada entre os corpos nos que ela opera igual que a sabia natureza colocou as partes xenitais no home, as pebidas no centro das mazás e as carabuñas no medio do seu froito, e o mesmo que a cebola conserva, ao abeiro de cen capas que a rodean, o precioso xermolo no que dez millóns doutras teñen que tirar a súa esencia. Porque esa mazá é un pequeno universo en si mesmo, do que a pebida máis quente que as outras partes é o sol que espalla de arredor del a calor conservadora do seu globo, e ese xermolo, nesa cebola, é o soliño dese mundiño, que aquece e nutre o sal vexetativo desta masa.

Suposto isto, digo que a terra, ao precisar a luz, a calor e a influencia deste gran lume, vira de arredor del para recibir por igual en todas as súas partes esa virtude que a conserva. Porque tan ridículo sería crer que ese gran corpo luminoso virase arredor dun punto que non lle aporta nada, como imaxinar, cando vemos unha cotovía asada ao espeto que, para cociñala, fixeron virar a cheminea de arredor dela. Outramente, se o sol tivese que facer esa dura angueira, semellaría que a medicina precisaba do enfermo, que o forte se tería que dobrar diante do feble e o grande servir ao pequeno, e que, no canto de un barco singrar ao longo das costas dunha rexión, debería facer pasear a rexión de arredor do barco. Pois se vos custa traballo entender como se dá movido unha masa tan pesada, dicídeme, facede o favor : os astros e os ceos, que para vós son tan sólidos, seica son máis lixeiros ? Aínda a nós, que estamos seguros da redondeza da terra, énos doado concluír o seu movemento pola súa figura. Mais : por que supór o ceo redondo, pois que non o poderíades saber ? E se entre todas as figuras non ten esta : cómpre concluír que non se pode mover ? Non vos reprocho os vosos excéntricos, os vosos concéntricos nin os vosos epiciclos, que vós só saberiades explicar moi confusamente e dos que eu libero o meu sistema.

Falemos só das causas naturais deste movemento. Vós védesvos obrigados a recorrer ás intelixencias que desprazan e gobernan os vosos globos. Mais eu (sen interromper o repouso do Ser Soberano, que sen dúbida creou a natureza toda perfecta, e de quen a sabiduría é tela acabado de tal xeito que téndoa completado cunha cousa non a volveu defectuosa con outra), eu –dígovos- atopo na terra as virtudes que a fan mover. Digo, pois, que os raios do sol, coa súa influencia, ao lle viren bater enriba, coa súa circulación fana virar como nós facemos virar un globo ao bater nel coa man, ou que os fumes que se evaporan continuamente do seu seo polo lado que o sol a mira, repercutidos polo frío da rexión media, vólvenlle dar enriba, e por necesidade, ao non poderen bater nela senón de esguello, fana bailar como un trompo.

A explicación dos outros dous movementos é aínda menos enleada. Considerade, por favor...

A estas palabras, o señor de Montmagny interrompeume e dixo :

-Prefiro dispensarvos dese traballo (teño lido sobre este asunto varios libros de Gassendi) a condición de que vós escoitedes o que me respondeu un día un dos nosos padres que mantiña a vosa opinión :

« En efecto -diciá el- imaxino que a terra vira non polas razóns que alega Copérnico senón porque o lume do Inferno, tal como nos aprende a Sagrada Escritura, ao estar choído no centro da terra, os condenados que queren fuxir do ardor da chama gabeán para se arredaren dela contra a bóveda e fan así virar a terra, como un can fai virar unha roda cando corre pechado dentro ».

Louvamos durante algún tempo o entusiasmo do bon padre, e, rematado o seu panexírico, o señor de Montmagny díxome que se estrañaba moito, visto que o sistema de Ptolomeo era tan pouco probábel, de que fose tan xeralmente aceptado.

-Meu señor -respondinlle- os mais dos homes, que xulgan só polos sentidos, deixáronse convencer polos seus ollos, e de igual xeito que o que navega a rentes de terra coida permanecer inmóbil e que é a ribeira a que camiña, así os homes, virando coa terra de arredor do ceo, coidaron que era o propio ceo o que viraba de arredor deles. Engadídelle a iso o orgullo insoportábel dos humanos, que os convence de que a natureza unicamente foi feita para eles, como se fose verosímil que o sol -un gran corpo catrocentas trinta e catro veces máis vasto que a Terra- só fose alumeadado para lle madurar os néspers e lle arredondar os repolos. Canto a min, ben lonxe de concordar coa insolencia destes brutáns, coido que os planetas son mundos de arredor do sol, e que as estrelas fixas son tamén soles que teñen planetas de arredor deles, é dicir, mundos que non damos visto dende aquí por causa da súa pequenez e porque a luz que lles emprestan non podería chegar ata nós. Porque : como, imaxinar de boa fe que estes globos tan espaciais non son senón campos desertos e que o noso -dado que nós agatuñamos nel por unha ducia de runfantes pillabáns- foi ergueito para mandar en todos ? O que ! Dado que o sol acompasa os nosos días e os nosos anos : cómpre dicir que só foi construído para que non leváramos un croque contra as paredes ? Non, non, se ese deus visíbel alumea o home, é accidentalmente, como o facho do rei alumea accidentalmente o mozo de corda que vai pola rúa.

-Mais -díxome el- se como vós asegurades, as estrelas fixas son outros tantos soles, podería deducirse diso que o mundo sería infinito, pois que é verosímil que os pobos deses mundos que están de arredor dunha estrela fixa que vós tomades por un sol descubran aínda por riba deles outras estrelas fixas que nós non daríamos albiscado dende aquí, e que ocorra eternamente dese xeito.

-Non o dubidedes -repliqueille- Igual que Deus puido facer a alma inmortal puido facer o mundo infinito, se é certo que a eternidade non é cousa diferente a unha duración sen límites e o infinito unha extensión sen cancelas. E mais o propio Deus sería finito, supoñendo que o mundo non fose infinito, pois que el non podería estar onde non houberse nada e non podería aumentar a grandeza do mundo sen engadir algo á súa propia extensión, comezando por estar onde antes non estaba. Cómpre, logo, crer que igual que nós vemos dende aquí Saturno e Xúpiter, se

estivésemos nun ou no outro habíamos descubrir moitos mundos que non albiscamos dende aquí, e que o universo está eternamente construído dese xeito.

-Por moito que digades –replicoume el- non daría eu entendido en absoluto ese infinito. Abofé !

-Ei, dicídeme –retruqueille- Seica entendedes mellor o nada que hai alén ? En absoluto. Cando matinades nese baleiro, imaxinádelo cando menos como vento, como aire, e iso ven sendo algo ; mais o infinito, se en xeral non o entendedes, concebídelo cando menos por partes, porque non é difícil figurarse terra, lume, auga, aire, astros, ceos. Ora ben, o infinito non é máis que un tecido de todo iso sen límites. Se me preguntades de que maneira foron feitos estes mundos, visto que a Sagrada Escritura fala só dun que Deus creou, respondo que ela fala só do noso pola razón de que é o único que Deus quixo tomarse o traballo de facer da súa propia man, mais os outros todos que vemos ou non vemos, suspendidos no medio do azul do universo, non son senón a espuma dos soles que se purgan. Porque : como poderían subsistir estes grandes lumes se non estivesen ligados a algunha materia que os nutre ? Ora ben, igual que o lume puxa lonxe del a cinza que o afoga, do mesmo xeito que o ouro no cruxol se separa depurándose da marcasita³ que enfeblece o seu quilate, e do mesmo xeito que o noso corazón se limpa polo vómito dos humores indixestos que o atacan, así o sol devolve todos os días e se purga dos restos da materia que nutre o seu lume. Mais cando teña consumido enteiramente esta materia que o mantén, non debes ter dúbida ningunha de que se espalla cara a todas as partes para procurar outro pasto e que se liga a todos os mundos que terá construído algún día, particularmente a aqueles que atope máis perto ; daquela ese gran lume, embrullando de novo os corpos todos, volveráos botar a feixe para todas as partes como antes, e ao se ter pouco a pouco purificado, el comezará a lles servir de sol a estes mundiños que ha enxendrar ao puxalos fóra da súa esfera. É o que fixo sen dúbida aos pitagóricos prediciren o abrasamento universal.

Isto non é unha imaxinación ridícula. A Nova Francia, onde estamos, fornece un exemplo ben convincente. Este vasto continente da América é unha metade da terra que, malia os nosos devanceiros que singraran mil veces o océano, non fora aínda descuberta ; tamén ela non estaba aínda alí, -como tampouco moitas illas, penínsulas e montañas que se ergueron enriba do noso globo- cando as ferruxes do sol que se limpa foron puxadas lonxe dabondo e condensadas en pelotiñas pesadas dabondo para seren atraídas polo centro do noso mundo, posibelmente pouco a pouco en partículas miúdas, se cadra tamén de súpeto nunha masa. Isto non resulta tan desaxuizado que San Agostiño non o tivese aplaudido se a descuberta deste país se tivese feito na súa época, pois que este gran personaxe, de xenio iluminado polo Espírito Santo, asegura que no seu tempo a terra era chá como un forno e nadaba na auga como a metade dunha laranxa cortada. Mais se algún día teño o honor de vos ver en Francia, heivos facer observar por medio dunha magnífica lente que teño, que certas escuridades que dende aquí semellan manchas, son mundos que se constrúen.

³ Parece que Cyrano emprega aquí “marcasita” como sinónimo de ‘imperfección que acompaña un metal e do que é preciso depuralo’.

Os meus ollos, que se ían pechando consonte remataba este discurso, obrigaron ao señor de Montmagny a me desexar boa noite. Tivemos no outro día e nos seguintes, conversas da mesma natureza. Mais, como algún tempo despois o atafego dos asuntos da rexión deixou pendurada a nosa filosofía, volvíñ caír con maior forza no anxeio de subir á lúa.

Ao que esta se erguía, ía eu ao medio dos bosques para a realización e o éxito da miña empresa. Por fin, un día, a véspera de San Xoán, cando no forte celebraban unha reunión para determinar se habían socorrer aos salvaxes do país contra os iroqueses, funme eu só detrás da nosa vivenda ao outeiro dun montiño, onde levei a cabo o seguinte :

Cunha máquina que construíñ, e que imaxinei capaz de me elevar tanto como eu quixese, boteime no aire dende o curuto dun penedo. Mais, como non tomara ben as medidas, fun de cú contra o val. Todo mancado como estaba, volvíñ para o meu cuarto sen por iso perder a arela. Collín miolo de osos de boi co que engraxumei o corpo todo, porque estaba magoado dende a cabeza aos pés, e despois de me ter enfortecido o corazón cunha botella de esencia cordial volvíñ buscar a miña máquina. Mais non a dei atopado, porque algúns soldados que enviaran ao bosque cortar madeira para facer a armazón do lume de San Xoaán que se debía prender á noite, ao atopárena por acaso, leváranla para o forte. Despois de varias interpretacións do que podía ser, ao que descubriron o invento do resorte, algúns dixeron que cumpría atarlle de arredor unha chea de foguetes voadores a fin de que -elevándoo ben alto a rapidez destes e abaneando as súas grandes ás o resorte- non houbera ninguén que non tomase esa máquina por un dragón de lume.

Procureina moito tempo e ao cabo atopeina no medio da praza de Quebec cando lle pegaban lume. A dór de atopar o labor das miñas mans nun perigo tan grande abaloume tanto que corrín pillar o brazo do soldado que o acendía. Arranqueille a mecha e boteime furioso na máquina para crebar o aparello que a rodeaba, mais cheguei moi tarde, pois aínda non puxera os pés nel cando xa me vin elevado nas nubes.

O medo arrepiante que me agoniou non revirou tanto as facultades da miña alma como para que me esquecese despois todo o que me aconteceu nese momento. Habedes, logo, saber que, ao que a chama tivo devorado unha fileira de foguetes (porque os dispuxeran de seis en seis mediante unha torcida que cinguía cada media ducia), outra rea alapreaba xa, e despois outra, de sorte que a pólvora alapreante afastaba o perigo facéndoo medrar. Emporiso, ao se gastar a materia o artificio fallou, e cando eu xa non facía idea senón de deixar a cabeza na dalgún monte, sentín -sen me mover nadiña- continuar a miña elevación, e vin a máquina, despedíndose de min, caír de volta cara á terra. Esta aventura extraordinaria encheume dunha ledicia tan pouco común que, encantado de me ver liberado dun perigo certo, tiven o atrevemento de filosofar sobre o asunto. Daquela, cando andaba a procurar cos ollos e co pensamento cal podía ser a causa deste milagre, dexerguei a miña carne abochada e aínda graxa por mor da cana de oso coa que me untara para as mancaduras do meu esnaframento. Comprendín que estando entón no devalo, e ao ter a lúa durante este cuarto o costume de zugar

a cana dos animais, estaba ela a beber a que eu untara, con tanta máis forza canto que o seu globo se atopaba máis perto de min e canto que a interposición das nubes non enfeblecía o seu vigor.

Ao que tiven furado –segundo o cálculo que despois fixen- moito máis dos tres cuartos do camiño que separa a terra da lúa, vinme de súpeto bater no chan coas pernas para arriba, sen ter trompicado de xeito ningún. E aínda non me tería decatado se non sentira a miña testa cargada polo peso do meu corpo. Comprendín ben, en verdade, que non caía cara ao noso mundo porque, aínda que me atopase entre dúas lúas e reparase moi ben en que me achegaba a unha na medida en que me afastaba da outra, estaba moi seguro de que a máis grande era a nosa terra, dado que ao cabo dun día ou dous de viaxe, por confundiren as refraccións afastadas do sol a diversidade dos corpos e dos climas, este xa non me aparecera senón como unha gran placa de ouro, igual que o outro ; isto fíxome imaxinar que estaba a baixar cara á lúa, e reafirmeime nesta opinión cando me lembrei de que só comezara a caír despois dos tres cuartos do camiño. « Porque –díciame eu- ao ser esta masa menor que a nosa, cómpre que a esfera da súa actividade sexa tamén menos extensa, e que, por conseguinte eu teña sentido máis tarde a forza do seu centro ».

Despois de levar moito tempo caíndo (polo que presupño, dado que a violencia da precipitación debeu impedirme notalo), o máis lonxe que lembro é que me atopei debaixo dunha árbore enzarapallado en tres ou catro pólas que eu esgazara no meu tombo e coa faciana mollada por unha mazá que se apachocara contra dela.

Por sorte ese lugar era, como o habedes saber axiña, o Paraíso Terrestre, e a árbore enriba da que caín cadrou ser xusto a Árbore da Vida. Así podedes vós xulgar que sen este milagreiro acaso eu estaba mil veces morto. Teño reflexionado moito, dende aquela, no que o vulgo asegura de que ao se precipitar dende un lugar moi alto, un afoga denantes de tocar o chan, e da miña aventura tirei a conclusión de que era mentira, ou ben cumpría que o zume enerxético dese froito, que me escorrera dentro da boca, tivese chamado de volta a miña alma que non estaba lonxe do meu cadáver aínda morniño e aínda disposto ás funcións da vida. En efecto, tan axiña como estiven no chan a miña dór foise, antes mesmo de se pintar na miña memoria, e a fame –que durante a miña viaxe traballárame moito- non me fixo atopar no seu lugar máis que unha lixeira lembranza de tela perdido.

Ao que me erguín de novo, apenas reparara nas beiras do máis amplo dos catro grandes ríos que forman un lago, cando xa o espírito ou a alma invisíbel das plantas que arrecenden nesta bisbarra veume aledar o olfacto. Os pelouriños non eran ríspidos nin duros senón á vista e tiñan conta de amolecer cando un camiñaba enriba deles.

Primeiro encontrei unha estrela de cinco avenidas, composta por carballos que pola súa extraordinaria altura semellaban levar ao ceo un xardín de alto arboredo. Paseando os meus ollos dende a raíz ata o cume, e deixándoos logo caír dende o curuto aos pés, dubidaba se era a terra quen os levaba ou eran eles os que levaban a terra pendurada das súas raiceiras ; diríase que a súa fronte,

soberbiamente elevada, se dobrega como á forza baixo a pesadez dos globos celestes, de quen sosteñen a carga laiando. Os seus brazos tendidos cara ao ceo semellan, ao abrazalo, pedirllles aos astros a benignidade purísima das súas influencias e recibila denantes de teren perdido miga da súa inocencia no leito dos elementos.

Alá as flores, por todas as partes, sen outros xardineiros que a natureza, expiran un alento agreste que acorda e satisfai o olfacto, alá o encarnado dunha rosa sobre das silvas e o azul rechamante dunha violeta baixo os estripes, ao non deixaren liberdade para a escolla, fanvos xulgar que ambalas dúas son máis fermosas unha que a outra ; alá a primavera conforma as estacións todas ; alá non xermola planta velenosa ningunha sen que a súa nacencia traizoe a súa conservación ; alá os regatos cóntanlles as súas viaxes aos callaos ; alá mil vociñas emplumadas fan resoar a fraga co rumor das súas cantigas, e a rebuldeira xuntanza desas gorxas melodiosas é tan xeral que semella que cada folla no bosque tivese tomado a lingua e a figura dun reiseñor ; Eco⁴ sente tanto pracer nos seus chíos que, en llos ouvindo repetir, diríase que ten anceios de aprendelos. Rente deste bosque vense dous prados de alegre verdor continuado que forma unha esmeralda a perda de vista. A revolvida mestura das cores que a primavera vencella a cen floriñas confunde os matices un no outro, e estas flores abaneadas semellan correr atrás delas mesmas para escaparen das caricias do vento. Tomaríase ese prado por un océano, mais, como é un mar sen ribeiras, o meu ollo, arrepiado por ter ido tan lonxe sen descubrir o beiral, facía chegar alá nun pulo o meu pensamento, e o meu pensamento, temendo estar na fin do mundo, quería convencer de que uns lugares tan meigos forzaran se cadra o ceo a se xuntar coa terra.

Polo medio dun tapete tan vasto e tan perfecto corre a cachóns de prata unha fonte campestre que coroa as beiras cun céspede esmaltado de margaridas, patelos, violetas e esas flores que apreixándose todo de arredor fan crer que se apreixan para ver quen será a primeira en se admirar. Aínda está no seu berce, a fonte, pois acaba de nacer e a súa cariña nova e polida non amosa unha soa engurra. Os grandes cercos que pasea volvéndoos mil veces cara a ela mesma, amosan que sae do país natal ben a contraxeito; e como se lle dese vergoña verse agarimada cabo de súa nai, rexeitou sempre borboriñando a miña man reloucante que a quería tocar. Os animais que alá viñan saciar a súa sede, máis razoabeis que os do noso mundo, testemuñaban sorpresa ao veren que facía pleno día no horizonte en canto que contemplaban o sol nos antípodas, e case non ousaban debrozarse sobre o beiral polo medo a cairen no firmamento.

Cómpre que vos confese que á vista de cousas tan fermosas sentín as cohegas desas agradabeis dores nas que seica o embrión se atopa cando da infusión da súa alma. O pelo vello caiume para deixar sitio a outros cabelos máis mestos e finos ; sentín a miña mocidade acenderse de novo, a miña faciana porse rubia, a miña calor natural mesturarse outra vez amodiño coa miña humidade radical ; en fin, retrocedín na miña idade uns catorce anos.

⁴ Ninfa da mitoloxía grega.

Levaba camiñada media legua a través dun bosque de xasmíns e de mirtos cando dexerguei, deitado á sombra, un non sei qué que rebulía: era un adolescente mociño, de maxestuosa beleza que case me forzou á adoración. Ergueuse para mo impedir e exclamou ben forte:

-Non te debes humillar perante de min senón perante Deus!

-Estades a ver -respondinlle eu- unha persoa abraida por tantos milagres que non sei por cal comezar a miña admiración. Porque, en primeiro lugar, ao vir dun mundo que sen dúbida vós tomades aquí por unha lúa, eu pensaba ter abordado outro que os do meu país tamén chaman a lúa, e velaí que me encontro no Paraíso aos pés dun deus que non quere ser adorado e dun estranxeiro que fala a miña lingua.

- Exceptuada a calidade de deus -replicoume- o que vós dicides é certo. Esta terra é a lúa que vós vedes dende o voso globo e este lugar polo que camiñades o Paraíso, mais é o Paraíso Terrestre no que endexamaís entraron senón seis persoas: Adán, Eva, Enoc, eu que son o vello Elías, san Xoán Evanxelista e mais vós. Ben sabedes como os dous primeiros foron expulsados del, mais non sabedes como chegaron ao voso mundo.

Sabede, logo, que despois de teren os dous catado a mazá prohibida, Adán, temendo que Deus, irritado pola súa presenza, acrecentase o seu castigo, considerou a lúa, a vosa terra, como o único refuxio onde podía acubillarse da persecución do seu Creador. Ora ben, naquel tempo a imaxinación do home era tan forte, por non ter sido aínda corrompida polo abandallamento nin pola crueza dos alimentos nin pola alteración das enfermidades, que ao se ver daquela incitado polo violento degoro de abordar este asilo e ao se ter tornado lixeira a súa masa polo lume dese entusiasmo, foi levantado do mesmo xeito que se viu a algúns filósofos, coa súa imaxinación fortemente tendida cara a algo, seren levantados no aire por enlevos que vós chamades extáticos. Eva, que a debilidade do seu sexo volvía máis feble e menos quente, non tería sen dúbida o maxín de abondo vigoroso para vencer pola contención da súa vontade o peso da materia, mais como había moi pouco que fora tirada do corpo de seu marido, a simpatía que esta metade conservaba aínda tocante ao seu todo levouna cara a el a medida de que subía, igual que o ámbar se fai seguir pola palla e o imán se vira á septentrión da que foi arrancado. E Adán atraeu a obra da súa costela igual que o mar atrae os ríos que saíron del. Chegados que foron á vosa terra, habituáronse entre a Mesopotamia e a Arabia; os hebreos coñecérono polo nome de Adán e os idólatras polo de Prometeo, ao que os seus poetas atribuíron ter roubado o lume do ceo, a causa dos seus descendentes, que el enxendrou provistos dunha alma tan perfecta como aquela con que Deus o colmara.

Así, para vivir no voso mundo, o primeiro home deixou este deserto, mais o Infinitamente Sabio non quixo que unha morada tan feliz ficase sen habitantes e permitiu poucos séculos despois que Enoc, aborrecido da compañía dos homes, dos que a inocencia estaba a se corromper, tivese arelas de os abandonar. Mais ese santo personaxe non xulgou seguro ningún retiro contra a ambición dos seus parentes -que andaban xa a se esganar polo reparto do voso mundo- senón a terra benaventurada da que en tempos tanto lle tiña falado Adán, seu devanceiro. Orabén: como ir alá,

pois que aínda non estaba inventada a escala de Xacob ? A graza do Altísimo supliu facendo que Enoc se decatase de que o lume do ceo baixaba sobre dos holocaustos dos xustos, e daqueles que eran agradabeis diante da face do Señor, segundo a fala da súa boca : « O recendo dos sacrificios do xusto subiu ata min ».

Un día no que esta chama divina se enfurecía consumindo unha vítima que ofrecía ao Ser Eterno, co vapor que se exhalaba encheu Enoch dous grandes potes que selou herméticamente e pendurounos das sovaqueiras. Decontado o fume, ao tender a se elevar dereitiño cara a Deus e non poder senón por milagre penetrar o metal, puxou os potes cara arriba, e dese xeito levaron con eles aquel santo home. Des que el deu subido á lúa e dexergado este fermoso xardín, un arreguizo de ledicia case sobrenatural fíxolle saber que era o Paraíso Terrestre no que o seu avó morara en tempos. Desatou axiña as vasillas que cinguiña de arredor dos seus ombros como se fosen ás, e fíxoo con tanta sorte que apenas estaba no aire a catro varas por riba da lúa cando se despediu das súas aletas. Con todo, a elevación era grande de abondo para ferilo moito, de non ser pola ampla copa do seu manto na que o vento se arremuiñou, e mais polo ardor do lume da caridade que tamén termou del. As vasillas seguiron a subir ata que Deus as encaixou no ceo, e son as que hoxe chamades as Balanzas⁵, que se nos amosan a cotío aínda cheas dos recendos do sacrificio dun xusto polas influencias favorabeis que exercen no horóscopo de Luís o Xusto⁶, que as tivo como ascendente.

E mais aínda non estaba neste xardín, non chegou a el senón algún tempo despois. Foi cando rebordou o diluvio, porque as augas nas que o voso mundo se mergullou subiron a unha altura tan prodixiosa que a arca vogaba polos ceos á beira da lúa. Os humanos dexergaron ese globo pola fiestra, mais, ao enfeblecer o reflexo deste gran corpo opaco debido á proximidade deles que repartía a luz, cada quen creu que era un recuncho da terra que non fora afogado. Só unha filla de Noé chamada Acab, que -se cadra por se dar conta de que consonte o navío subía eles se ían achegando a este astro- mantivo, firme como un penedo, que seguramente era a lúa. Por moito que lle espuxeron que ao botaren a sonda só atopara quince cóbados de auga, ela respondía que daquela o ferro batera co lombo dunha balea que eles tomaran pola terra, e que, canto a ela, estaba ben certa de que era a lúa en persoa a que ían abordar. Finalmente, como cada un opina en prol do seu semellante, as outras mulleres todas convencéronse enseguidiña. Velaí pois que, malia a prohibición dos homes, elas botan a barca ao mar. Acab era a máis ousada e coa mesma quixo ser a primeira en probar o perigo. Lánzase alegremente dentro e todas as do seu sexo íanse xuntar a ela, de non ser por unha vaga que separou a barca do navío. Por moito que berraron por ela, que lle chamaron cen veces aluada, e exclamaron que ela había ser a causa de que un día se reprochase ás mulleres teren un cuarto de lúa na cabeza, Acab bulrouse deles.

Velaí a vai vogando fóra do mundo. Os animais seguiron o seu exemplo, pois os máis dos paxaros que se sentiron con forza nas ás para se arriscaren á viaxe, impacientes pola primeira prisión coa que terían detido a súa liberdade, botaron ata alá. Mesmo algúns cuadrúpedos, os máis valentes, puxéronse a nadar. Saíran perto de mil antes de que os fillos de Noé desen pechado as cortes que a multitude dos

⁵ Constelación e símbolo do Zodiaco tamén chamada Libra.

⁶ Luís XIII de Francia, rei entre 1610 e 1643.

animais que escapaba mantiñan abertas. Os máis deles abordaron ese novo mundo. Canto á barca, foi bater contra unha suave encostiña onde a xenerosa Acab baixou e, leda por ter recoñecido que aquela terra era efectivamente a lúa, non quixo embarcar de novo para se reunir cos seus irmáns.

Afíxose algún tempo a unha cova, e cando un día paseaba sopesando se debía estar amuada por ter perdido a compañía dos seus ou ben contenta por esa causa, albiscou un home que andaba á apaña da landra. A ledicia de tal encontro fíxoa voar a dar apertas, e ela recibíunas reciprocamente, porque aínda había moito máis tempo que o velliño non vira unha face humana. Era Enoc o Xusto. Viviron xuntos, e sen que a natureza impía dos seus fillos e o orgullo da súa muller os obrigasen a se afastar nos bosques terían rematado xuntos de fiar os seus días con toda a dozura coa que Deus abenzoa o casamento dos xustos.

Alá, decotío, nos retiros máis inhóspitos desas espantosas soidades, o bo do velliño ofrecíalle a Deus, con espírito depurado, o seu corazón en holocausto, cando da árbore da Ciencia –que ben sabedes está nese xardín– un froito caído no río que corre á beira dela foi levado á mercede das augas, fóra do Paraíso, a un lugar no que o pobre de Enoc, para sustentar a súa vida, ía pescar peixes. O fermoso froito caíu na rede e el comeuno. Decontadiño soubo onde estaba o Paraíso Terrestre e, mediante segredos que vós non dariades concebido se non comerades coma el o froito da ciencia, veu vivir a el.

Cómpre que vos conte agora de que xeito viñen eu aquí. Non esqueceste, penso, que o meu nome é Elías, pois díxenvolo hai pouquiño. Saberedes entón que eu estaba no voso mundo e moraba con Eliseo, un hebreo coma min, á beira do Xordán, onde vivía entre libros unha vida suave abondo como para non chorala aínda que se fose consumindo. Con todo, canto máis medraban as luces do meu espírito, máis medraba tamén o coñecemento das que eu non tiña. Endexamais os nosos sacerdotes me rememoraban Adán sen que a memoria desa filosofía perfecta me fixese suspirar. Deseperaba xa de poder adquirila, cando un día, despois de ter feito sacrificios para espiar as feblezas do meu ser mortal, adormecín e o anxo do Señor aparecéuseme no soño. Tan axiña como acordei, non faltei de traballar nas cousas que me prescribira. Collín aproximadamente dous pés cadrados de imán, púxeno no forno, e despois, ao que estivo ben purgado, precipitado e disolto, tirei del todo o seu atractivo, calcinei o seu elixir todo e reducino a un anaco do grosor aproximado dunha pelota medianeira.

Despois destes preparos, mandei construír un carro de ferro moi lixeiriño, e de alá a uns meses, rematados xa os meus trebellos todos, metínme no carriño que planeara. Habédesme preguntar posibelmente por que tanto aparato. Sabede que o anxo me dixera no soño que, se eu quería adquirir unha ciencia perfecta como degoraba, debía subir ao mundo da lúa, onde había atopar no Paraíso de Adán a Árbore da Ciencia, pois tan axiña como tivese catado o seu froito a miña alma veríase iluminada por todas as verdades que unha criatura é quen de acoller. Velaí, daquela, a viaxe para a que eu construíra o meu carro. Subín, logo, dentro del e cando estiven ben firme e ben seguro no asento lancei moi alto no aire esta bola de imán. Entón, a máquina de ferro, que eu fabricara expresamente con maior masa no medio que nos extremos, foi levantada decontado e nun perfecto equilibrio, polo motivo de

que puxaba sempre cada vez máis rápido por aquel lugar. Así, logo, a medida que eu chegaba ao sitio onde o imán me atraera, e des que tiña eu saltado ata alá, a miña man botábao de novo.

-Mais –interrompino eu- como é que dabades lanzado tan dereitiña a vosa pelota por riba do carreto sen que nunca fose cara ao lado ?

-Non vexo maravilla ningunha en que acontecese iso –díxome el- porque o imán, apuxado no aire, atraía o ferro dereitiño a el, e por conseguinte, era imposíbel que subise nunca de lado. Heivos confesar que, mantendo a miña bola na man, non deixaba de subir, porque o carro seguía a correr cara ao imán, que eu mantiña por riba del ; mais a puxavantada deste ferro para bicar a miña bola era tan vigorosa que me facía pregar o corpo en catro dobros, de xeito que non ousei tentar senón unha vez esa nova experiencia. De certo que era un espectáculo ben asombroso de ver, porque o coidado co que polira o aceiro daquela casa voadora facía reflectir por todos os lados a luz do sol tan viva e tan aguda que eu mesmo me cría levado nun carro de lume. Finalmente, despois de moita carreira e moito pulo a voar seguindo o meu lanzamento, cheguei, como vos pasou a vós, a un momento no que caía cara a este mundo, e como nese instante levaba a miña bola ben apreixada nas mans, o meu carreto –do que o asento me apertaba para se achegar ao seu atractivo- non me abandonou. Todo o que podía temer era partir o pescozo, mais, para protexerme diso, volví a lanzar a bola de cando en cando, co fin de que a miña máquina, ao se sentir atraída naturalmente de novo, acougase e rompese así a forza da miña caída. Logo, finalmente, cando me vin a dúas ou trescentas varas perto do chan, lancei a miña pelota para todos os lados a rentiño do carro, quer para acá quer para acolá, ata que os meus ollos descubrisen o chan. Non tardei moitiño en a botar por riba del e –ao seguila a miña máquina- deixei caer cando vin que estaba perto de se esfachar contra a area, porque daquela boteina só un pé por riba da miña testa, e ese lanzamento pequeniño apagou de a feito a rixeza que lle imprimira a precipitación, de xeito que a miña caída non foi máis violenta que se caíse da miña altura.

Non vos vou expór o asombro que me produciu o encontro das maravillas que se atopan aquí dentro, porque foi case igual ao abraio que acabo de ver en vós. Habedes saber somente que dende o día seguinte atopei a Árbore da Vida, por medio da cal evitei envellecer. Ela consumiu axiña a serpe e fíxoa volatilizarse en fume.

A estas falas, díxenlle eu:

-Venerábel e sagrado patriarca, gustaríame ben saber o que queredes dicir con que a serpe se consumiu.

El, coa faciana riseira, respondeume así:

-Esquecíame, meu fillo, descubrirvos un segredo que non podedes coñecer. Saberedes, daquela, que despois de que Eva e o seu marido comeron da mazán prohibida, Deus, para castigar a serpe que os tentara, relegouna no corpo do home. Non naceu dende entón criatura humana que, en castigo polo crime do seu primeiro pai non alimente unha serpe no seu ventre, saída desa primeira. Vós chamádeslle as tripas e considerádelas necesarias para as funcións da vida, mais sabede que non son

outra cousa senón serpes pregadas sobre delas mesmas en varias dobras. Cando ouvides berrar as vosas entrañas é a serpe que asubía e que, seguindo aquel natural larpán co que en tempos incitou o primeiro home a comer de máis, está tamén a pedir de comer, porque Deus, que para vos punir quería facervos mortal como os outros animais, fíxovos acosar por esa insaciábel a fin de que se lle dabades de comer de máis afogásedes ou se, cando cos dentes invisíbeis con que esa esfameada traba no voso estómago lle refugásedes a pitanza, ela berrase, atroase e trousase ese veneno que os vosos doutores chaman a bile, e vos abrasase tanto, coa pezoña que insufla nas vosas arterias, que axiña vos vísedes consumido por ela. En fin, para vos amosar que as vosas tripas son unha serpe que tedes no corpo, lembrádevos de que nas tumbas de Esculapio, de Escipión, de Alexandre, de Carlos Martel e de Eduardo de Inglaterra foron atopadas serpes que se alimentaban aínda dos cadáveres dos seus hospedadores.

-En efecto –díxenlle interrompéndoo- teño reparado en que, como esa serpe tenta sempre fuxir do corpo do home, vese a súa cabeza e o seu pescozo saír por embaixo dos nosos ventres. Mais tamén Deus non permitiu que só o home fose atormentado por ela e quixo que se endereitara ante a muller para lle lanzar o seu veneno e que o inchazo durase nove meses despois de a ter picado. E para vos amosar que eu falo seguindo a palabra do Señor, tedes que el lle dixo á serpe, para maldicila, que en van había facer caír a muller pódose tesa contra ela, pois finalmente a muller habíalle facer baixar a cabeza.

Eu quería seguir con esas andrómenas, mais Elías impediumo.

-Reparade en que este lugar é santo.

Calou despois un tempinho, como para se rememorar o lugar no que ficara, e despois tomou a palabra así:

-Eu non cato o froito de vida senón de cen en cen anos. O seu zume ten, para o gusto, unha pequena relación co espírito do viño. Foi, creo eu, esta mazá que Adán comera a causa de que os nosos primeiros pais vivisen tan longamente porque escorrera pola súa semente unha pouca da enerxía dela, ata que se apagou nas augas do diluvio.

A Árbore da Ciencia está plantada mesmo enfronte. O seu froito está cuberto por unha codia que produce ignorancia en calquera que a probou e que conserva baixo o espesor desa pelica as espirituais virtudes deste docto manxar. Deus, no antigo, despois de ter expulsado Adán desta terra benaventurada, por medo a que atopase de novo o camiño, fregoulle as xenxivas con esta codia: dende ese momento, andivo máis de quince anos a treslear, e esqueceu tanto as cousas todas que nin el nin os seus descendentes ata Moisés se lembraron mesmo da Creación. Mais os restos da virtude desa pesada codia acabaron de se disipar pola calor e a clareza do xenio deste gran profeta. Por sorte dirixinme a unha das mazáns que a maduración despois da súa pel, e apenas a miña saliva a dera mollado cando xa a filosofía universal me absorbeu. Semelloume que un número infinito de olliños se prolongaron na miña testa e souben o medio de lle falar ao Señor. Cando dende aquela teño matinado neste milagreiro enlevo, maxinei que non podería ter vencido, coas virtudes

ocultas dun sinxelo corpo natural, a vixiancia do serafín ao que Deus ordenou a garda dese Paraíso; mais, como lle comprace servirse de causas secundarias, coidei que me inspirara ese medio de entrar alá, igual que el quixo servirse das costelas de Adán para lle facer unha muller aínda que puido formala da terra tan ben como o formara a el.

Permanecín moito tempo neste xardín a pasear sen compañía. Mais, ao cabo, como o anxo porteiro do lugar era o meu hospedador principal, tiven desexo de o saudar. Unha hora de camiño rematou a miña viaxe, pois decorrido ese tempo cheguei a unha bisbarra na que mil lóstregos, confundíndose nun, formaban un día cegador que só servía para facer visíbel a escuridade. Aínda ben non me recuperara desa aventura cando dexerguei diante miña un fermoso adolescente que me dixo:

“-Son o arcanxo que estás a procurar. Acabo de ler en Deus que el te suxerira a maneira de vires aquí e que quería que ti atendeses a súa vontade.”

Faloume de varias cousas e díxome, entre outras, que esa luz que semellara amedoñarme non era nada extraordinario pois acendíase case todos os seráns cando el facía a ronda porque, para evitar as sorpresas dos meigos que entran por todas as partes sen seren vistos, víase obrigado a brandir coas dúas mans a súa espada flamexante de arredor do Paraíso Terrestre, e que esa luzada eran os lóstregos que enxendraba o seu aceiro.

“-Os que vós albiscades dende o voso mundo –engadíu- son producidos por min. Se por veces os observades ben lonxe é pola razón de que as nubes dun clima afastado, ao se atoparen dispostas a recibir esa impresión, fan bater de volta ata vós esas lixeiras imaxes de lume igual que outro vapor diferentemente situado forma o arco da vella. Non vos hei instruír máis, pois que a mazá da ciencia non se atopa lonxe de aquí. Tan axiña como teñades comido dela habedes ser docto coma min. Mais sobre de todo, gardádevos dun erro: os máis dos froitos que penden dese vexetal estan rodeados dunha codia, e se a catades habedes descender por embaixo do home, entrementres que o interior farávos subir tan alto como o anxo.”

Estaba Elías nese punto das instrucións que lle dera o serafín cando se xuntou a nós un homiño.

-É o tal Enoc do que vos falei –díxome baixiño o meu condutor.

Cando estaba rematando esas palabras, Enoc presentounos un queipo cheo de non sei que froitos semellantes ás granadas que acababa de descubrir no propio día nun bosquiño recuado. Por orde de Elías gardei algunhas nos petos, cando aquel preguntou quen eu era:

-É unha aventura que quere máis longa conversa – replicou o meu guía- Polo serán, cando nos retiremos, el mesmo havos contar as milagreiras particularidades da súa viaxe.

Rematando isto, chegamos baixo dunha especie de ermida feita con ramallos de palmeira enxeñosamente trenzados con mirtos e laranxeiras. Vin alá,

nun recuncho, unhas moreas dunha caste de filosela⁷ tan branquiña e tan fina que podía pasar pola alma da neve. Vin tamén rocas de pau espaxadas por acá e por acolá. Pregunteille ao meu condutor para que servían.

-Para fiar -respondeume- Cando o bó de Enoc quere distenderse da meditación, ora prepara a fiza, ora torce o fío ou tece a tea que serve para lles cortar camisas ás once mil virxes. É imposíbel que non teñades atopado no voso mundo un aruxiño branco que anda a revoar polo outono no tempo da sementeira. Os paisanos chámanlle “algodón de Nosa Señora” e é a borra coa que Enoc purga o seu liño cando o carda.

Pouco paramos sen nos despedir de Enoc, que tiña a súa cela nesta cabana, e o que nos obrigou a deixalo tan axiña foi que de seis en seis horas fai el rezos e había ben ese tempo que acabara os anteriores.

Supliqueille polo camiño a Elías que nos acabase a historia das asuncións que me encetara e díxenlle que ficara, parecíame, na de san Xoán o Evanxalista.

-Entón -dixome- pois que non tedes paciencia para agardar que a mazá do saber vos ensine mellor do que eu todas esas cousas, estou de acordo en volas aprender. Sabede, daquela que Deus...

A estas fala, non sei como, mesturouse o demo, tanto que non dei impedido que interrompese para facer bulra:

-Lémbrome! -díxenlle- Deus foi un día informado de que a alma deste evanxalista estaba tan solta que só a daba retido a poder de apertar os dentes. E mais chegara a hora que tiña prevista para facelo elevar aquí, de xeito que, ao non ter tempo para lle preparar unha máquina, viuse obrigado de facelo nun pulo, sen ter vagar para que fixese a viaxe.

Elias, durante todo este discurso, fitábame cuns ollos capaces de me matar, se eu estivese en estado de morrer por outra causa que a fame.

-Abominábel! -dixo recuando- Tes o atrevemento de te bulrares das cousas santas! Cando menos non había ser impunemente se o Infinitamente Sabio non quixese deixarte para as nacións como exemplo famoso da súa misericordia! Vaite, impío, fóra de aquí! Vai publicar neste mundiño e mais no outro, pois que estás predestinado a regresar a el, a xenreira irreconciliábel que Deus lle ten aos ateos!

Apenas deu acabado esa imprecación agarroume e levoume de malas maneiras cara á porta. Ao que chegamos cabo dunha gran árbore con pólas cubertas de froitos que cambaban casamente ata o chan, díxome:

-Velaí a Árbore do Saber no que ti terías zogado luces inconcebíbeis sen a túa irrelixión.

⁷ Borra ou fiza da seda.

Inda ben non rematara el estas palabras cando, finxindo esmorecer coa deblez, eu deixei caer contra dunha póla, da que roubei habilmente unha mazá. Faltaban aínda varias alancadas para botar o pé fóra deste parque delicioso; con todo, a fame premía con tanta violencia que me fixo esquecer que estaba nas mans dun profeta encarraxado. Isto fixo que collese unha das mazás que engrosaban o meu peto e finquei nela os dentes. Mais, en lugar de coller unha das que Enoc me dera como presente, a miña man bateu coa mazá que pillara na Árbore da Ciencia e que, por desgraza, non depelicara.

Apenas a tiña catado, unha espesa noite caíu riba da miña alma. Xa non vin a miña mazá nin Elías rente de min, e os meus ollos non recoñeceron en todo o hemisferio unha soa pegada do Paraíso Terrestre. E con todo iso, non deixaba de me lembrar de todo o que me acontecera. Cando despois reflexionei sobre este milagre, imaxinei que esa codia non me embrutecera de a feito pola razón de que os meus dentes a atravesaron e recibiron un pouco do zume do interior, e que a enerxía deste disipara as malignidades da pelica.

Quedei moi sorprendido de me ver totalmente só no medio dunha bisbarra que non coñecía en absoluto. Por máis que paseara os meus ollos e os botase pola campía, ningunha criatura se ofrecía para lles dar consolo. Finalmente resolvín camiñar ata que a Fortuna me fixese atopar a compañía dalgún animal ou da morte.

Concedume o que desexaba, pois ao cabo de medio cuarto de legua atopei dous animais moi grandes, dos que un parou diante miña e o outro fuxiu lixeiro para a súa cova, polo menos iso foi o que eu pensei pois de alá a pouco vino regresar acompañado por máis de sete ou oitocentos da mesma especie, que me rodearon. Cando puiden dexergalos de perto, comprobei que tiñan as proporcións, a figura e a face coma nós. Esta aventura fíxome lembrar do que algún tempo sentira contar á miña ama tocante ás sereas, os faunos e os sátiros. De cando en cando lanzaban apupos tan furiosos, causados sen dúbida pola admiración de me verem, que eu coidaba case terme virado un monstro.

Un deses animais-homes, tras pillarme polo pescozo, do mesmo xeito que os lobos cando raptan unha ovella, botoume enriba do seu lombo e levoume para a súa cidade. Asombreime moito, cando recoñecín que efectivamente eran homes, de non encontrar ningún deles que non camiñase a catro patas.

Ao que este pobo me viu pasar, en véndome tan pequeno (porque os máis deles teñen doce cóbados de lonxitude) e o meu corpo sostido só por dúas patas, non deron crido que eu fose un home porque eles mantiñan que, ao lles dar a natureza tanto aos homes como aos animais dous brazos e dúas pernas, aqueles debían servirse de igual xeito. E en efecto, matinando dende entón neste asunto, cavilei en que esta posición corporal non era moi extravagante ao lembrar que os nosos meniños, cando só teñen aínda a instrución da Natureza, camiñan a catro pés, e só se erguen sobre dous polo coidado das súas amas, que os poñen dereitos dentro duns carriños e lles atan barazas para lles impediren de ir sobre dos catro como a única posición na que a figura da nosa masa inclina a se pousar outra vez.

Dician eles, logo –polo que dende entón me fixen explicar- que eu era infalibelmente a femia do bichiño da raíña.

Así fun –en calidade de tal ou doutra cousa- levado dereitiño á casa do concello, onde reparei en que, segundo o zunido e as posturas adoptadas polo pobo e mais os maxistrados, estaban a consultar xuntos o que eu podía ser. Cando levaban debatido moito tempo, certo burgués que gardaba animais raros, pediulles aos munícipes que me prestasen a el, na agarda de que a raíña me mandase buscar para vivir co meu macho.

Non puxeron dificultade ningunha. Ese saltanocribo levoume á súa morada e aprendeume a pintar o mono, a dar pinchecarneiros e a poñer carantoñas; e polas tardes amosábame por diñeiro diante da súa porta .

Finalmente o ceo, amolecido polas miñas dores e anoxado por ver profanar o templo do seu señor, quixo que un día, cando estaba atado ao cabo dunha corda coa que o charlatán me facía saltar para divertir os pasmóns, un dos que estaban a me mirar, despois de me ter observado moi atentamente, me preguntase en grego quen era eu. Asombroume moito ouvir falar alá igual que no noso mundo. Fíxome moitas preguntas e respondinlle e conteille a seguir detalladamente toda a empresa e o resultado da miña viaxe. Consoloume e lémbrome que me dixo:

-Escoitade, meu fillo, ao final cangades coa pena das feblezas do voso mundo. Hai xente vulgar, aquí tanto como alá, que non dá aturado o pensamento das cousas ás que non está afeito. Mais sabede que unicamente vos tratan á recíproca, e que se algún desta terra tivese subido á vosa co atrevemento de se chamar home, os vosos doutores habíano facer afogar como un monstro ou como un simio posuído polo Demo.

Prometeume a seguido que avisaría da miña desgraza o pazo real. Engadiu que tan axiña como me albiscara, o corazón lle dixera que era un home, porque algún día el viaxara ao mundo do que eu viña, que o meu país era a Lúa, eu era da Galia e el morara na Grecia e lle chamaban o dáimon⁸ de Sócrates; que despois da morte deste filósofo tutorara e instruía Epaminondas en Tebas, e a seguir, tras ter pasado entre os romanos, a xustiza vencelláralo ao partido de Catón o novo, e que logo do pasamento deste entregárase a Bruto, e que, ao non teren deixado todos estes personaxes no seu lugar no mundo máis que a imaxe da súa virtude, el retirárase cos seus compañeiros quer nos templos quer na soidade.

-Finalmente –engadiu- o pobo da vosa terra tornouse tan estúpido e tan groseiro que os meus compañeiros e mais eu perdimos todo o pracer que tomáramos algún día en instruílo. Non é que non teñades escoitado falar de nós: chamábannos oráculos, ninfas, xenios, fadas, deuses lares, lémbures, larvas, lamias, trasnos, náíades, incubos, sombras, manes, espectros, fantasmas. E abandonamos o voso mundo baixo o réxime de Augusto, un pouco despois de me eu aparecer a Druso, fillo de Livia, que

⁸ O dáimon (ou *demonio*) é unha especie de xenio familiar, ser ou espírito, que en moitas culturas intervén a prol das persoas. Non ten a indisolúbel carga negativa que ten o *demo*, *demonio* ou *diaño* no cristianismo. Sócrates di que o seu dáimon, por medio dunha voz interior, lle aconsellaba o que facer en determinados momentos de dificultade ou de perigo.

levaba a guerra á Alemania e a quen lle prohibín pasar alén. Non hai moito que regresei de onde vós por segunda vez; despois de cen anos aquí, recibín a encomenda de viaxar alá; dei moitas voltas por Europa e conversei con persoas que posibelmente vós coñecestes. Un día aparecínlle, entre outros a Cardano⁹ cando estaba a estudar; aprendínlle cantidade de cousas e, en recompensa, prometeume que había deixar testemuño á posteridade tocante a quen lle transmitira a el os milagres que agardaba escribir. Vin a Agrippa¹⁰, o abade Tritemio¹¹, o doutor Fausto¹², La Brosse¹³, César¹⁴, e certa cábala de mozos que o vulgo coñeceu baixo o nome de cabaleiros da Rosacruz, aos que lles ensinei numerosas habilidades e segredos naturais que sen dúbida os terán feito pasar entre o pobo por grandes meigos. Coñecín tamén a Campanella¹⁵, fun eu quen o avisei, en canto que estaba na Inquisición en Roma, de conformar a súa face e o seu corpo coas carantoñas e as posturas ordinarias daqueles dos que precisaba coñecer o interior, a fin de suscitar nel propio, mediante unha mesma actitude, os pensamentos que ese mesmo estado provocara nos seus adversarios, porque así trataría mellor a alma deles cando a coñecese. Comezou, ao llo eu rogar, un libro que nomeamos De sensu rerum. Frecuentei igualmente, na Francia, a La Mothe Le Vayer¹⁶ e Gassendi¹⁷: o segundo é un home que escribe tanta filosofía como o primeiro a vive. Tamén coñecín cantidade doutra xente que o voso século trata de divinos, mais só atopei neles moita pibela e moito arruallo.

Ao final, cando estaba a cruzar do voso país a Inglaterra para estudar os costumes dos seus habitantes, atopei un home vergoña do seu país. Porque de certo é unha vergoña para os grandes do voso estado recoñecer nel, sen a adorar, a virtude que o ten como trono. Para abreviar o seu panexírico: el é todo enxeño, todo corazón, e se atribuírlle a alguén ambas as dúas cualidades (das que unha antigamente abondaría para sinalar un heroe) non fose equivalente a dicir Tristán L'Hermite,¹⁸ tería eu evitado nomealo, porque estou seguro de que non me ha perdoar este erro; mais como non agardo regresar endexamais ao voso mundo, quero darlle á verdade ese testemuño da miña conciencia. Verdadeiramente, cómpre que vos confese que cando vin unha virtude tan alta temín que non fose recoñecida. Por ese motivo tratei de lle facer aceptar tres canequiños: o primeiro estaba cheo de aceite de talco, o outro de pó de proxección e o derradeiro de ouro potábel, é dicir

⁹ Ver nota 2.

¹⁰ Heinrich Cornelius Agrippa ou Agrippa de Nettesheim (1486-1535), médico, filósofo e científico, é unha das máis grandes figuras intelectuais do seu tempo e das máis coñecidas do esoterismo.

¹¹ Johannes Trithemius (1462-1516) frade, teólogo e científico alemán, figura do ocultismo.

¹² Personaxe a cabalo entre a lenda e a realidade, o doutor Fausto, meigo perigoso, será o protagonista de relatos e obras teatrais como a célebre traxedia de Goethe.

¹³ Pode tratarse de Guy La Brosse, médico do rei Luís XIII de Francia e contemporáneo de Cyrano, ou ben do tío ou o avó daquel, astrólogos os dous.

¹⁴ Probabelmente, o célebre astrólogo Michel de Nostradamus (1503-1566) ou un seu fillo chamado César.

¹⁵ Frade, filósofo e teólogo italiano (1568-1639) autor da obra *A cidade do sol*, na que presenta un Estado teocrático utópico. Perseguido e encarcerado pola súa heterodoxia e atracción pola maxia, Campanella –que defendeu a Galileo- ten un gran protagonismo na seguinte obra de Cyrano *Os Estados e Imperios do Sol*.

¹⁶ Filósofo escéptico e libertino francés (1588-1672).

¹⁷ Pierre Gassendi (1592-1655), filósofo, matemático, astrónomo e teólogo francés.

¹⁸ Poeta e dramaturgo francés (1601-1655).

dese sal vexetativo do que os vosos químicos prometen a eternidade¹⁹. Pero el rexeitounas cun desdén máis xeneroso que o de Dióxenes cando recibiu os cumprimentos de Alexandre, ao vir este visitalo ao seu tonel. En fin, non podo engadir cousa ningunha á gabanza deste gran home, senón que é o único poeta, o único filósofo e o único home libre que vós tedes. Velaí as persoas dignas de consideración coas que conversei. As outras todas, polo menos as que eu coñecía, encóntranse tan por baixo do home, que teño visto animais estaren algo máis por riba.

Polo demais, eu non son orixinario da vosa terra nin desta: nacín no sol. Mais, como ás veces o noso mundo se atopa poboado de máis por causa da longa vida dos seus habitantes, e como está case que exento de guerras e de enfermidades, de cando en cando os nosos maxistrados envían colonias aos mundos do arredor. Canto a min, ordenáronme que fose ao da Terra e declaráronme xefe dos nativos que enviaban comigo. Pasei despois a estoutro, polas razóns que vos dixeron, e o que fai que permaneza nel sen me mover é que os homes aquí aman a verdade, que non hai pedantes, que os filósofos só se deixan convencer pola razón e que nin a autoridade dun sabio nin o feito de ter o apoio da maioría se impón sobre a opinión dun xornaleiro do campo se o xornaleiro razoa tan agudamente. En suma, neste país unicamente son considerados como carentes de siso os sofistas e os discursadores.

Pregunteille canto tempo vivían e respondeume:

-Tres ou catro mil anos.

E continuou desta sorte:

-Para me facer visíbel, como son arestora, cando sinto case gastado o cadáver que conformo ou que os órganos non exercen xa as súas funcións de xeito moi satisfactorio, insúflome nun corpo novo recién morto.

Aínda que os habitantes do sol non sexan tan numerosos como os deste mundo, con todo, o sol referve deles a miúdo pola razón de que o pobo, ao ter un temperamento moi quente, é rebulinte, ambicioso e dixire moito.

O que vos digo non vos debe semellar sorprendente porque, aínda que o noso globo sexa moi vasto e o voso pequeno, aínda que nós non morramos senón despois de catro mil anos e vós despois de medio século, sabede que de todos os xeitos non hai tantos pelouros como terra, nin tantas plantas como pelouros, nin tantos insectos como plantas, nin tantos animais como insectos, nin tantos homes como animais, e que así non debe haber tantos dáimons como homes, por causa das dificultades que se encontran para a xeración dun composto tan perfecto.

Pregunteille se eran corpos coma nós. E respondeume que si, que eran corpos, mais non coma nós nin como cousa ningunha que consideráramos tal, porque nós só lle chamamos vulgarmente *corpo* a aquilo que pode ser tocado, que polo resto non había nada na natureza que non fose material, e que, aínda que o fosen eles mesmos, víanse obrigados, cando querían facérsenos visíbeis, a tomar

¹⁹ Todas tres son substancias alquímicas que transmutaban os metais en ouro ou que producían a eterna mocidade.

corpos proporcionados ao que os nosos sentidos son capaces de coñecer. Asegureille que o que fixera pensar a moita xente que as historias que se contaban deles so eran efecto do maxín dos febles, procedía de só apareceren de noite. Replicoume que, como se vían obrigados a construír eles propios ás carreiras os corpos que precisaban utilizar, a miúdo só tiñan tempo de os facer axeitados para bater cun sentido: quer o ouvido, como as voces e os oráculos, quer a vista, como a fuxeira²⁰ e os espectros, quer o tacto, como os incubos e os pesadelos²¹, e que ao ser aquela masa unicamente un aire expandido de tal ou cal maneira, a luz, coa súa calor, destruíaos igual que se ve que disipa unha brétema dilatándoa.

Tantas cousas belidas que me relataba déronme a curiosidade de lle facer preguntas sobre a súa nacencia e a súa morte, se no país do sol o individuo viña á luz por vía da xeración e se morría pola desorde do seu temperamento ou a rotura dos seus órganos.

-Hai moi pouquiña relación -dixo- entre os vosos sentidos e a explicación destes misterios. Vosoutros, imaxinades que o que non dariades comprendido é espiritual ou ben non existe; a conclusión é moi falsa mais está testificado que hai no universo un millón de cousas, se cadra, que para seren coñecidas precisarían en vós un millón de órganos totalmente diferentes. Eu, por exemplo, concibo cos meus sentidos a causa da simpatía do imán cara o polo, a do refluxo do mar, o que lle acontece ao animal despois da morte. Vosoutros non dariades chegado a estas altas concepcións polo motivo de que vos faltan as proporcións para estes milagres, igual que un cego de nacencia tampouco non daría imaxinado o que é a beleza dunha paisaxe, o colorido dun cadro, os matices do iris, ou ben hánsele figurar quer como unha cousa palpábel, quer como un manxar, quer como un son, quer como un olor. Do mesmo xeito, se eu quixese relatarvos o que percibo polos sentidos que vos faltan, vós volo representariades como algo que pode ser ouvido, visto, tocado, ulido ou saboreado, e mais non é nada diso.

Estaba el nese momento do seu discurso cando o meu bailanocribo se decatou de que a audiencia comezaba a se anoxar da nosa barballoada, da que non entendían nadiña e tomaban por un roñido non articulado. Púxose con maior entusiasmo a tirar da miña corda para me facer choutar, até que os espectadores, bébedos de rir e de asegurar que eu tiña tanto enxeño como os animais do seu país, se retiraron ás súas casas.

Adozaba eu así a dureza dos maos tratos do meu amo coas visitas que me facía ese atencioso dáimon porque para conversar con outros, alén de que me tomaban por unha besta das máis arraizadas na categoría das brutas, nin eu sabía a lingua deles nin eles entendían a miña, polo que xulgade a relación...

²⁰ Fogos fatuos.

²¹ O *íncubo* era un demo que adoptaba corpo humano para se pór enriba dunha muller cando dormía e abusar sexualmente dela, pois esta non era capaz de acordar. Tamén podía atacar homes, aínda que nese caso o demo adoptaba xeralmente forma de muller e era chamado *súcubo*. O *pesadelo* ten relación con esa crenza e (como o seu nome indica) provoca tamén moitas veces sensación de pesadez, de opresión sobre o peito, terror, angustia e afogo.

Sabede que nese país utilízanse dous idiomas, un serve para os grandes e o outro é propio do pobo.

O dos grandes non é outra cousa senón unha diferenza de tons non articulados, máis ou menos semellantes á nosa música cando non se engadiron as palabras. E de certo é invención dun conxunto ben útil e ben agradábel, porque cando están cansos de falar ou cando refugan prostituír a súa gorxa nesa utilización, collen quer un laúde quer outro instrumento, do que se serven tan ben como da voz para se comunicaren os pensamentos, de xeito que por veces encóntranse ate quince ou vinte en compañía tratando un punto de teoloxía ou as dificultades dun proceso a través do concerto máis harmonioso que poida agarimar a orela.

O segundo, que utiliza o pobo, execútase a través do abaneo dos membros, mais non se cadra como un se figura, pois certas partes do corpo significan un discurso enteiriño. Por exemplo, a axitación dun dedo, dunha man, dunha orela, dun beizo, dun brazo ou dunha meixela, fará cada unha en particular unha oración ou un período con todos os seus membros. Outras só serven para designar palabras, como unha engurra na fronte, os diversos tremelos dos músculos, o reviramento das mans, o acaneo dos pés, as contorsións dos brazos, de xeito que cando falan, co costume que colleron de iren todos nús, os seus membros, afeitos a acenar as súas concepcións, rebulen sen paraxe e non semella un home a falar senón un corpo a tremer.

Case todos os días o dáimon víñame visitar e as súas milagreiras conversas facíanme pasar sen coita a violencia da miña catividade. Por fin, unha mañán vin entrar no meu cuarto un home que non coñecía en absoluto, o cal, despois de me lamber moito, colleume coas gorxas amodiño pola axila e, cunha das patas coas que me sostiña por medo a que non me mancasse, botoume enriba do seu lombo, onde me atopei sentado con tanta moleza e comodidade que, malia a aflición que o tratárenme como un animal me facía sentir, non me entrou desexo ningún de fuxir; a maiores, eses homes que camiñan a catro patas van a outra velocidade ben diferente á nosa, pois os máis zoupóns pillan os cervos á carreira.

Con todo, eu sufría a treu por non ter novas do meu gasalleiro dáimon, e o serán do primeiro trafego, ao que cheguei ao tobo, andaba a pasear pola cociña da pousada, agardando que a comida estivese lista cando velaí ven o meu portador, que tiña unha face moi nova e bastante belida, e se pon a rir diante do meu fociño e a botarme ao pescozo os seus dous pés de diante. Despois de eu telo fitado durante un tempinho, díxome en francés:

-O que! Seica non coñeces xa o voso amigo?

Deixo que pensedes como reaccionei. De certo, a miña sorpresa foi tan grande que dende entón imaxinei que todo o globo da lúa, todo o que nel me acontecera e todo o que alí vía, non era senón encantamento. E ese home-animal que me servira de montura seguíu a me falar así:

-Prometéradesme que os servizos que vos fixese non vos habían saír endexamais da memoria.

Eu asegureille que nunca o tiña visto.

Finalmente, díxome:

-Son aquel dáimon de Sócrates que vos distraín durante o tempo da vosa prisión. Partín onte, como vos prometera, para ir avisar o rei da vosa desgraza, e fixen trescentas leguas en dezaoto horas, porque cheguei aquí ao mediodía para vos agardar, mais...

-Mais –interrompino eu- como pode ser que onte vós erades dunha talla extremadamente longa e que hoxe sodes tan corto ? Que onte tiñades unha voz feble e crebada e hoxe tedes unha clara e vigorosa? Que onte, en fin, erades un vello todo canoso e que hoxe non sodes senón un mozo? O que! En canto que no meu país camiñamos da nacencia á morte, os animais deste seica van da morte á nacencia e remocican a poder de envellecer?

-Tan axiña como falei co príncipe –díxome el- despois de recibir a orde de vos traer, sentín o corpo que eu conformaba tan fortemente minguado pola canseira, que todos os órganos rexeitaban as súas funcións. Indaguei o camiño do hospital, fun alá e ao que entrei no primeiro cuarto, atopei un mozo que acababa de dar o derradeiro alento. Achegueime ao corpo e, finxindo ter dexergado nel un pequeno movemento, asegureilles a todos os asistentes que aquel non estaba morto, que nen mesmo tiña unha enfermidade perigosa e, habilmente, sen que me visen, insufleime no seu interior nun sopro. Coa mesma, o meu cadáver vello caíu de costas. Eu, dentro deste mozo, ergúñme; a xente púxose a gritar que se trataba dun milagre e eu, sen falar con ninguén, funme correndiño á casa do voso saltanocribo, onde vos collín.

Teríame seguido contando se non viñesen na nosa procura para nos sentar á mesa. O meu condutor levoume a unha sala magnificamente amoblada mais non vin preparada cousa ningunha para comer. Tan grande soidade de viandas, cando estaba a perecer de fame, obrigoume a lle preguntar onde era que serviran. Non escoitei o que me respondeu, pois tres ou catro mociños, fillos do hospedador, se achegaron a min nese momento e con moita urbanidade despíronme até a camisa. Este xeito novo de cerimonia sorprendeume tanto que nin mesmo ousei preguntarlles a causa aos meus garridos servidores, e non sei como, ao meu guía que preguntou por onde eu quería comezar, fun quen de lle responder estas dúas palabras: “Un potaxe”. Decontadiño cheguei o ulido do máis succulento guisado que endexamais bateu no nariz do mal rico. Quíxenme erguer do meu asento para buscar co naso a fonte dese agradábel recendo, mais o meu portador impediuno.

-Onde queredes ir? –díxome- Logo habemos ir de paseo, mais arestora é tempo de comer. Acabade o voso potaxe e despois faremosvos chegar outra cousa.

-E onde diante está o potaxe ese? –berreille eu con carraxe- Seica fixestes a aposta de vos burlardes de min o día enteiro?

-Pensei que na vila da que vimos²²-replicoume- virades o voso amo ou alguén a comer; por ese motivo non vos informei do xeito de se alimentaren neste país. E pois que aínda o ignorades, sabede que aquí só se vive de fume. A arte da cociña consiste en fechar en grandes vasillas, moldeadas a propósito, a exhalación que sae das viandas, e tras ter recadado vasillas de diferentes tipos e diferentes gustos, segundo a apetencia daqueles aos que lles serven, desféchase a que contén ese recendo, destápase logo outra, e despois outra máis, até que os comensais se sintan fartos de a feito. A menos de que teñades vivido xa deste xeito, endexamais habedes crer que o nariz, sen os dentes nin o gargueiro, faga a vez da súa boca para alimentar os homes, mais vóuvolo facer ver por experiencia.

Aínda ben non acababa el de prometelo cando sentín entrar sucesivamente na sala vapores tan agradabeis e de tanta mantenza, que en menos de cinco minutos sentime fartucadiño de todo. Cando nos erguimos, dixo el:

-Esta non é cousa que vos deba causar moita admiración, pois non podedes ter vivido tanto sen observardes que no voso mundo os cociñeiros e os pasteiros, que comen menos que as persoas doutra dedicación, están malia iso moito máis gordos. De onde é que procede a súa redondez se non é do fumiño das viandas que os rodean de contino e penetran os seus corpos e os manteñen? Tamén as persoas deste mundo gozan dunha saúde ben menos interrompida e máis vigorosa, pola razón de que a mantenza case non enxendra excrementos, que son a orixe de case todas as enfermidades. Sorprendéstevos, posibelmente, cando antes da comida vos desvestiron, porque non se usa ese costume no voso país, mais é o modo deste e utilízase a fin de que o animal estea máis transpirábel ao fume.

-Meu señor –contesteille- hai moita verosimilitude no que dicides, e eu acabo de experimentar algo diso. Mais heivos confesar que, non podendo desbrutalizarme tan prontamente, prestaríame ben sentir un anaco ben palpábel baixo os meus dentes.

Prometeumo, mais, con todo, foi para o día seguinte, pola razón -dicía el- comer tan encima de me ter alimentado había producirme unha indigestión. Departimos aínda algún tempo e logo subimos ao cuarto para nos deitarmos.

Un home, no alto da escaleira, presentouse a nós e, despois de nos ter fitado moi atentamente, levoume a un gabinete que tiña o chan cuberto de flores de laranxeira até unha altura de tres pés, e ao meu dáimon a outro cheo de caraveis e de xasmíns. Díxome, vendo que eu parecía asombrado desa magnificencia, que era o feitío dos leitos no país. Finalmente, deitámonos cada un na nosa cela e, des que me tendín enriba das flores, albisquei -á luciña dunha trintena de grosos vagalumes relucentes pechados en cristal (porque non se utilizan outras candeas)- aqueles tres ou catro mociños que me desvestiran para cear, dos que un se puxo a me facer cóchegas nos pés, outro nas coxas, outro nos costados, e todos con tanta bonitura e delicadeza que nun momentíño me sentín adormecer.

²² O texto deu un brusco salto de escenario dende a casa do “saltanocribo” á pousada, e tampouco se aludiu antes á comida do protagonista nese primeiro tempo.

No outro día vin entrar o meu dáimon co sol. Díxome:

-Cumpro a miña palabra, habedes almorzar máis solidamente do que ceastes onte.

Con estas falas, erguínme e el levoume pola man detrás do xardín da morada, onde un dos fillos do hospedador estaba a nos agardar cunha arma na man casamente igual aos nosos fusís. Este preguntoulle ao meu guía se eu quería unha ducia de cotovías, porque os macacos (tomábame por tal) alimentábanse desa carne. A penas respondín eu si, o cazador disparou un tiro ao aire, e vinte ou trinta cotovías cairon aos nosos pés cociñadiñas de a feito. *“Velaí -matinei eu decontado- por que un dito do noso mundo fala dun país no que as cotovías caen xa asadas²³! Sen dúbida alguén regresara de aquí.”*

-Non tedes máis que comelas –díxome o meu dáimon- eles teñen a habelencia de mesturar, no medio da composición que mata, despluma e asa os animais de caza, os ingredientes que cómpren para condimentalos.

Recollín algunhas, comín nelas fiándome da súa palabra, e de certo que endexamaís na vida teño probado cousa tan gorenteira.

Despois deste almorzo, puxémonos en situación de partir, e con mil carantoñas que usan cando queren testemuñar afecto, o hospedador recibiu un papel do meu dáimon. Pregunteille se era unha obriga polo valor do escote. El contestoume que non, que non lle debía máis nada, e que eran versos.

-Como, versos? –repliqueille- Seica os taberneiros son afeccionados ás rimas?

-É a moeda do país –respondeume- e o desembolso que nós acabamos de facer aquí dentro ven ascendendo a un sexteto, que acabo de lle dar. Non tiña eu medo de quedar corto, porque aínda que fixeramos aquí esmorga durante oito días, non daríamos desembolsado un soneto, e levo catro comigo, xunto con nove epigramas, dúas odas e unha égloga.

-Ei! –dixen para min- Verdadeiramente esa é xusto a moeda que Sorel lle fai utilizar a Hortensius en Francion²⁴, lémbrome. Sen dúbida foi aquí onde el a roubou. Mais: de quen diaño puido aprendelo? Tivo que ser da súa nai, pois sentín dicir que era aluada.

Pregunteille ao meu dáimon, logo, se eses versos amoedados seguían a servir con tal de que os recopiaran.

²³ Un dito francés (*C'est un pays où les alouettes tombent toutes rôties dans le bec*, “É un país no que as cotovías caen asadiñas no bico”) caracteriza a situación na que as vantaxes se obteñen sen esforzo ningún, e de aí que se diga de alguén *il/elle attend que les alouettes tombent toutes rôties* (“agarda que as cotovías caian asadiñas”) cando espera que lle dean todo feito, sen esforzo pola súa banda.

²⁴ Charles Sorel é un escritor francés do século XVII. A súa obra máis coñecida é a longa novela *Histoire Comique de Francion*. Cyrano inspírase en distintos pasaxes de Sorel.

Respondeume que non e continuou así:

-Des que os compuxo, o autor lévaos ao Palacio das Moedas, onde os poetas xurados do reino teñen a súa residencia. Alí, os versificadores oficiais poñen a proba as pezas, e se son xulgadas de lei, táxanas, non segundo o seu peso, senón segundo a súa agudeza, e desta sorte, cando alguén morre de fame só é un toutizo, e as persoas enxeñosas sempre se dan boa vida.

Admirei, todo extasiado, a asisada norma social deste país, e el proseguíu deste xeito:

-Existen aínda outras persoas que dan pousada de maneira moi diferente. Cando marchades de onde eles, pídenvos proporcionalmente aos gastos un comprobante para o Outro Mundo, e des que llo entregastes, escriben nun gran rexistro que chaman as contas de Deus, aproximadamente isto: "Item, o valor de tantos versos librados tal día, a tal persoa, que Deus me debe rembolsar tan axiña como reciba o comprobante do primeiro fondo que se atope". Cando están enfermos, en perigo de morte, fan picar estes rexistros en anaquiños e tráganos, porque coidan que se non fosen dixeridos así, Deus non os podería ler.

Esta conversa non nos impedía seguirmos a camiñar, é dicir o meu portador a catro patas debaixo miña e eu a escarranchapernas derriba del. Non vou particularizar máis as aventuras que nos detiveron polo camiño entrementres non chegamos finalmente onde o rei ten a súa residencia. Fun levado ao dereitiño ao seu palacio. Os grandes recibíronme con admiracións máis moderadas do que fixera o pobo cando eu pasara polas rúas. A súa conclusión, con todo, foi igual, a saber: que eu era sen dúbida a femia do bichiño da raíña. O meu guía interpretábamo así, e mais tampouco el non entendía ese enigma e non sabía quen era ese bichiño da raíña, mais logo tivémolo claro, porque o rei, pouco despois, mandou que o trouxesen. De alí a unha media hora vin entrar, no medio dun fato de simios vestidos con gola e calzóns, un homiño case das miñas características, pois camiñaba sobre dous pés. Tan axiña como me albiscou, abordoume cun *"servidor de vuestra merced"*. Respostei á súa reverencia máis ou menos nos mesmos termos. Coitadiño de min! Aínda ben non nos viron falar entre nós, que xa tomaron todos por verdadeiro o prexuízo, e esta conxuntura non producía outro efecto, pois aquel de entre todos os asistentes que opinaba máis a prol de nós exclamaba que a nosa conversa era un roñido que a alegría de nos vermos xuntos, por un instinto natural, nos facía rosmar.

Ese homiño contoume que era europeo, natural de Castela a Vella: que atopara o medio, con paxaros, de se facer transportar até o mundo da lúa no que estabamos arestora; que tendo caído nas mans da raíña ela tomáralo por un simio pola razón de que naquel país vesten casualmente os simios á española e que, ao telo atopado vestido dese xeito, aquela non dubidara que fose da especie.

-Cómpre dicir -repliqueille eu- que despois de lles teren probado toda caste de roupa non deron atopadoo cousa máis ridícula e que por iso os equipan de tal xeito, ao coidaren unicamente eses animais para se divertir.

-É descoñecer a dignidade da nosa nación –dixo el- a favor de quen o universo só produce homes para nos fornecer escravos, e para quen a natureza só podería enxendrar materia de rir.

Suplicoume logo que lle explicase como me atrevera a arriscarme a ascender á lúa coa máquina da que lle falara. Respondílle que era polo motivo de que el levara os paxaros sobre dos que eu tiña pensado ir alá. Sorriu por aquel ferrete, e arredor dun cuarto de hora despois o rei mandoulles aos gardas dos simios que nos levasen de volta, coa orde expresa de nos facer deitar xuntos, o español e eu, para facer multiplicar no seu reino a nosa especie.

Executaron de cabo a cabo a vontade do príncipe, cousa da que eu estiven moi contento polo pracer que recibía ao ter alguén que conversase comigo durante a soidade da miña brutificación. Un día, o meu macho (pois tomábanme pola femia) contoume que o que o obrigara verdadeiramente a percorrer a terra toda, e finalmente a abandonala pola lúa, fora que non dera atopado un só país onde a imaxinación mesma tivese liberdade.

-Escoitade –díxome- A menos de levardes barrete, capelo ou sotana, por moito que vós poidades dicir algo belido, se vai contra os principios destes doutores de pano, sodes un idiota, un tolo ou un ateo. No meu país quixéronme levar á Inquisición porque diante das barbas dos pedantes cos que batín sostivera que na natureza existe vacío, e que eu non coñecía ningunha materia no mundo máis pesada que outra.

Pregunteille en que probabilidades apoiaba unha opinión tan pouco aceptada.

-Cómpre –respondeume- para acabar con eles, supoñer que non existe máis que un único elemento, porque aínda que vexamos auga, aire e lume separados, malia todo, nunca os atopamos tan perfectamente puros que non estean aínda unidos uns cos outros. Cando, por exemplo, mirades o lume, non é lume, non é senón aire moi estendido, o aire non é senón auga moi dilatada, a auga non é senón terra que se funde, e a propia terra non é senón auga moi apreixada, e así penetrando seriamente a materia habedes atopar que non é senón unha, que como unha excelente actriz, representa aquí embaixo toda sorte de personaxes, con toda sorte de vestidos. Outramente cumpriría admitir tantos elementos como sortes de corpos existen. E se me preguntades por que logo o lume queima e a auga enfría, dado que non é senón unha mesma materia, respóndovos que esa materia opera por simpatía, segundo a disposición na que se encontra no tempo en que opera; o lume, que non é outra cousa senón terra aínda mais expandida do que a é para para constituír o aire, trata de cambiar nela por simpatía o que encontra. Así a calor do carbón, ao ser o lume o máis sutil e máis propio para penetrar un corpo, escorre entre os poros da nosa masa, fai que ao primeiro nos sdilatemos, porque é unha nova materia que nos enche, e fainos exhalar sudor; esta suor, espallada polo lume, convértese en fume e faise aire, este aire, aínda máis fundido pola calor da antiperistase²⁵ ou dos astros veciños del, chámase lume, e a terra abandonada polo frío e pola humidade que

²⁵ Acción de dúas cualidades contrarias das que unha reforza a outra.

ligaban as nosas partes todas cai en terra. A auga, por outra banda, aínda que non difire da materia do lume senón en que está máis apertada, non nos queima pola razón de que ao estar apertada pide por simpatía apreixar os corpos que encontra, e o frío que nós sentimos non é outra cousa que o efecto da nosa carne que se reprega sobre ela mesma pola veciñanza da terra ou da auga que a obriga a lle semellar. De aí ven que os hidrópicos cheos de auga muden en auga todo o alimento que toman, de aí ven que os biliosos²⁶ muden en bile todo o sangue que forma o seu fígado. Supoñendo, logo, que só haxa un elemento, resulta certísimo que todos os corpos, cada un segundo a súa cantidade, se inclinan igualmente cara o centro da terra.

Mais preguntaredesme: por que, logo, o ouro, o ferro, os metais, a terra, a madeira, baixan máis rápido a ese centro que unha esponxa se non é por motivo de que ela está chea de aire, que tende por natureza cara a arriba? Non é en absoluto a razón, e velaquí como vos respondo: aínda que unha roca caia con máis rapidez que unha pluma, unha e outra teñen a mesma inclinación a esta viaxe. Mais unha bala de cañón, por exemplo, se atopase a terra furada totalmente, habíase precipitar máis rapidamente á súa cerna que unha grosa vincha chea de vento, e a razón é que esa masa de metal é moita terra repretada nun recunchiño, e que ese vento é demasiada pouca terra estendida en moito espazo: pois todas as partes da materia que se acocha nese ferro, unha vez abrazadas unhas ás outras, aumentan a súa forza pola unión, polo motivo de que, ao estaren apreixadas, atópanse finalmente moitas a loitar contra poucas, dado que unha parcela de aire, igual en grosor á bala, non é igual en cantidade, e que así, en se pregando baixo o peso de xentes máis numerosas ca ela e tan apuradas, déixase afundir para lles deixar o camiño libre.

Sen probar isto cunha enfiada de razóns: como é, logo, na vosa idea, que unha pica, unha espada ou un puñal nos firen se non é por causa de que ao ser o aceiro unha materia coas partes máis achegadas e máis afundidas unhas nas outras que a nosa carne –da que os poros e a moleza amosan que contén pouca terra expandida nun gran lugar– e ao ser a punta que nos pica unha cantidade de materia case imposíbel de contar contra pouquiña carne, obrígaa a ceder ante o máis forte, igual que un escadrón ben apertado penetra unha liña enteira de batalla moito máis estendida? Porque: como é que unha lupa de aceiro en brasa está máis quente que un toro de madeira ardendo, se non é que hai máis lume na lupa en pouco espazo, estando vencellado a todas as partes do anaco de metal, que no pau, que por ser moi esponxoso, encerra por conseguinte moito vacío, e que o vacío –ao non ser senón unha privación do ser– non pode ser susceptible da forma do lume?

“-Mais –habédesme obxectar vós– estades a supór vacío como se o tiverades probado, e é diso do que estamos debatendo”. “-Pois ben, vóuvolo probar, e aínda que esta dificultade sexa irmá do nó gordiano, teño os brazos fortes de abondo para me virar Alexandre”.

Que me responda, daquela, suplícollo, ese apampado vulgar que só cre ser home porque un doutor llo dixo. Supondo que só exista unha materia, como penso telo probado abondo: de onde ven que se relaxa e se contrae segundo a súa apetencia? De onde ven que un anaco de terra, a poder de se condensar, se volveu

²⁶ Ou coléricos, un dos catro temperamentos de individuos que distinguía a medicina antiga (V. nota 30)

pelouro? Seica as partículas dese pelouro se colocaron unhas dentro das outras, de tal sorte que alí onde se meteu ese gran de area, alá mesmo e nese mesmo punto se acocha outro gran de area? Non, iso non pode ser, e segundo o seu propio principio, pois que os corpos non se penetran, mais cómpre que esa materia se teña achegado, e, se queredes, acortado enchendo o vacío da súa casa.

Dicir que non é posíbel entender que no mundo existise o nada, que nós estivésemos en parte compostos de nada. Ei, e mais por que non? Seica o mundo enteiro non está envolto polo nada? Pois que me recoñecedes este punto, confesade que é tan doado que o mundo conteña o nada dentro de si como arredor de si.

Vexo nidiamente que me ides preguntar: por que, logo, a auga, contraída nun vaso pola xeada faino crebar se non é para impedir que se faga o vacío? Mais eu respondo que iso non acontece senón por motivo de que o aire de enriba, que tende ao igual que a terra e a auga cara ao centro, ao encontrar no camiño dereito deste país un cuarto de hospedaxe libre, vaise aloxar nel; e, se é que atopa os poros desta vasilla, é dicir os camiños que levan a ese cuarto vacío, demasiado estreitos, demasiado longos e demasiado tortos, satisfai a súa impaciencia rebentándoos para chegar máis axiña ao tobo.

Mais, sen me divertir respondendo a todas as obxeccións deles, atrévome a dicir que se non existise vacío non habería movemento, ou temos que admitir a penetración dos corpos. Porque sería demasiado ridículo crer que cando unha mosca puxa coa súa á unha parcela de aire, esta parcela fai recuar outra diante dela, e esta outra outra máis, e que así o acaneo da deda pequeniña dunha pulga fose formar unha lombra nas costas do mundo! Cando xa non poden máis, eles recurren á rarefacción, mais, pola súa fe! : como pode ser, cando un corpo se rarifica, que unha partícula da masa se afaste doutra partícula sen deixar vacío ese espazo medio? Non tería sido preciso que estes dous corpos que acaban de se separar tivesen estado ao mesmo tempo no mesmo lugar onde estaba este, e que desa sorte se tivesen penetrado todos tres? Ben sei que me ides preguntar por que, logo, a través dunha palla, unha xeringa ou unha bomba, se fai subir a auga contra da súa inclinación, mais eu heivos responder que é violentada, e que non é o medo que ela ten do vacío o que a obriga a se desviar do seu camiño, senón que, estando unida co aire por un matiz imperceptíbel, elévase cando elevan para arriba o aire que a ten abrazada.

Isto non resulta moi espiñento de comprender para quen coñece o círculo perfecto e a delicada encadeación dos elementos, porque se considerades atentamente ese lodo que opera o casamento da terra e da auga, atoparedes que xa non é terra e que xa non é auga, senón que é o intermediario do acordo entre estes dous inimigos; a auga e o aire envíanse reciprocamente un neboeiro que se inclina cara os humores dun e mais doutro para moderar a súa paz, e o aire reconcíliase co lume a través dunha exhalación mediadora que os une.

Penso que el quería seguir falando, mais trouxéronnos a nosa comedoría, e como tiñamos fame eu pechei as orellas e el a boca para abrirmos o estómago.

Lémbrome que outra vez, cando filosofabamos (porque nin a un nin ao outro nos prestaba conversar de cousas frívolas e baixas), dixo el:

-Estou ben anoxado de ver unha mente do tempero da vosa infectada polos erros do vulgo. Cómpre, logo, que saibades, malia o pedantismo de Aristóteles que ecoa en todas as aulas da vosa Francia, que todo está en todo, é dicir que na auga, por exemplo, hai lume, dentro do lume auga, dentro do aire terra, e dentro da terra aire. Mesmo que esta opinión faga regalar os ollos aos doutos resulta máis doada de probar que de convencer.

Pregúntolles primeiro se a auga non enxendra peixe. Cando mo neguen, mandareilles furar unha fochanca, enchela co xarope da almofía que poden aínda pasar por unha peneira se queren para escapar ás obxeccións dos cegos; e estou disposto, caso de non atoparen peixes de alí a algún tempo, a tragar a auga toda que teñan botado. Mais, se é que os atopan, como non teño dúbida ningunha, é unha proba convincente de que hai sal e lume. Por conseguinte, atopar a seguido auga no lume non é empresa moi difícil. Porque, mesmo que escollan o lume máis separado da materia como os cometas, existe sempre, e moita, pois se ese humor untuoso que os enxendra, reducido a xofre pola calor da antiperistase que os acende, non atopase un obstáculo á súa violencia na húmida frieza que a tempera e combate, consumiríase bruscamente como un lóstrego. Que agora haxa aire na terra, non o han negar, ou ben endexamais sentiron falar dos estarrecedores tremelos que con frecuencia abalaron as montañas de Sicilia. Alén diso, vemos a terra toda porosa, ata os grans de area que a compoñen. Con todo, ninguén dixo aínda que eses ocos estivesen cheos de vacío: non se estará en desacordo con que o aire poña aí o seu domicilio. Réstame probar que no aire hai terra, mais case que non me digno a pasar ese traballo, pois que vós estades convencido diso tantas veces como vedes bater sobre as vosas cabezas esas lexiões de átomos tan numerosas que afogan a aritmética.

Mais pasemos dos corpos simples aos compostos: hanme fornecer temas moito máis frecuentes para amosar que todas as cousas están en todas as cousas. Non que se muden unhas por outras, como larapetean os vosos peripatéticos, porque eu estou disposto a soste diante das súas barbas que os principios mestúranse, sepáranse e vólvense mesturar de novo, de tal sorte que o que unha vez foi feito auga polo sabio Creador do mundo hao ser sempre. Eu non supoño, á maneira deles, principio ningún que non sexa quen de probar.

Por iso, collede, facede o favor, un toro de árbore ou outra materia combustíbel e prendédelle lume. Cando estea ardendo, eles hanvos dicir que o que era madeira se converteu en lume. Pero eu mantéñolles que non, e que non hai máis lume agora do que había denantes de que achegaran o misto, senón que o que estaba agachado no toro (e o frío e a humidade impedían de se espallar e actuar), axudado polo estraño, reuníu as súas forzas contra a flegma que o afogaba e apoderouse do campo que ocupaba o seu inimigo: así se amosa el sen obstáculos e triunfante sobre o seu carcereiro. Non vedes como a auga foxe polos dous extremos do toro, quente e fumegando aínda polo combate que librou? Esa chama que vedes enriba é o lume máis sutil, máis desprendido da materia, e o máis disposto, por conseguinte, a regresar á súa casa. Con todo, únese nunha pirámide até certa altura para afundir a espesa humidade do aire que lle resiste, mais como ao subir acaba de se desprender de vagariño da violenta compañía dos seus hospedadores bótase á carreira porque xa non bate con nada antipático ao seu paso, e esta neglixencia é a miúdo causa dunha

segunda prisión, porque el, que camiña separado, hase perder por veces nunha nube. Se é que bate alá con outros lumes en número suficiente para lle faceren fronte ao vapor, xúntanse, rosman, atroan e lostreguean, e a morte dos inocentes é con frecuencia o efecto da carraxe animada das cousas mortas. Se, cando se atopa atrancado nesas importunas cruezas da rexión media²⁷, non é forte de abondo como para se defender, abándonase á discreción da nube que, obrigada pola súa pesadez a volver caír por terra, leva o seu prisioneiro con ela, e ese malpocado, pechado nunha pinga de auga, vaise encontrar, se cadra, ao pé dun carballo, e o lume animal deste ha convidar o pobre extraviado a se aloxar con el. Velo aí, logo, recobrando a mesma sorte da cal partira uns días denantes.

Mais, vexamos a fortuna dos outros elementos que compuñan ese toro. O aire retírase ao seu cuartel, aínda mesturado con vapores, emporiso, porque o lume, todo encarraxado, expulsou estes de súpeto nun remexido. Velaí, logo, que serve de globo aos ventos, fornece respiración aos animais, enche o vacío que a natureza evita. E aínda é posíbel que, ao se envolver nunha pinga de orballo, sexa zogado e dixerido polas follas sedentas desta árbore na que se retirou o noso lume. A auga que a chama expulsara dese tronco, elevada pola calor até o berce dos meteoros, volverá caír en chuvia sobre do noso carballo tan axiña como sobre doutro. E a terra, feita cinza, curada da súa esterilidade pola calor nutridora dun estrume na que a botaron, polo sal vexetativo dalgunhas plantas veciñas, pola auga fecunda dos ríos, hase volver encontrar se cadra rente dese carballo que, pola calor do seu xermolo, vai atraela e convertela en parte do seu todo.

Deste xeito, velaí eses catro elementos recuperaren a mesma sorte da que partiran algúns días denantes. Deste xeito, nunha árbore hai todo o que cómpre para compór un home. Finalmente, deste xeito todas as cousas se volven atopar en todas as cousas, mais fáltanos un Prometeo para facer ese extracto.

Velaí, aproximadamente, as cousas nas que distraíamos o tempo, e verdadeiramente ese españoliño tiña a mente aguda. A nosa conversa era só pola noite, por causa de que, dende as seis da mañá até o serán, a gran multitude de xente que viña contemplarnos ao noso habitáculo teríanolo impedido. Algúns lanzábannos pedras, outros noces, outros herba. Só se falaba dos bichos do rei. Servíannos de comer todos os días á súa hora e o rei e a raíña apalpábanme o ventre para saber se non engordaba, porque ardían en extraordinarios desexos de teren descendentes dos animalións eses. Non sei se foi por ter eu estado máis atento que o meu macho ás macacadas daqueles e ás súas entoacións, o caso é que aprendín a entender a súa lingua e a tatarañar un pouquiño nela. Decontado correu por todo o reino a nova de que se atoparan dous homes salvaxes, máis pequenos que os outros por causa da mala mantenza que a soidade nos fornecera, e que por un defecto na semente de seus pais, non tiveran as pernas de diante fortes de abondo para podérense apoiar enriba delas.

Esta crenza ía arraizar a forza de camiño, de non ser polos cregos do país, que se opuxeron dicindo que era unha irrelixiosidade espantosa crer que non só animais, senón monstros, fosen da súa especie.

²⁷ Denominábase así a rexión da atmosfera onde se sitúan as nubes.

-Tería máis sentido –engadíán os menos arroutados- que os nosos animais domésticos participasen no privilexio da humanidade (e da inmortalidade, por conseguinte), dado que naceron no noso país, do que un bicho monstruoso que seica naceu non sei onde na lúa. E mais, reparaide na diferenza que se observa entre eles e nós. Nós camiñamos a catro pés porque Deus non quixo fiar unha cousa tan preciosa a unha base menos firme. Tivo medo de que lle acontecese ao home algunha desventura, e foi polo que el mesmo se tomou o traballo de asentalo sobre de catro piares a fin de que non puidese caír; mais, desprezando mesturarse na construción destas dúas bestas, abandonounas ao capricho da natureza, a cal, non temendo a perda de tan pouquiña cousa, só as fincou sobre de dúas patas.

Os propios paxaros- dicían- non foron tan maltratados coma elas, pois cando menos aqueles recibiron plumas para lles valer ante a febleza dos seus pés e podérense botar no aire se é que os rexeitabamos de onda nós, en canto que a natureza, ao lles tirar a estes monstros os dous pés, púxoos en estado de non poder escapar da nosa xustiza..

Reparaide, a maiores diso, en como teñen a testa virada cara o ceo! É a penuria de todas as cousas na que Deus os puxo a que os colocou dese xeito, pois esta postura suplicante testemuña que están a procurar no ceo - para se queixaren- aquel que os creou, e que están a lle pedir permiso para se conformaren coas nosas sobras. Mais nosoutros temos a testa debrozada cara a abaixo para contemplarmos os bens dos que somos os señores, como aqueles que non teñen no ceo nada ao que a nosa feliz condición poida dar envexa.

No meu habitáculo, ouvía eu todos os días daren os cregos estas respostas ou semellantes. Ao final, tanto mallaron na conciencia da xente sobre esta cuestión, que se estableceu que, como máximo, eu pasaría por un papagaio desplumado. Confirmaban dese xeito aos xa convencidos polo feito de que, como un paxaro, só tiña dous pés. Metéronme, daquela, nunha gaiola por orde expresa do Consello de Enriba.

Alí, todos os días o paxareiro da raíña tomaba o coidado de me vir asubiar a lingua, como se fai aquí cos estorniños. Eu, verdadeiramente, estaba feliz de que no meu aviario non faltase nunca alimento. Con todo, no medio da rexouba coa que os que viñan abesullar me abouxaban os ouvidos, aprendín a falar coma eles. Cando dei acadado soltura abondo para expresar a maior parte das miñas concepcións, contei as máis fermosas. Daquela, a compañía xa só se entretiña co agasallo dos meus ditos agudos, e a estima na que se tiña o meu enxeño levou a que o clero se vise obrigado a facer publicar unha disposición pola que se prohibía crer que eu tivese razón, cunha orde expresa a todas as persoas, de calquera categoría e condición que fosen, de imaxinaren que –por cousa enxeñosa que eu puidese facer- era o instinto o que movía a facela.

Con todo, a definición do que eu era dividiu a vila en dúas faccións. O partido que argumentaba a prol de min medraba todos os días. En cabo, malia o anatema e a excomunión dos profetas que trataban de amedoñar o pobo dese xeito, os meus seguidores pediron unha asemblea dos Estados para resolver ese atranco


de relixión. Botouse moito tempo na escolla dos que habían opinar, mais os árbitros pacificaron a animosidade igualando o número de interesados.

Nun pulo leváronme á sala de xustiza, onde fun tratado severamente polos examinadores. Interpeláronme, entre outros asuntos, de filosofía. Eu espúxenlles con toda boa fe o que en tempos me aprendera o meu profesor, mais non se empregaron moito en mo refutar con moitas razóns, moi convincentes de certo. Cando me vin convencido de a feito, aleguei como refuxoiro derradeiro os principios de Aristóteles, que non me serviron moito máis que os seus sofismas, pois en dúas palabras descubriron a falsidade.

-Aristóteles –dixéronme- acomodaba os principios á súa filosofía en lugar de acomodar a súa filosofía aos principios, e aínda debería ter demostrado que estes eran máis razoábeis que os das outras seitas, cousa que non deu feito. Por iso, ao bo do home non lle ha parecer mal se lle bicos as mans e lle dicimos “Vai pola sombra!”²⁸.

Ao cabo, como viron que eu non lles chiaba outra cousa senón que eles non eran máis sabios que Aristóteles e que eu estaba baixo a prohibición de disputar contra os que negaban os principios, concluíron todos de común acordo que eu non era un home -senón posibelmente algunha caste de avestruz, dado que como ela levaba a cabeza ergueita,- polo que lle ordearon ao paxareiro que me volvease meter na gaiola. Alí pasaba eu o tempo con bastante pracer, pois por causa da súa lingua, que eu falaba correctamente, a corte toda divertíase en me facer garular. As damas da raíña, entre outros, chimpaban sempre algunha faragulla no meu cestiño e a máis garimosa de todas fixera algo de amizade comigo. E arrebatábase tanto de alegría, cando en segredo eu lle descubría os misterios da nosa relixión (e maiormente cando lle falaba das nosas campás e das nosas reliquias) que me aseguraba con bágoas nos ollos que se algún día eu me atopaba en condicións de voar de volta para noso mundo ela habíame seguir de bo grado.

Un día, á mañá cediño, acordei sobresaltado. Vin que ela estaba a petaricar nos barrotes da miña gaiola.

-Aledádevos –díxome- Onte no Consello decidiuse a guerra contra o gran rei  rei. Espero que no medio do atafego dos preparativos, namentres que o noso monarca e os seus súbditos están lonxe, hei atopar a ocasión de vos salvar.

-Como a guerra? –interrompina eu decontado- Seica hai disputas entre os príncipes deste mundo igual que entre os do noso? Ei, facei o favor, relatádeme a súa maneira de combater!

-Cando os árbitros –seguíu ela- elixidos coa conformidade das dúas partes sinalaron o tempo acordado para se armar, para se desprazar, o número de combatentes, o día e lugar da batalla -e todo con tanta igualdade que non hai nun exército un home máis que no outro- os soldados tolleitos dun bando son todos enrolados nunha compañía e cando se chega ás mans os mariscais de campo teñen

²⁸ Signo de rexeitamento da argumentación que el sostiña.

coidado de opoñelos aos tolleitos do outro bando; os xigantes teñen enfronte os colosos, os espelidos os habilidosos, os valentes os afoutos, os frouxos os febles, os indispostos os enfermos, os robustos os fortes, e se a alguén se lle ocorre bater a outro distinto do seu inimigo sinalado, a menos de que dese xustificoado que foi por erro, é condenado por covarde. Despois de feita a batalla cóntanse os feridos, os mortos e os prisioneiros porque os fuxidos non se ven. Se as perdas son iguais dunha parte e da outra, tírase á palliña máis curta quen ha ser proclamado vencedor.

Mais aínda que un rei tivese derrotado o seu inimigo en boa guerra, non estaría feito todo, porque hai outros exércitos pouco numerosos de sabios e de homes de enxeño, con disputas das que depende enteiramente o verdadeiro triunfo ou a servidume dos estados.

Un sabio opónse a outro sabio, un enxeñoso a outro enxeñoso, un asisado a outro asisado. Polo resto, o triunfo que un estado acada deste xeito é contado por tres vitorias a brazo aberto. Proclamada a nación vitoriosa, desfáise a xuntanza e o pobo vencedor escolle para ser seu rei ou ben o dos inimigos ou ben o seu propio.

Non me puiden conter sen rir desta maneira escrupulosa de facer batallas, e aleguei, como exemplo dunha política máis forte os costumes da nosa Europa, onde o monarca non tiña reparo en omitir ningunha das súas vantaxes para vencer, e velaí como ela me falou:

-Dícideme -preguntou- Os vosos príncipes, para se armaren, argumentan só o dereito á forza?

-Tamén -repliqueille- a xustiza da súa causa

-E logo, -seguíu ela- por qué non escollen árbitros non sospeitosos para que os poñan de acordo? E se resulta que tanto dereito teñen un como outro, que continúen como estaban ou que xoguen nunha partida de cartas a cidade ou a rexión que se disputan. E mentres fan que máis de catro millóns de homes que valen máis ca eles partan a cabeza, eles estánse no seu gabinete con moita lería sobre as circunstancias da matanza deses badocos. Mais engánome ao desgabar así a afouteza dos vosos valentes súbditos: fan ben en morrer pola súa patria, o asunto é importante pois trátase de ser vasalo dun rei que leva gola ou do que leva un colariño baixo²⁹.

-Mais -retruquei eu- Por que todas esas circunstancias na vosa maneira de combater? Non abonda con que os exércitos sexan iguais en número de homes?

-Non tedes moito xuízo, vós -respondeume- Tendo vencido ao voso inimigo no campo, loitando un a un: seica coidariades, abofé, telo vencido en boa lide se vós levásedes malla e el non, se el só tivese un puñal e vós un espadón, en fin, se el fose toco e vos tivésedes dous brazos? E mais, con toda a igualdade que tanto recomendades aos vosos gladiadores nunca eles se baten en paridade, porque un será de estatura grande e o outro pequena, un será hábil e o outro nunca a espada terá manexado, un será robusto e o outro feble, e mesmo se esas desproporcións chegasen

²⁹ No século XVIII a gola caracterizaba a moda española, mentres que o colariño baixo caracterizaba á francesa.

a se igualar e eles fosen tan grandes, tan hábiles e tan fortes un como o outro, aínda así non habería paridade pois un dos dous terá se cadra máis afouteza ca o outro, e co adaxe de que ese brután non vai reparar no perigo, de que vai ser bilioso e ha ter máis sangue, que vai ter o corazón máis apreixado con todas esas cualidades que constitúen a afouteza –como se non fose, igual que unha espada, unha arma que o seu inimigo non ten- permítese botarse enriba del mallando con forza, amedoñalo e tirarlle a vida a ese pobre home que prevé o perigo e que ve a calor afogada na pituíta³⁰ e ten o corazón grande de máis para unir os espíritos necesarios que dean disolvido ese xeo chamado acovardamento. Así, vós louvades ese home por ter matado o seu inimigo con vantaxe, e louvandoo como destemido louvádelo por un pecado contra natura, pois que a destemidez tende á súa destrución.

Habedes saber que hai algúns anos fíxose unha consideración ao Consello de Guerra para que aportase un regulamento máis circunspecto e máis concienzudo nos combates, porque o filósofo que formulaba o parecer falaba así:

“-Vós, meus señores, imaxinades ter igualado ben as vantaxes dos dous inimigos cando os escollestes os dous rexos, os dous grandes, os dous hábiles, os dous cheos de afouteza. Mais aínda non é dabondo, pois que cómpre ao cabo que o vencedor supere en habilidade, forza ou fortuna. Se foi por habilidade, bateulle sen dúbida ao seu adversario nun lugar onde aquel non o esperaba, ou máis axiña do que era verosímil ou, finxindo atacar por unha banda asaltou pola outra. Todo iso supón embelecar, enganar, traizoar. Orabén, o embeleco, o engano, a traizón, non deben constituír a estima de alguén verdadeiramente xeneroso. Se triunfou pola forza: estimariades vencido o inimigo cando foi violentado? Sen dúbida non, como tamén non habedes dicir que un home perdeu a vitoria -aínda que sexa afundido polo derrubamento dunha montaña- polo feito de non ter o poder de gañala. De igual xeito aquel non foi superado por causa de que nese momento non se atopou en disposición de poder resistir á violencia do seu adversario. Se foi tombado polo seu inimigo por azar é a fortuna e non el quen se debe coroar, el non contribuíu nada. En fin: o vencido non é máis censurábel que o xogador dos dados que, con dezasete puntos, ve que fan dezaquito.”

Confesáronlle que tiña razón, mais que era imposíbel, segundo a aparencia humana, poñer orde no asunto, e que valía máis sufrir un pequeno inconveniente que abandonarse a un milleiro de maior importancia.

Non me comentou máis nada pois temía que a atopasen totalmente soa comigo, e tan cediño. Non é que neste país a impudicia sexa un crime; pola contra, fóra os culpabeis convictos, todo home ten poder sobre toda muller, e igualmente unha muller podería levar un home perante a xustiza por tela rexeitado. Mais ela non ousaba aparecer comigo en público con frecuencia, segundo me dixo, pola razón de que os cregos predicaran no último sacrificio que eran principalmente as mulleres as que pregoaban que eu era home, a fin de encubriren o desexo execrábel que as facía arder de se mesturaren cos animais e de cometeren comigo

³⁰ Na medicina antiga era un dos catro humores cardinais que, polo seu predominio, conformaban os catro temperamentos fundamentais dos individuos: sanguíneo, flegmático, colérico e melancólico. O predominio da pituíta (ou flegma) orixinaba o flegmático.

sen vergoña pecados contra natura. Ese foi o motivo de que eu pasase moito tempo sen a ver, nin ninguha do mesmo sexo.

Porén, cumpría ben que alguén tivera reavivado as discusións sobre a definición do meu ser, pois cando eu xa só pensaba en morrer na gaiola viñeron na miña procura outra vez para me daren audiencia. Fun, logo, preguntado en presenza dun eito de cortesáns sobre algúns puntos de física, e as miñas respostas, polo que me parece, satisfíxeron algo, pois cun acento non maxistral o que presidía espúxome moi polo miúdo as súas opinións sobre a estrutura do mundo. Semelláronme enxeñosas, e se el non pasase ata a súa orixe, que afirmaba eterna, daría eu atopado a súa filosofía moito máis razoábel que a nosa. Mais tan axiña como o ouvín soste unha quimera tan contraria ao que a fe nos aprende, pregunteille o que respondería el á autoridade de Moisés, e que ese gran patriarca dixerá expresamente que Deus o creara en seis días. Ese ignorante botouse sen máis a rir en lugar de me responder. Non puideron daquela conterme de lle dicir que, se el chegaba aí, eu comezaba a crer que o seu mundo só era unha lúa.

-Mais -dixéronme todos- ben vedes nela terra, arboredos, ríos, mares: que había ser todo iso?

-Non importa -retruquei eu- Aristóteles asegura que só é a lúa, e se vós tivésedes dito o contrario no colexio onde eu estudei, teríanvos asubiado.

Houbo entón unha gran gargallada -non é preciso preguntar se debido á ignorancia deles- e leváronme de volta para a miña cela.

No entanto, os cregos foron avisados de que eu ousara dicir que a lúa era un mundo do que eu viña. Pensaron que a cousa lles fornecía un pretexto bo dabondo para me faceren condenar á auga era o xeito de exterminar os ateos. E a este propósito van en corporación presentarlle a súa queixa ao rei, que lles promete xustiza: ordénase que volva sentar no banco dos acusados.

Velaí estou por terceira vez desengaiolado. O gran pontífice tomou a palabra e falou na miña contra. Non me lembro da súa arenga, polo motivo de que eu estaba arrepiado de máis para recibir as especies da voz sen desorde e tamén porque el utilizara, para declamar, un instrumento do que o ruído me abouxaba: unha trompeta que escollera expresamente a fin de que a violencia dese ton marcial quentase os seus espíritos na miña morte, e a fin de impedir con esta emoción que o razoamento puidese facer a súa tarefa, como acontece nos nosos exércitos nos que esa estarabouza de trompetas e de tambores lle impide ao soldado reflexionar sobre a importancia da súa vida.

Ao que rematou, erguínme para me defender, mais liberoume do traballo un suceso que ides ouvir. Cando xa eu tiña a boca aberta, un home que tiña moita dificultade para atravesar a multitude veu caír aos pés do rei e arrastrouse sobre o lombo moito tempo. Este xeito de se comportar non me sorprendeu pois ben sabía dende tempo atrás que era a postura na que se puñan cando querían argumentar en público. Embaiñei de volta a miña arenga e velaí a que el nos botou:

-Xustos, escoitádeme! Non deberiades condenar este home, este macaco ou este papagaio, por ter dito que a lúa era un mundo de onde el viña. Porque se é home -aínda que non tivese vido da lúa- dado que todo home é libre: non é el libre para imaxinar o que queira? O que? Seica podedes obrigalo a ter só as vosas visións? Habédelo forzar a dicir que cre que a lúa non é un mundo, mais con todo non o ha crer, porque para crer unha cousa cómpre que se presenten á súa imaxinación certas posibilidades máis grandes para o si que para o non desta cousa. Así, a menos que lle fornezaades esa verosimilitude, ou que veña por ela mesma ofrecerse á súa mente, havos dicir que cre, mais non por iso ha crer.

Agora teño que vos probar que non debe ser condenado se o poñedes na categoría dos animais. Pois supoñede que sexa un animal sen razón: que razón tedes vós para o acusar de ter pecado contra ela? Dixo que a lúa era un mundo, orabén: as bestas só se moven por un instinto da natureza, daquela é a natureza quen o di e non el. Crer agora que esa sabia natureza que fixo a lúa e mais este mundo non saiba ela propia o que é, e que vosoutros, que só tedes o coñecemento que vos vén dela, o saibades máis certamente, sería ben ridículo. Mais mesmo que -por vos facer a paixón renunciar aos vosos principios- supuxerades que a natureza non guiase as bestas, ruborizádevos cando menos das inquedanzas que vos causan os pinchacarneiros dun animal. En verdade, meus señores, se atopásedes un home de idade madura que se preocupase da gobernación dun formigueiro, quer para lle dar unha labazada a unha formiga que rempuxara á súa compañeira, quer para meter na cárcere outra que lle roubara á veciña un gran de trigo, quer para levar ante a xustiza aqueloutra que abandonara os seus ovos: non habiades vós reputar falto de siso ese home por vagar en cousas moi por baixo del e pretender suxeitar á razón uns animais que non teñen uso dela? Como, logo, venerabeis pontífices, denominaredes vós o interese que tomades polos pinchacarneiros dese animalíño?

Xustos, teño dito.

Ao que acabou, unha forte música de aplausos fixo ecoar a sala toda, e despois de que as opinións foron debatidas un bo cuarto de hora, velaí o que sentenciou o rei:

Que de agora en diante eu sería considerado home, e como tal posto en liberdade, e que o castigo de ser afogado mudaríase nunha vergoñenta retractación (pois nese país non existen as *honrosas retractacións*) na que eu me desdiría publicamente de ter ensinado que a lúa era un mundo, e isto por causa do escándalo que a novidade desa opinión puidera ter ocasionado na alma dos febles³¹.

Pronunciada a sentenza, lévanme fóra do palacio, vístenme ignominiosamente dun xeito magnífico, póusanme enriba dun soberbio carro e, unha vez tirado por catro príncipes que axugaran a el, velaí o que me obrigaron a pronunciar en todas as encrucilladas da vila:

³¹ Alusión á forzada retractación de Galileo.

-Pobo, declárovos que esta lúa non é unha lúa senón un mundo, e que aquel mundo de alá embaixo non é un mundo senón unha lúa. Tal é o que os cegos consideran conveniente que creades.

Despois de berrar a mesma cousa nas cinco prazas da vila, vin o meu avogado que me tendía a man para me axudar a baixar. Sorprendeume moito recoñecer, cando o dei fitado ben, que era o meu antigo dáimon. Botamos unha hora a nos dar apertas.

-Vide para a miña casa –díxome- pois de regresardes á corte despois dunha vergoñenta retractación non vos habían mirar con bos ollos. Polo demais, cómpre que vos diga que aínda estariades cos macacos –igual que o español, o voso compañeiro- se eu non tivese publicado nas compañías o vigor e a forza da vosa mente e disputado contra dos profetas -a prol de vós- a protección dos grandes.

O final dos meus agradecementos viunos entrar na súa casa. Narroume ata a comida os resortes que puxera en marcha para obrigar aos cegos -malia os máis falaces escrúpulos cos que embabiolaran a conciencia do pobo- a que eu fose ouvido. Estabamos sentados diante dun gran lume, porque o tempo era frío, e penso que ía seguir a me contar o que el fixera namentres eu non o vira, mais viñéronnos avisar de que a cea estaba preparada.

-Rogueilles a dous profesores de Universidade desta vila –seguíu- que viñesen cear connosco esta noitiña. Vounos facer chegar á filosofía que ensinan neste mundo. Polo mesmo medio ides ver o fillo do meu hospedador. É un mozo tan cheo de enxeño como endexamais eu dei atopado, e había ser un segundo Sócrates se dese regulado as súas luces e non afogase no vicio as grazas coas que Deus continuamente o visita, e se por ostentación non adoptase aires de irrelixiosidade. Eu aloxeime no seu interior para espíar as ocasións de instruílo.

Calou, como para me deixar á miña vez a liberdade de discorrer, e despois fixo o sinal de que me desvestisen dos ornamentos vergoñentos cos que aínda eu brillaba todo.

Os dous profesores que agardabamos entraron case daquela e fumos xuntos todos catro ao gabinete de cear, no que atopamos aquel mozo do que me falara: estaba xa a comer. Fixéronlle moitas salutacións e tratárono cun respecto tan profundo como o do escravo ao señor. Pregunteille a razón ao meu dáimon e el respondeume que era por causa da súa idade, pois neste mundo os vellos rendían toda sorte de honras e deferencias aos novos; o que máis é: que os pais lles obedecían aos seus fillos tan axiña como, segundo o parecer do Senado dos filósofos, estes acadaran o uso de razón.

-Estrañádesvos –seguíu- dun costume tan contrario ao do voso país. E mais non repugna á recta razón, pois dicídeme en conciencia: cando un home novo e quente está en forza de imaxinar, de xulgar e de realizar, seica non é máis capaz de gobernar unha familia que un sexaxenario eivado? Ese pobre apampadiño, coa imaxinación conxelada pola neve de sesenta invernos, guíase polo exemplo dos éxitos felices, e porén foi a Fortuna quen os fixo así contra todas as regras e toda a

economía da prudencia humana. Tocante ao xuízo, tamén ten pouco, aínda que o vulgo do voso mundo faga diso un atributo da vellez, e para o desandrominar cómpre que saiba que o que nun vellote chaman prudencia non é senón unha aprensión pánica, un medo doente a emprender cousa ningunha, que o obsesiona. Así, meu fillo, cando el non se arriscou nun perigo no que un mociño se perdeu, non foi por que prevese a súa catástrofe senón porque non tiña lume abondo para iluminar eses nobres impulsos que nos fan ser ousados, e a audacia naquel mociño era como unha prenda do bo resultado do seu anxeio, pois que esa ardencia que fai a prontitude e a facilidade dunha realización era a que o puxaba a emprendela. Canto ao que se refire a efectualo, aldraxaría eu a vosa intelixencia se me esforzase en convencela con probas. Vós sabedes que só á mocidade lle é propia a acción, e se non estades persuadido diso de a feito, dicídmeme, rógovolo: cando vós respectades un home valente non é por causa de que pode vingarvos dos vosos inimigos e dos vosos opresores? Por que, logo, seguides a consideralo -se non é por hábito- cando un batallón de setenta xaneiros lle xeou o sangue e matou de frío os nobres entusiasmos que quentan as persoas mozas a prol da xustiza? Cando lle amosades deferencia ao forte: non é a fin de que vos estea obrigado por unha vitoria que non seriades quen de lle disputar? Por que, daquela, sometervos a el, cando a preguiza fundiu os seus músculos, debilitou as súas arterias, evaporou os seus espíritos e zougou o miolo dos seus osos? Se adorásedes unha muller: non sería por causa da súa beleza? Por que, daquela, continuar as vosas xenuflexións despois de que a vellez fixo dela un fantasma que ameaza os vivos coa morte? Finalmente, cando honrásedes un home enxeñoso sería porque coa vivacidade do seu xenio penetraba el un asunto enleado e o desenguedellaba, porque co seu ben dicir recompensaba co máis alto pago aos reunidos, porque dixería as ciencias nun só pensamento, e porque nunca unha boa alma experimentou máis violentos desexos senón para lle semellar. Porén, seguides a homenaxealo cando os seus órganos gastados volven a súa cabeza parva e pesada, e cando en compañía máis semella, polo seu silencio, a estatua dun deus lar que un home capaz de razón.

Tirade diso a conclusión, meu fillo, de que é mellor que se lles encargue aos mozos antes que aos vellos o goberno das familias. De certo que ben pouca solidez teriades ao crerdes que Hércules, Aquiles, Epaminondas, Alexandre e César -que morreron todos aquén dos corenta anos- fosen persoas ás que só se lles debesen honras vulgares, e a un vello que tresvaría -porque o sol fixo xermolar oitenta veces a súa seara- lle deberiades incenso.

“Mais –diredes vós- todas as leis do noso mundo fan resoar con coidado ese respecto que se lles debe aos vellos”

É certo, mais tamén todos os que instituíron leis foron vellos que temían que os mozos os desposuisen xustamente da autoridade que eles usurparan, e, igual que os lexisladores coas falsas relixións, fixeron do que non podían probar un misterio.

“Si, mais –diredes vós- ese vello é meu pai e o ceo prométeme unha longa vida se o honro”.

Se voso pai non vos ordena, meu fillo, nada contrario ás inspiracións do Altísimo, recoñézovolo; outramente, tripade o ventre do pai que vos enxendrou e

pisoteade o seo da nai que vos concibiu, porque -de imaxinardes que ese respecto covarde que uns pais viciosos arrancaron da vosa febleza poida ser tan agradábel ao ceo que por iso prolongue o fío da vosa vida- non lle vexo eu moita consistencia. O que! Seica tirar o chapeu, afagando e alimentando a soberbia do voso pai, fura un abceso que tedes no costado, repara a vosa humidade radical, cura unha estocada que vos atravesou o estómago ou vos escachiza unha pedra na vexiga? Se é así os médicos andan enganados: en lugar das beberaxes infernais coas que apestan a vida dos homes, que receiten para a varíola tres reverencias en xexún, catro “moitas grazas” por encima do xantar e doce “boa noite, meu pai e miña nai” antes de durmir!

Ídesme replicar que sen el non existiríades. É certo mais tamén el sen o voso avó non tería nunca existido, nin o voso avó sen o voso bisavó, nin sen vós o voso pai tería netos. Cando a natureza o trouxo ao mundo, era a condición de volver o que ela lle prestaba: así cando vos enxendrou, non vos deu nada senón que pagou as súas débedas. E aínda quixera eu saber se os vosos pais pensaban en vós cando vos fixeron. Ai, non, nin res! E mais vós pensades terlles obriga por un presente que vos fixeron sen pensaren nel. Como! Porque o voso pai foi tan baldreu que non deu resistido os bonitos ollos de non sei que criatura, que fixo o troco para fartar a súa paixón, e que co seu bulleiro fostes modelado, ides vós reverenciar ese libidinoso como un dos sete sabios de Grecia! O que! Porque esoutro avaro mercou os ricos bens da súa muller facéndolle un rapaz, ese rapaz ten que lle falar de xeonllos? Daquela o voso pai fixo ben en ser un godallo e esoutro en ser un conicho pois outramente nin vós nin el teríades endexamais existido! Mais gustaríame ben saber se estando el certo de que a súa pistola ía pillar un rato tería botado o tiro... Deus santo! Cantas lle fan crer ao pobo do voso mundo!

Vós, meu fillo, do voso arquitecto mortal só tedes o corpo, a vosa alma sae do ceo, que podía inserila perfectamente noutra baíña. O voso pai podería ter nacido fillo voso como vós nacestes seu. Que sabedes, mesmo, se el non vos impediu de herdar unha diadema? O voso espírito se cadra saíra do ceo co designio de animar o rei dos romanos no ventre da emperatriz; polo camiño, por un acaso, atopou o voso embrión e, para abreviar a súa viaxe aloxouse nel. Non, non, Deus non vos tería riscado do cálculo que fixera para os homes inda que voso pai tivese morto de rapaz. Mais: quen sabe se non seriades hoxe obra dalgún afouto capitán, que vos tería asociado á súa gloria como aos seus bens. Así, se cadra non lle debedes ao voso pai a vida que vos deu máis do que lla deberíades -por vos alimentar- ao pirata que vos encadease. E mesmo supondo que vos enxendrase rei: un presente perde o seu mérito cando é feito sen a escolla de quen o recibe. Déronlle morte a César e déronlla igualmente a Casio, e mais Casio ficou obrigado co escravo ao que lla suplicou, non César cos seus asasinou porque eles forzárono a recibila. Seica o voso pai consultou a vosa vontade cando abrazou á vosa nai? Preguntouvos se atopariades ben ver este século ou agardar outro, se vos contentariades con ser o fillo dun parvo ou se teríades a ambición de saír dun home habelencioso? Infelizmente, vós, o único ao que concernía o asunto, erades o único do que non pedían o parecer. Se cadra daquela, se estiverades pechado en algures que non fose a matriz das ideas da natureza e a vosa nacemento tivese sido segundo a vosa opinión, teríadeslle dito á Parca: “Miña dama benquerida, colle o fuso doutro; hai moito tempo que estou no nada e quero mellor quedar cen anos máis ca existir agora para me arrepentir mañán.” Porén, tivestes

que pasar por aí. Por moito que piastes para volverdes á longa e mouroa casa da que vos arrancaban, facían como se creran que pediades de mamar.

Velaí, meu fillo, de xeito aproximado, as razóns que causan o respecto que os pais lles teñen aos seus fillos. Ben sei que carreguei da banda dos fillos máis do que a xustiza pide e que falei a prol deles un pouco contra a miña conciencia. Mais, querendo corrixir ese insolente arrualllo co que os pais afrontan a debilidade dos seus pequenos, vinme obrigado de facer como aqueles que queren endereitar unha árbore torta: tórcena de novo cara á outra banda a fin de que entre as dúas contorsións fiquen iguais de dereita. Así, fixen que os pais restituísen a tiránica deferencia que usurparan e roubeilles moita que lles pertencía, a fin de que outra vez se contentasen co seu. Ben sei que con esta apoloxía choqueei aos vellos todos, mais que se lembren que son fillos denantes de seren pais, e que é imposíbel que eu non teña falado moito na súa vantaxe pois non naceron do aire. Mais, en fin, aconteza o que poida acontecer, aínda que os meus inimigos se puxesen en guerra contra os meus amigos, unicamente vería eu beneficio, porque lles fixen proveito aos homes todos e só á metade deles lles fixen desproveito.

Nestas falas calou, e o fillo do noso hospedador tomou a palabra así:

-Permitídemme -díxolle- pois que polos vossos coidados estou informado da orixe, da historia, dos costumes e da filosofía deste homiño, que eu engada algo ao que vós dixestes e que probe que os fillos non teñen obriga cos pais pola súa xeración, porque seus pais estaban en conciencia obrigados a os enxendrar.

A filosofía máis estreita do seu mundo confesa que é máis desexábel morrer - polo motivo de que para morrer cómpre ter nacido- que non existir. Orabén, pois que non lle dando ser a ese nada pónoo nun estado peor do que a morte, son eu máis culpábel por non produci-lo que por matalo. Ti, meu homiño, considerarías ter cometido un parricidio indigno de perdón se tiveses esganado o teu fillo, e de certo que sería enorme; con todo, é moito máis execrábel non lle dar o ser a quen o pode recibir, porque ese rapaz ao que lle tiras a luz sempre tivo a satisfacción de gozar dela algún tempo, e aínda sabemos que só está privado dela por poucos séculos. Mais a eses corenta pobres nadiñas, dos que ti podías facer corenta bós soldados do teu rei, ti impídeslles maliciosamente que vexan o día e déixalos corromperse nos teus riles, ao acaso dunha apoplexía que te afogue. Que non me obxecten os fermosos panexíricos da virxindade: esa honra non é máis que fume, porque ao cabo todos eses respectos cos que o vulgo a idolatra só teñen, mesmo entre vósoutros, carácter de consello. Mais non matar, non facer o seu fillo -ao non facelo- máis malfadado que un morto, é un mandamento. É polo que me asombra moito, dado que no mundo do que vós vides teñen a continencia por tan preferíbel á propagación carnal, por que é que Deus non vos fixo nacer co orballo do mes de maio como os cogomelos ou, cando menos, como os crocodilos, do lodo graxo da terra quentada polo sol. Porén, el envía eunucos entre vós só por accidente, non lles arranca os xenitais aos vossos frades, aos vossos cregos nin aos vossos cardeais. Habédesme dicir que a natureza llelos deu. Si, mais el é señor da natureza e se tivese recoñecido que ese anaco era danoso para a salvación daqueles teríao mandado cortar, igual que o prepucio aos xudeus na antiga lei. Mais son visións demasiado ridículas. Pola vosa fe: hai algún lugar do voso corpo máis sagrado ou máis maldito que outro? Por qué estaría eu cometendo un pecado

cando me toco pola peza do medio e non cando me toco a orella ou o talón? E debido a que me fai cóchegas? Daquela non me debo purgar na latrina, porque a cousa non se fai sen algún tipo de voluptuosidade, nin os devotos tampouco non se deben elevar á contemplación de Deus porque niso atopan un gran pracer de imaxinación. En verdade, asómbreme -visto o moito que a relixión do voso país é contra natura e ciumenta de todo contento dos homes- que os vossos cregos non teñan tomado como crime o feito de se rañar, por causa da agradábel dozura que se sente. Con todo iso, reparei en que a previsora natureza fixo que todos os personaxes grandes, afoutados e enxeñosos se debruzaran nas delicadezas do amor, testemúñano Sansón, David, Hércules, César, Aníbal, Carlos Magno. Seica foi coa finalidade de que se rabenasen cun fouciño o órgano dese pracer? Infelizmente chegou aquela ata un tonel para abandallar a Dióxenes, fraco, feo e piollento, e obrigalo a compor, co vento que sopraba nas súas cenorias, suspiros para Lais³². Sen dúbida procedeu dese xeito pola aprehensión que tiña a que os homes de ben faltasen no mundo. Tiremos diso a conclusión de que o voso pai estaba obrigado en conciencia a vos deitar á luz, e mesmo, de el pensar que lle tiñades moita obriga por vos facer sentindo cóchegas, no fondo non vos deu máis do que un boi banal lles dá dez veces ao día aos cuxos para que estean ledos.

-Facedes mal en quererdes rexeitar a sabencia de Deus -interrompeu entón o meu dáimon- É certo que el nos prohibiu o exceso dese pracer, mais: qué sabedes vós se non o quixo así a fin de que as dificultades que atopásemos en combatermos esa paixón nos fixesen merecentes da gloria que nos prepara? Que sabedes se non foi para aguzar o apetito coa prohibición? Que sabedes se el non prevía que abandonando a mocidade ás impetuosidades da carne, o coito frecuente de máis había debilitar a súa semente e marcar a fin do mundo nos sobriños-netos do primeiro home? Que sabedes vós se non quixo impedir que a fertilidade da terra non faltase á necesidade de tantos esfamiados? En fin: que sabedes vós se non o quixo facer, contra toda aparencia de razón, coa finalidade de recompensar xustamente a aqueles que, contra toda aparencia de razón, se teñan fiado da súa palabra?

Esta resposta non satisfizo, polo que eu creo, ao pequeno hospedador, pois abaneou a testa dúas ou tres veces. Mais o noso común preceptor calou porque a comida estaba impaciente por voar.

Estendímonos enriba duns colchóns moi molechos, cubertos de grandes tapetes, aos que os fumes viñéronnos atopar como noutro tempo na hospedaxe. Un servinte mozo colleu o máis vello dos nosos dous filósofos para conducilo a unha salina separada e o meu preceptor gritoulle:

-Volvede aquí para nos atopar, tan axiña como rematedes de comer.

El prometéunolo.

Esa fantasía de comer a parte provocoume a necesidade de saber a causa.

³² Hetera grega que viviu en Corinto no século IV antes de Cristo. Célebre pola súa beleza, capricho e enxeño, Dióxenes tería vivido con ela un pouco tempo.

-Non lle presta o cheiro da carne –dixéronme- nin mesmo o das herbas se non morreron en por elas, pois pensa que senten dor.

-Non me pasma moito –repliquei eu- que se absteña de carne e de todas as cousas que teñen vida sensitiva, pois que no noso mundo os pitagóricos, e mesmo algúns santos anacoretas, viviron nese réxime. Mais non se atrever, por exemplo, a cortar un repolo por medo a mancalo, paréceme totalmente risíbel.

-E eu –respondeu o dáimon- atopo moita consistencia na súa opinión. Porque, dicídemme: ese repolo da que falades, seica non é tan criatura de Deus coma vós? Seica non tedes por igual os dous como pai e nai a Deus e a privación? Seica Deus non tén, dende o comezo da eternidade, o seu intelecto ocupado coa nacemento daquel, igual que coa vosa? E aínda semella que proveu máis necesariamente á do vexetal que a do razoante, pois que entregou a xeración do home ao capricho de seu pai –que podía segundo o seu pracer enxendralo ou non- rigor co que, porén, non quixo tratar ao repolo, porque en lugar de entregar á discreción do pai facer xermolar o fillo –como se temese máis que perecese a raza dos repolos que a dos homes- obrígaos, gústelles ou non, a se daren o ser uns a outros. E non do xeito dos homes, que non dan enxendrado na súa vida máis dunha vintena: eles, pola súa banda, producen catro centas mil por cabeza. Polo tanto, dicir que Deus amou ao home máis que ao repolo é como nos facermos cóchegas nós mesmos para rir. Ao ser incapaz de paixón, el non odiaría nin amaría a ninguén; e se fose susceptíbel de amor tería mellor os agarimos para ese repolo, que segundo vós non podería ofendelo, que para ese home do que xa ten diante dos ollos as inxurias que lle dirixe. Engadídelles a isto que o home non podería nacer sen crime –ao ser unha parte do primeiro home que o fixo culpábel- mais sabemos moi ben que o primeiro repolo non ofendeu ao seu Creador no Paraíso Terrestre.

Diránnos que nós estamos feitos á imaxe do Ser Supremo e que os repolos non. Mesmo que fose certo, nós, ao lixarmos a nosa alma pola que lle asemellamos, temos borrado esa semellanza, pois que non hai cousa máis contraria a Deus que o pecado. Se, daquela, a nosa alma xa non é o seu retrato, nós non lle asemellamos máis polas mans, os pés, a boca, a fronte e as orellas, do que o repolo polas súas follas, as súas flores, o seu cano, o seu carozo ou a súa cabeza. Seica non credes, de certo, que se esa planta puidese falar cando a cortan, non había dicir:

“-Home, meu querido irmán, qué che fixen eu que mereza a morte? Medro só nas túas hortas e non me atopan nunca en lugar salvaxe: onde había vivir seguro? Desdeño ser labor doutras mans distintas ás túas, mais a penas dei saído delas se non é para volver a elas de novo. Érgome da terra, ábrome e téndoche os brazos, ofrézoche os meus fillos en semente e, como recompensa da miña boa vontade, ti córtasme a cabeza!”

Velaí o que diría ese repolo se puidese expresarse. E como é? Pola razón de que non se dá queixado: ímoslle nós xustamente poder facer todo o mal que el non sería quen de impedir? Se eu atopo un infeliz amarrado: podo sen crime matalo pola razón de que non pode defenderse? Polo contrario, a súa febleza agravaría a miña crueldade; por moito que esa malfadada criatura sexa pobre e estea desprovista de todas as nosas vantaxes non merece a morte por ese feito. O que! De todos os bens do

ser, ela só ten o de vexetar e nós arrancámosllo. O pecado de exterminar un home - dado que un día ha revivir- non é tan grande como o de cortar un repolo e tirarlle a vida, a el que non ten outra que esperar. Vós aniquilades a alma dun repolo facéndooo morrer, mais ao matardes un home non lle facedes senón mudar de domicilio e digo ben máis: pois que Deus, o Pai común de todas as cousas, acariña as súas obras do mesmo xeito: seica non é de razón que teña repartido os seus benfeitos entre nós e as plantas? É certo que nós nacimos primeiro, mais na familia de Deus non existe o dereito de primoxenitura: daquela se os repolos non compartiron connosco o feudo da inmortalidade, recibiron sen dúbida a vantaxe dalgún outro que, pola súa grandor, recompénsalle a súa brevidade; se cadra é un intelecto universal, un coñecemento perfecto de todas as cousas nas súas orixes, e se cadra é tamén por iso que este Sabio Motor non lles deseñou órganos semellantes aos nosos, que non teñen por todo efecto máis que un simple razoamento feble e a miúdo enganoso, senón outros máis enxeñosamente traballados, máis fortes e máis numerosos, que lles serven para a operación das súas especulativas conversas. Habédesme preguntar se cadra o que eles nos comunicaron nunca deses grandes pensamentos. Pois, dicídmeme: que nos ensinaron nunca os anxos máis ca eles? Como non existe proporción, relación nin harmonía entre as facultades imbéciles do home e as desas divinas criaturas, aqueles repolos intelectuais en van se esforzarían en nos facer entender a causa oculta de todos os acontecementos maravillosos, fáltannos sentidos capaces de recibir esas altas especies. Moisés, o máis grande de todos os filósofos, pois que extraía –segundo vós dicides- o coñecemento da natureza na fonte da propia natureza, expresaba esta verdade cando falou da Árbore da Ciencia: queríanos ensinar baixo ese enigma que as plantas posúen privativamente a filosofía perfecta. Lembrádevos, logo, vós o máis soberbio dos animais, que aínda que un repolo que cortades non diga nada, non por iso pensa menos. Mais o pobre vexetal non ten órganos apropiados para berrar coma nós; non os ten para arreguizarse nin para chorar, porén temos cos que se queixa do dano que lle facedes, cos que atrae sobre de vós a vinganza do ceo. Se me preguntades como sei eu que os repolos teñen eses fermosos pensamentos, preguntovos como sabedes vós que non os teñen e que un calquera, por exemplo, á vosa imitación, non diga á noitiña ao se pechar: “Señora Verza , velaquí o señor Repolo, voso humilde servidor.”

Estaba el nesa altura da súa intervención cando o rapaz novo que levara ao noso filósofo tróuxoo de novo.

-Ei! O que? Rematou a cea? –gritoulle o meu dáimon.

El respondeu que si, case de todo, para canto máis que o fisiólogo lle permitira catar a nosa. O hospedador novo non agardou a que eu lle preguntase a explicación deste misterio.

-Ben vexo –díxome- que este xeito de vivir vos asombra. Sabede daquela que aínda que no voso mundo se governe a saúde de maneira máis negligente, o réxime deste non se debe desprezar.

En todas as casas hai un fisiólogo, mantido polo público, que ven sendo o que vós chamariades un médico, non sendo que se ocupa só dos sans e que xulga só as diferentes formas de nos tratar tendo en conta a proporción, figura e simetría dos

nosos membros, os trazos da face, o colorido da carne, a delicadeza do coiro, a axilidade da masa, o son da voz, a tintura, a forza e a dureza do pelo. Non reparastes hai un momentíño nun home de talla bastante pequena que vos observou un bo anaco? Era o fisiólogo de aquí. Podedes estar seguro de que, segundo o que recoñeceu da vosa complexión, así diversificou a exhalación da vosa cea. Notade o moi afastado que está dos nosos leitos o colchón onde vos fixeron deitar: sen dúbida el xulgouvos dun temperamento ben diferente ao noso, pois tivo medo de que o cheiro que se evapora desas billiñas de embaixo do voso nariz non se expanda rentes de nós ou que o noso non leve o seu afumado onda vós. Habédelo ver polo serán como escolle flores para o voso leito coa mesma circunspección.

Namentres el falaba, eu acenáballe ao meu hospedador para que tratase de obrigir eses filósofos a caíren nalgún capítulo da ciencia que profesaban. Era amigo meu de máis como para non facer nacer a ocasión decontadiño. Non vos relatarei nin as intervencións nin os rogos que fixeron de embaixada para ese tratado, tamén é certo que o matiz do ridículo ao serio foi imperceptíbel de máis para poder ser imitado. Ata que o derradeiro en chegar destes doutores, a continuación doutras cousas, proseguíu así:

-Quédame probarvos que existen mundos infinitos nun mundo finito. Representádevos, daquela, o universo como un gran animal; as estrelas, que son mundos, como outros animais dentro del que serven reciprocamente de mundos a outros pobos tais coma nós, os cabalos e os elefantes; e nós, á nosa vez, tamén somos os mundos de certas xentes aínda máis pequenas, como cancros, piollos, vermes, inzóns, e estes son a terra doutros imperceptíbeis. Así, igual que nós lle aparecemos como un vasto mundo a esa xentiña miúda, se cadra a nosa carne, o noso sangue e os nosos espíritos³³ non son senón unha tecedura de animalíños que se manteñen mutuamente, que nos infunden movemento a través do seu e que, deixándose conducir cegamente pola nosa vontade que lles serve de cocheiro, nos conducen tamén a nós e producen todos xuntos esa acción que chamamos a vida.

Porque, dicídeme, rógovolo: seica é dificultoso crer que un piollo tome o voso corpo por un mundo e que cando un deles viaxou dunha das vosas orellas á outra, os seus compañeiros digan que viaxou aos dous extremos do mundo, ou que percorreu dun ao outro polo? Si, sen dúbida esa xentiña miúda toma o voso pelo polas forestas do seu país, os poros cheos de pituíta por fontes, as bubas e as lastras por lagos e brañas, os apostemas por mares, os fluxos por diluvios, e cando vós vos penteades para adiante e para atrás, toman ese rebulicio polo abalo e o devalo do océano.

Non é o proído a proba disto que digo? Seica ese inzón que o produce é cousa diferente a un deses animalíños que se desprende da sociedade civil para se establecer como tirano do seu país? Se me preguntades o que fai que sexan máis grandes que esoutros pequenos imperceptíbeis, preguntovos eu por que os elefantes

³³ A Medicina antiga chamáballes *espíritos* ás “partes máis volátiles do corpo, que serven para facer todas as operacións” e distinguía entre *espíritos vitais* (“a parte máis sutil e máis axitada do sangue da que dependen o seu movemento e a súa calor”) e *espíritos animais* –xa citados en pasaxes anteriores por Cyrano– que serían “eses corpos moi sutís e móbiles contidos no cerebro e nos nervios”.

son máis grandes ca nós e os hiberneses³⁴ que os españois. Tocante a esa bocha e a esa costra das que ignorades a causa, cómpre que veñan da corrupción das preas dos seus inimigos que eses pequenos xigantes exterminaron; ou que a peste producida pola necesidade dos alimentos cos que os sediciosos se ateigaron deixase apodrecer no medio do campo moreas de cadáveres; ou aínda de que aquel tirano -despois de ter expulsado todo de arredor del os seus compañeiros que cos seus corpos entupían os poros do noso- teña dado paso á pituíta, a que, ao ser transvasada fóra da esfera da circulación do noso sangue, se corrompeu. Hanme preguntar, se cadra, por que un inzón produce outros cen. Non é cousa dificultosa de comprender, pois, do mesmo xeito que unha revolta acorda outra, así esta xentiña pequena, puxada polo mal exemplo dos seus compañeiros sediciosos, aspira cada un en particular ao mando, acendendo por todas partes a guerra, o exterminio e a fame. “Mais”, habédesme dicir vós, “algunhas persoas están moito máis suxeitas ao proído que outras. E mais cada quen está igualmente cheo deses animalións, pois son eles (dicides vós) os que xeran a vida.”. É certo: reparemos tamén en que os flegmáticos son menos presa da raña ca os biliosos, polo motivo de que a xente, en simpatía co clima no que vive, é máis lenta nun corpo frío que nun quentado pola temperatura da súa rexión, que afervoa, rebule e non daría parado nun sitio. Así, o bilioso é moito máis delicado que o flegmático, porque -ao ser animado en moitas máis partes, e ao non ser a alma senón a acción deses animalións- é capaz de sentir en todos os lugares nos que este gando rebole, alá onde o flegmático, ao non ser quente abondo para facer obrar ese rebulinte populacho, é sensíbel só en poucos lugares.

E para probar aínda esta inzonidade universal, non tedes máis que considerar como acode o sangue á chaga cando estades ferido. Os vosos doutores din que é guiado pola previsora natureza que quere socorrer as partes debilitadas. Mais sonvos bonitas quimeras! Daquela, a maiores da alma e do espírito: seica habería aínda dentro de nós unha terceira substancia intelectual que tería as súas funcións e os seus órganos a parte? É ben máis críbel que, ao se sentiren atacados, estes animalións envíen recado aos seus veciños pedíndolles socorro, e ao lles chegaren de todas as partes e se atopar o país incapaz de tanta xente, morren afogados na esmagadura ou coa fame. Esta mortandade acontece cando o apostema está maduro, porque o que testemuña que entón a vida deses animais está apagada é que a carne podre vólvese insensíbel, de xeito que se moitas veces a sangría, ordenada para desviar o fluxo, presta, é por causa de que, ao se perder moito del pola abertura que estes animalións trataban de entupir, rexeitan eles valer aos seus aliados ao teren moi moderada a potencia para se defenderen cada un na súa casa.

Rematou así, e cando o segundo filósofo se decatou de que os nosos ollos, chantados enriba dos seus, o exhortaban a falar á súa vez, dixo:

-Homes, como vos vexo curiosidade por lle aprenderdes a este animalión, noso semellante, algo da ciencia que profesamos, vou ditar agora un tratado que eu estaría moi contento de pór no seu coñecemento, a causa das luces que dá para a intelixencia da nosa física: é a explicación da orixe eterna do mundo. Mais como teño moita présa por facer traballar os meus foles -pois mañán sen delonga a vila vaise-

³⁴ Irlandeses, Hibernia era o nome latino de Irlanda.

desculpares o tempo, coa promesa, porén, de que tan axiña como aquela se recolla heivos satisfacer.

Tras estas palabras, o fillo do hospedador chamou por seu pai, e des que este chegou, os reunidos preguntaron a hora. O bo do home respondeu:

-As oito.

Daquela, seu fillo díxolle encarraxado:

-Ei, pasade para aquí, pillabán! Non vos ordenara de nos avisardes ás sete? Sabedes que as casas vanse mañán, que os muros xa se foron, e a preguiza péchavos a boca cun cadeado!

-Señor –replicou o bo do home- acaban de publicar dende que vós estades á mesa, unha prohibición expresa de se pór en marcha antes de pasadomañán.

-Non importa –retrucou el ceibando un couce- tedes que me obedecer cegamente, non interpretar as miñas ordes, e lembrar só o que eu vos mandei. Ide buscar o voso retrato, axiña!

Ao que el o trouxo, o mocete colleuno polo brazo e xostregouno durante un bo cuarto de hora.

-Veña, langrán –prosegiu- como castigo á vosa desobediencia, hoxe ides servir de escarnio a todo o mundo, e para iso mándovos camiñar unicamente sobre dous pés o resto do día.

O pobre do vello saíu todo desconsolado e o seu fillo continuou:

-Meus señores, rógovos de escusardes as falcatrúas deste galopín. Esperaba facer del cousa boa, mais abusa da miña amizade, Penso que o moi pillabán me vai facer morrer; de certo que xa me ten posto máis de dez veces a piques de lle botar a maldición.

Costábame ben, aínda que mordese os beizos, conterme de rir deste mundo do revés. Iso foi o motivo polo que -para romper esa burlesca pedagogía que, sen dúbida, ao cabo teríame feito escachar- supliquei que me dixese o que el³⁵ entendía por esa viaxe da vila da que acababa de falar, se as casas e os muros camiñaban. E respondeume:

-As nosas cidades, querido compañeiro, divídense en móbiles e sedentarias: as móbiles, como por exemplo a que estamos neste momento, son construídas deste xeito: o arquitecto constrúe cada palacio cunha madeira moi lixeira, como podedes ver. Embaixo sitúa catro rodas e no interior dunha das paredes coloca grandes e

³⁵ Segundo Madeleine Alcover, Cyrano non se dirixe aquí ao fillo do hospedador, que acaba de falar, senón ao segundo filósofo, que sería quen responde, pois **-ao non se ir xa a vila-** ten tempo para dar a explicación que antes prometera. Efectivamente, o primeiro en falar da viaxe da vila fora ese filósofo, que anunciara tamén a explicación da orixe eterna do mundo (**pax. 51**).

numerosos foles dos que os tubos pasan en liña horizontal a través do derradeiro andar dende un ao outro pincho. Deste xeito, cando se quer levar de arrastras as vilas para outra parte (pois cámbianas de aire cada estación do ano) cadaquén desprega sobre dun dos lados da súa morada unha chea de amplas velas diante dos foles; logo, tras lles ataren ás casas un resorte para que dean chimpos, coas bafaradas contínuas que vomitan eses monstros de vento e se arremuíñan na tea, son levadas, se se quere, á máis de cen leguas

E velaquí a arquitectura das segundas, que nós chamamos sedentarias: as moradas son case semellantes ás vosas torres, fóra que son de madeira e están furadas no centro por un parafuso groso e forte, que reina da adega ao teito para podelas alzar ou baixar a discreción. Orabén, a terra está escavada tan profundamente tanto como elevado é o edificio, e fíxose a construción deste xeito a fin de que tan axiña como as xeadas comezan a arrefecer o ceo, a xente faga descender as súas casas ata o fondo dese foso dándolles voltas, e, por medio de certas peles extensas coas que cobren esta torre e o seu circuito escavado, se manteña ao abeiro das intemperies do aire. Mais tan axiña como os lenes alentos da primavera veñen adozalo, fanas subir de novo ao día por medio dese groso parafuso do que falei.

El quería parar aí o seu pulmón, penso eu, cando tomei así a palabra:

-Abofé, meu señor, endexamais hei crer que un construtor tan experto poida ser filósofo, se non vos teño a vós mesmo por testemuña. Por esa razón, dado que aínda non é hoxe a marcha, teredes vagar para nos explicar esa orixe eterna do mundo coa que hai un momentíño nos agasallabades³⁶. Prométovos en recompensa, tan axiña como estea de volta na lúa –de onde o meu aio (sinalei o meu dáimon) vos ha testemuñar que viñen- que hei sementar nela a vosa gloria contando alá as fermosas cousas que me diredes. Ben vexo que rides desta promesa, porque non credes que a lúa sexa un mundo, e aínda menos que eu sexa un seu habitante. Mais pódovos asegurar tamén que os pobos daquel mundo, que só consideran estoutro unha lúa, hanse bulrar de min cando diga que a súa lúa é un mundo, que os campos de aquí son de terra e que vós sodes xente.

A única resposta que me deu foi un sorriso, e despois comezou a súa intervención desta sorte:

-Pois que cando queremos remontarnos á orixe deste gran Todo nos vemos obrigados a incorrermos en tres ou catro absurdidades, é moi razoábel seguirmos o camiño que menos nos fai trompicar. O primeiro obstáculo que nos detén é a eternidade do mundo, e ao non ser a mente dos homes forte abondo para a concebir, nin tampouco imaxinar que este grande universo, tan fermoso e tan ben regulado, pode terse xerado en por si, recorreron eles á Creación. Mais, semellantes a aquel que se afundise no río por medo a se mollar coa chuvia, escapan dos brazos dun anano para a misericordia dun xigante. E mais non escapan dela, porque esa eternidade, que lle tiran ao mundo por non a daren entendido, trasládanlla a Deus, como se lles fose máis doado imaxinala dentro dun que dentro do outro. Esta absurdidade, logo,

³⁶ Confirmación de que se trata do « segundo filósofo », o que fai a Madeleine Alcover concluír que « estamos ante un discurso no que o académico expón unha teoría materialista atea : nesta novela non é o mozo o único ateo »

ou este xigante do que falei é a Creación, porque dicídeme de certo: concebiuse algún día como é que a partir de nada pódese xerar algo? Por desgraza entre nada e só un átomo, existen desproporcións tan infinitas que o cerebro máis agudo non daría penetrado. Cumprirá, logo, para saír deste labirinto inexplicábel, que vós admitades con Deus unha materia eterna, e daquela non ha ser preciso admitir un Deus, pois que o mundo terá podido existir sen el.

“Mais”, habédesme dicir vós, “aínda que vos eu concedese a materia eterna: como é que este caos se arranxou en por si?”. Vóuvolo explicar.

Cómpre, meu animalíño, despois de ter separado mentalmente cada corpiño visíbel nunha infinidade de corpiños invisíbeis, imaxinarse que o universo infinito non está composto senón por eses átomos infinitos, moi sólidos, moi incorruptíbeis e moi simples, dos que uns son cúbicos, outros paralelográficos, outros angulares, outros redondos, outros picudos, outros piramidais, outros hexagonais, outros ovalados, e que todos actúan de forma diferente, cada un segundo a súa figura. E velaí se decides que non é así: pousade unha bóla de marfín ben redonda sobre dun lugar ben liso, co menor impuso que lle deades ha estar ela un cuarto de hora sen se deter. Engado que se fose tan perfectamente redonda como son algúns deses átomos dos que estou a falar, non se había deter nunca. Daquela, se a arte é quen de inclinar un corpo ao movemento perpetuo: por que non habemos crer que a natureza o poida facer? Acontece o mesmo coas outras figuras: unha, como o cadrado, quere repouso perpetuo, outras un movemento lateral, outras un semi-movemento, como de trepidación, e a redonda, da que o ser é rebulir, vindo a se xuntar coa piramidal, xera se cadra o que chamamos o lume, porque non só o lume se axita sen repouso senón que fura e penetra doadamente. O lume ten, a maiores diso, efectos diferentes segundo a abertura e a cantidade dos ángulos aos que a figura redonda se une: por exemplo o lume da pimenta é cousa diferente ao lume do azucre, o lume do azucre ao da canela, o da canela ao do cravo da India e este diferente ao lume dun guizo. Orabén, o lume, que é o construtor e destrutor das partes e do todo do universo, puxou e recolleu nun carballo a cantidade de figuras necesarias para compór ese carballo.

“Mais”, habédesme dicir, “como é que o azar pode ter reunido nun lugar todas as cousas necesarias para producir ese carballo?”.

Eu respóndovos que non é un portento o feito de que a materia así disposta formara un carballo, senón que o que sería un gran portento sería que, disposta así a materia, non se formase o carballo. Cunha cantidade máis pequena de certas figuras tería sido un olmo, un lamigueiro, un salgueiro, un sabugueiro, unha uz, un musgo. E cunha cantidade máis grande de certas outras figuras tería sido unha mimosa púdica, unha ostra con cuncha, un verme, unha mosca, unha rá, un pardal, un macaco, un home. Cando ao botar tres dados enriba dunha mesa sai un trío de douses ou ben un tres, un catro e un cinco, ou ben dous seises e un un, habedes dicir: “Que milagre tan grande! En cada dado saíu o mesmo punto cando podían saír moitos outros puntos! Que milagre tan grande! Saíron en tres dados tres puntos en escaleira! Que milagre tan grande! Saíron xusto dous seises e a cara de abaixo do outro seis!”. Estou seguro de que, como home intelixente, vós non habedes lanzar esas

exclamacións porque, ao levaren os dados só unha cantidade limitada de números, é imposíbel que non saia algún deles.

Estrañádesvos de como esa materia, mesturada a feixe, a capricho do azar, pode ter constituído un home, visto que se precisaban tantas cousas para a construción do seu ser. Mais non sabedes que cen millóns de veces esta materia, camiñando cara o deseño dun home, se detivo a formar ora unha pedra, ora chumbo, ora coral, ora unha flor, ora un cometa, polo exceso ou o defecto de determinadas figuras necesarias ou innecesarias para deseñar un home. De xeito que non é un portento o que entre unha infinita cantidade de materia que cambia e se remove sen cesar teña logrado facer os poucos animais, vexetais e minerais que vemos; como tampouco é un portento que en cen lances de dados saian estes unha vez iguais. Coa mesma, é imposible que deste remexido non se produza algo, e ese algo será sempre admirado por un pasmón que non ha saber o pouco que faltou para que non se tivese

producido. Cando o gran río de  fai moer un muíño ou impulsa os mecanismos dun reloxo, en canto que o regatiño de  non fai senón correr e por veces desaparecer, non habedes dicir que aquel río é moi intelixente, porque sabedes que el atopou as cousas dispostas para facer esas dúas obras mestras. Porque se non se tivese atopado un muíño no seu curso, non tería moído o trigo; se non tivese encontrado un reloxo, non tería marcado as horas; e se o regatiño do que falei tivera feito os mesmos encontros, tamén tería el feito os mesmos milagres. Acontece o mesmo con este lume que se move en por el; porque, tras ter atopado os órganos axeitados para o fervedoiro que o razoar precisa, razoou; cando atopou os axeitados para unicamente sentir, sentiu; cando atopou os axeitados para vexetar, vexetou; e – Nunca tal aconteza!- se lle arrancan a este home os ollos que ese lume ou esa alma fai ver, deixará el de ver, igual que o noso río non vai xa marcar as horas se derruban o reloxo.

Finalmente, eses primeiros e indivisíbeis átomos forman un círculo sobre o que rolan sen dificultade as dificultades máis molestas da Física. Non existe operación dos sentidos –mesmo aquela que ninguén dera concebido aínda- que eu non explique doadamente cos corpiños. Principiemos pola vista: merece, ao se tratar da máis incomprensíbel, o noso comezo total.

Prodúcese, polo que eu imaxino, cando as túnicas do ollo, que teñen furadiños semellantes aos do vidro, transmiten esa poeira de lume que chamamos raios visuais e esta é detida por algunha materia opaca que a fai bater de volta cara á súa morada. Porque entón - ao atopar no camiño a imaxe do obxecto que a rexeitou e non ser esta imaxe senón un número infinito de corpiños que se exhalan continuamente en iguais superficies do suxeito mirado- púxaa cara ao noso ollo.

Non deixaredes de me obxectar que o vidro é un corpo non opaco e moi apreixado, e que porén, en lugar de rechazar estes outros corpiños, déixase furar por eles. Mais eu respóndovos que os poros do vidro están tallados coa mesma figura que eses átomos de lume que o atravesan, e que, do mesmo xeito que unha peneira de trigo non é axeitada para peneirar aveia, nin unha peneira de aveia axeitada para trigo, tamén unha caixa de abeto –mesmo tenue- que deixa escapar os sons, non é

penetrábel para a vista, e unha peza de cristal - mesmo transparente- que se deixa furar pola vista, non é penetrábel polo ouvido.

Non me dei impedido de o interromper:

-Mais, meu señor –díxenlle eu- como explicariades vós segundo eses principios a maneira de nos pintarmos nun espello?

- É moi doado –replicoume- porque figurádevos que eses lumes do noso ollo, despois de atravesaren o cristal e ao encontraren detrás un corpo non diáfano que os rexeita, volven pasar por onde viñeran, e ao atoparen eses corpiños xurdidos do noso camiñando en superficies iguais estendidas enriba do espello, lévanos de volta aos nosos ollos; e a nosa imaxinación, máis quente que as outras facultades da alma, atrae o máis sutil delas co que fai na súa morada un retrato en escorzo.

Non é máis dificultosa de entender a operación do ouvido. Para ser un pouco sucinto, considerémola só na harmonía. Velaí, logo, un laúde tocado polas mans dun mestre da arte. Habédesme preguntar como pode ser que eu perciba unha cousa tan lonxe de min que non vexo. Seica saen das miñas orellas unhas esponxas que beben esa música para ma traeren? Ou seica ese intérprete enxendra na miña cabeza outro intérprete pequeniño cun laudiño, que ten a orde de me cantar a mesma melodía? Non: ese milagre ven de que, ao golpear a corda estirada os corpiños do que o aire está composto, esta bótalo no meu cerebro, furándoo suavemente con eses nadiñas corporais; e segundo se tense a corda así é alto o son, porque apuxa os átomos máis vigorosamente; e o órgano, penetrado así, fornécellos á fantasía en cantidade suficiente para se facer a representación. Se son demasiado poucos, acontece que, ao non dar a nosa memoria acabado aínda a súa imaxe, vémonos na obriga de lle repetirmos o mesmo son, a fin de que, dos materiais que lle fornecen, por exemplo, as medidas dunha zarabanda, roube ela abondo para rematar o retrato desa zarabanda.

Mais esta operación non é case que nada; o maravilloso é cando pola súa mediación conmovémonos quer á alegría, quer á raiba, quer á piedade, quer ao soño, quer á dor. Isto prodúcese, imaxino, se o movemento que eses corpiños reciben encontra dentro de nós outros corpiños removidos co mesmo sentido, ou que a súa propia figura fai susceptíbeis do mesmo abalo; porque entón os recién chegados incitan os seus hospedadores a se removeren coma eles. E deste xeito, cando un aire violento encontra o lume do noso sangue inclinado ao mesmo pulo, anima a ese lume a se apuxar fóra, e é o que nós chamamos ardencia de coraxe. Se o son é máis lene e só ten forza para soerguer unha chama menor máis oscilante –por causa de que a materia é máis volátil-, ao paseala ao longo dos nervios, das membranas e dos furados da nosa carne, suscita esas cóchegas que chamamos alegría. Acontece igual coa fervura das outras paixóns, segundo que eses corpiños sexan lanzados máis ou menos violentamente enriba nosa, segundo o movemento que reciban polo encontro doutros abalos e segundo o que atopen a remover dentro de nós. Velaquí tocante ao ouvido.

A demostración do tacto non é agora máis difícil.

Ao se producir de toda materia palpábel unha emisión perpetua de corpiños, e, a medida de que a tocamos, ao se evaporaren máis destes –porque os prememos no suxeito manipulado, como a auga dunha esponxa cando a apreixamos- os duros veñen informar da súa solidez ao órgano, os brandos da súa moleza, os ríspidos da súa aspereza, os queimantes da súa ardencia, os conxelados do seu xeo. E velaí se dices que non é así: xa non somos tan finos en discernir polo tocamento con mans gastadas polo traballo, a causa do espesor da calosidade que, ao non ser porosa nin animada, non transmite senón malamente eses fumes da materia. Alguén quere saber onde está situado o órgano do tacto? Canto a min, eu creo que está espaxado por todas as superficies da masa, visto que se fai por intermedio dos nervios dos que o noso coiro só é unha tecedura imperceptíbel e continúa. Con todo, eu imaxino que canto máis palpamos cun membro próximo á cabeza máis axiña distinguimos; isto pódese experimentar cando cos ollos pechados tocamos algo, porque decontado adivinamos o que é; e se polo contrario o palpamos co pé, cóstanos moito traballo recoñecelo. Isto provén de que, ao estar a nosa pel furada por todas partes con buraquiños, os nosos nervios, que non teñen moi apertada a materia, perden polo camiño moitos destes pequenos átomos polos furados miúdos da súa contextura antes de chegaren ao cerebro, onde finda a súa viaxe.

Quédame probar que o olfacto e o gusto tamén se fan por intermedio destes mesmos corpiños.

Dicídeme, daquela: cando eu saboreo un froito, seica non é por causa da humidade da boca que o fai fundir? Confesádeme, logo, que ao haber nunha pera sales distintos (e ao repartilos a disolución entre corpiños de figuras distintas) aos que compoñen o sabor dunha ameixa, cómpre que aqueles furen o noso padal de xeito ben diferente; igual que a fendedura feita polo ferro dunha pica que me atravesa non é semellente ao que me fai sufrir de socate a bala dunha pistola, e o mesmo que a bala dunha pistola me imprime unha dór distinta á da farpa de aceiro.

Do olfacto non teño nada que dicir pois que os vós mesmos filósofos confesan que se produce por unha emisión continúa de corpiños que se desprenden da súa masa e baten no noso nariz ao pasaren.

Seguindo este principio vouvos explicar a creación, a harmonía e a influencia dos globos celestes coa inmutábel variedade dos meteoros.


Ía el continuar, mais entrou nesas o hospedador vello, que fixo pensar ao noso filósofo na retirada. Traía cristais cheos de vagalumes para iluminar a sala, mais como os insectos-fogo perden moito do seu escintileo cando non están collidos recentemente, estes, pillados xa había dez días, case non alumeaban.

O meu dáimon non agardou a que os reunidos se sentisen incómodos por esa causa e subiu ao seu gabinete, baixando de volta con dúas bólas de lume tan brillantes que cadaquén se asombrou de como non queimaba os dedos.

Estes fachos incombustíbeis –dixo- hannos servir mellor que as vosas pelotañas de vermes. Son raiolas de sol que eu purguei da súa calor, outramente as cualidades corrosivas do seu lume ferirían a vosa vista ao cegala; retiven a súa luz e

pecheina dentro destas bólas transparentes que sosteño. A cousa non vos debe fornecer suxeito de moita admiración, porque a min, que nacín no sol, tampouco me resulta máis difícil condensar estas raiolas -que son pó daquel mundo- do que a vós vos resulta apañar poeira ou átomos que son terra pulverizada destoutro.

Cando o panexírico deste fillo do sol rematou, o hospedador mozo mandou a seu pai acompañar os dous filósofos, porque era tarde, cunha ducia de globos de vagalumes atados ás súas catro patas. Canto a nós, a saber o hospedador mozo, o meu preceptor e máis eu, deitámonos por orde do fisiónomo.

Desta vez púxome nun cuarto de violetas e lirios, mandando que me fixesen as cóchegas ordinarias para me adormecer, e no outro día cara ás nove, vin entrar o meu dáimon, que me dixo que viña do palacio, onde , unha das damas da raíña, o mandara chamar e que ela preguntara sobre min e manifestara que mantiña o propósito de cumprir a súa palabra, é dicir que de bo grado me seguiría se eu a quixese levar ao outro mundo.

-O que máis me satisfizo -continuou- foi cando recoñecín que o principal motivo da súa viaxe só persegue facerse cristiá. Coa mesma, prometílle eu axudar o seu propósito con todas as miñas forzas e inventar a este efecto unha máquina capaz de acoller tres ou catro persoas, no interior da cal habedes poder montar xuntos. Desde hoxe voume aplicar seriamente na execución da empresa; por iso, a fin de que vos distraiades namentres eu non estea convosco, velaquí un libro que vos deixo. Tróuxeno antigamente do meu país natal e titúlase Os Estados e Imperios do Sol³⁷. Douvos tamén estoutro que estimo moito máis: é A Gran Obra dos filósofos, que compuxo unha das mentes máis ilustres do Sol. Esta, proba nel que todas as cousas son verdadeiras, e declara a maneira de unir fisicamente as verdades de cada contraditoria, como por exemplo que o branco é negro e o negro é branco, que se pode existir e non existir ao mesmo tempo, que pode haber unha montaña sen val, que o nada é algo e que todas as cousas que existen non existen. Mais reparade en que proba eses inauditos paradoxos sen ningunha razón capciosa nin sofística. Cando esteades aborrecido de ler, poderedes pasear ou conversar co noso hospedador mozo, voso compañeiro: a súa mente ten moito engado. O que me despraz nel é que é impío. Mais se acontece que vos escandaliza, ou que cos seus razoamentos fai abanear a vosa fe, non deixedes de vir decontadiño contarmo, que eu heivos resolver as dificultades que vos provoque. Outro habíavos ordenar abandonardes a súa compañía cando el quixese filosofar sobre esas materias, mais, como é extremadamente gabancioso, estou seguro de que tomaría esta fuxida por unha derrota e se figuraría que a vosa crenza iría contra a razón se refugarades ouvir as súas. Pensade en vivirdes libremente.

Ao rematar esta frase foise, pois é o adeus con que nese país se toma licenza de alguén, de igual maneira que o “bon día” ou “Son o voso servidor” se expresa con este cumprido: “Sabio, quéreme, pois que eu quérote a ti”.

³⁷ Sería un libro descriptivo que o dáimon nativo do Sol levara con el? Ou xoga Cyrano a nos adiantar o segundo libro que escribirá despois de *Os Estados e Imperios da Lúa*?

Apenas deixou de estar presente, púxenme a observar atentamente os meus libros. As caixas –é dicir as súas cubertas- semelláronme admirábeis pola súa riqueza: unha estaba tallada nun só diamante, máis brillante sen comparación ca os nosos, e a segunda non parecía senón unha monstruosa perla fendida en dúas. O meu dáimon traducira estes libros á linguaxe daquel mundo, mais como aínda non falei da súa imprenta, vou explicar o feitío deses dous volumes.

Ao abrir a caixa, atopei dentro un non sei o que de metal case totalmente igual aos nosos reloxios, cheo dun número infinito de pequenos resortes e mecanismos imperceptíbeis. É de certo un libro, mais é un libro milagroso que non ten follas nin caracteres; en suma, é un libro no que, para aprender, os ollos son inútiles: só se precisan orellas. Daquela, cando alguén desexa ler, tensa –cunha gran cantidade de toda guisa de chaves- esta maquinaria, fai virar a agulla pousándoa enriba do capítulo que quere escoitar, e no mesmo instante saen desta polea, como da boca dun home ou dun instrumento de música, todos os sons nítidos e variados que serven entre os grandes luseses³⁸ para a expresión da linguaxe.

Cando dei cavilado sobre esta milagrosa invención de facer os libros, non me estrañei xa ao ver que os mozos deste país posuían máis coñecementos aos dezaseis e dezaioito anos que os “barbas grises” do noso. Porque ao saberen ler tan axiña como saben falar, nunca están sen lectura: no cuarto, no paseo, na vila, en viaxe, a pé ou de a cabalo, poden levar na alforxa, ou pendurados no arzón das selas, unha trintena destes libros dos que non teñen máis que tensar un resorte para ouviren un capítulo deles, ou varios, e se teñen humor escoitaren todo un libro. Así levades eternamente de arredor vosa os grandes homes, vivos e mortos, conversando todos convosco de viva voz.

Este presente ocupoume máis de unha hora, e finalmente, despois de mos ter atado como pendentes das orellas, saín á cidade para pasear. Aínda ben non alancara a rúa que dá fronte a fronte coa nosa casa, cando atopei no outro extremo un fato bastante numeroso de persoas tristes.

Catro deles cargaban nos seus ombreiros unha especie de cadaleito envolto de negro. Informeime, por un que estaba a mirar, do que quería dicir esa comitiva semellante ás pompas fúnebres do meu país. Respondeume que ese malvado de

, nomeado polo pobo cunha cotenada no xeonllo dereito, fora convicto de envexa e ingratitude e finara onte, e que o Alto Tribunal condenáralo había máis de vinte anos a morrer de morte natural no seu leito e a ser enterrado despois da súa morte. Boteime a rir desta resposta, e ao el me preguntar por que, repliqueille:

-Asombrádesme ao dicirdes que o que é unha marca de benzón no noso mundo, como unha longa vida, unha morte plácida e unha sepultura pomposa, serve nestoutro de castigo exemplar.

³⁸ Os luseses serían os habitantes da lúa. Lembremos que a linguaxe dos grandes da lúa era unha caste de música (V. páx. 28).

-O que? Tomades a sepultura por unha marca de benzón? -retrucou aquel home- Ei! Pola vosa fe! Seica dades concebido cousa máis espantosa que un cadáver a camiñar sobre os vermes que o ateigan, á mercede dos sapos que lle mascan as faceiras, en fin, a peste revestida co corpo dun home? Bon Deus! A simple imaxinación de ter -aínda que morto- o rostro enzarapallado cun lenzo e unha vara de terra na boca, dame acoro ao respirar. Ese desgraciado que vedes levar, a maiores da infamia de ser botado nunha cova foi condenado a ser acompañado na súa comitiva por cento cincuenta dos seus amigos, aos que se lles impuxo, en castigo por teren amado un envexoso e un ingrato, compareceren nos seus funerais con cara triste; e se os xuíces non tiveran piedade deles, imputándolles en parte os seus crimes á súa corta intelixencia, teríanlles ordenado ir chorando. Excluídos os criminais, todo o mundo é queimado, o que é un costume moi decente e moi razoábel, pois nós cremos que o lume, tras separar o puro do impuro e tras unir á súa calor por simpatía estouta calor natural que producía a alma, fornécelle a forza para se elevar sempre subindo ata algún astro (á terra de certos pobos máis inmateriais ca nós e tamén máis intelectuais porque o seu temperamento debe corresponder e participar na pureza do globo que habitan) e que esta chama radical, ao ser aínda rectificada pola sutileza dos elementos daquel mundo, vai formar parte dun dos burgueses daquel país inflamado.

Con todo, non é esa a nosa maneira de inhumar máis fermosa. Cando un dos nosos filósofos chegou a unha idade na que sente amolecer a súa mente e o xeo dos anos entalar os movementos da súa alma, reúne os seus amigos nun banquete suntuoso e despois, tras lles ter exposto os motivos que o resolveron a se despedir da natureza e a pouca esperanza que ten de poder engadir algo ás súas fermosas accións, concédénlle o indulto -é dicir prescribénlle a morte- ou unha severa orde de vivir. Cando, daquela, pola pluralidade de votos, puxeron o seu hálito nas mans del, avisa aos seus máis íntimos do día e do lugar. Estes púrganse e abstéñense de comer durante vintecatro horas. Logo, de chegados á morada do sabio, despois de teren feito sacrificio ao sol, entran no cuarto no que o xeneroso está a agardalos apoiado nun leito de gala. Todos van voando cabo del abrazalo, e cando é a quenda do que el máis quere, despois de o ter bicado docemente, apóiao contra o seu estómago, e unindo a súa boca a del, coa man dereita que ten libre afúndese un puñal no corazón. O amante non separa os beizos dos do seu amante ata que non o sente expirar; entón retira o ferro do seo del e, pechando coa súa boca a ferida, traga o seu sangue e segue zugando ata que non poida beber máis. Decontado outro sucédeo e a este lévano ao leito. Saciado o segundo lévano deitar para lle deixar sitio ao terceiro. Finalmente, colmada toda a compañía, fanlle entrar a cada un, ao cabo de catro ou cinco horas, unha rapaza de dezaseis ou dezasete anos e, durante tres ou catro días que están a gozar as delicias do amor, nútrense unicamente da carne do morto que lles fan comer completamente crúa, afín de que, se destas apertas dá nacido algo, estean seguros de que é o seu amigo quen revive.

Non tiven paciencia para deixar discorrer máis a este home pois planteino para continuar o meu paseo.

Ainda que o dese bastante corto, o tempo que empreguei nas particularidades destes espectáculos e en visitar algúns lugares da vila foi a causa

de que chegase máis de dúas horas despois de a cea preparada. E preguntáronme por que chegara tan tarde.

-Non foi culpa miña –respondinlle ao cociñeiro que se queixaba- Preguntei varias veces polas rúas a hora que era mais só me responderon abrindo a boca, trincando os dentes e torcendo a cara de esguello!

-E logo? –exclamaron todos- Non sabedes que con iso estábanvos dicindo a hora?

-A fe! –retruquei eu- Podían levantar o nariz ao sol canto quixesen, que eu non entendía!

-É unha cousa cómoda que lles permite pasaren do reloxo –dixéronme- porque cos seus dentes fan un cuadrante tan exacto que cando queren informarlle a alguén da hora desapertan os beizos, e a sombra dese nariz, ao caír enriba, marca como nun cadrante a que o preguntador solicita. Agora, coa fin de que coñezades por que neste país todo o mundo ten o nariz grande, sabede que tan axiña como unha muller deu a luz, a matrona lévalle o rapaz ao prior do seminario, e xusto ao cabo dun ano, tras se reuniren os expertos, se se atopa que o seu nariz é máis corto ca unha determinada medida que ten o rexedor³⁹, considéranlo nacho e póñeno entre as mans dos sacerdotes, que o castran. Habedesme posibelmente preguntar a causa desta barbarie: como é que nós –entre quen a virxindade é un crime- establecemos contencións pola forza. Sabede que o facemos despois de termos observado dende hai trinta séculos que un nariz grande é para a porta das nosas casas un letreiro que di “Aquí dentro vive un home enxeñoso, prudente, cortés, afábel, xeneroso e liberal” e que un pequeno é o ramo dos vicios opostos. Por iso cos nachos se fabrican eunucos, porque a república prefire non ter fillos deles que telos semellantes a eles.

Seguía el aínda a falar cando vin entrar un home nú de a feito. Senteime decontado e cubrinme para lle facer honra, pois nese país son as marcas do respecto mais grande que se lle pode amosar a alguén.

-O reino desexa –dixo- que avisedes aos maxistrados antes de partirdes ao voso país, pola razón de que un matemático acaba de lle prometer ao Consello que, se vós, de regreso ao voso mundo, estivédes de acordo en construír certa máquina que él vos ha ensinar e que corresponde a outra que terá disposta neste, el atraerao cara a si e unirao ao noso globo.

Tan axiña como se foi, dixen dirixíndome ao hospedador mozo:

-Ei! Rógovos que me digades o significado desa figura de bronce das partes vergoñentas que leva ese home pendurada na cintura.

Eu tiña visto na corte cantidade delas no tempo en que vivía na gaiola, mais como case que sempre estaba rodeado de damas da raíña, tiña medo a violar o

³⁹ Cargo con mando nunha pequena circunscrición administrativa (vila, concello, etc...).

respecto debido ao seu sexo e á súa condición se, en presenza delas, atraía a conversa a un asunto tan salpementado.

Respondeume:

-Aquí as femias, igual que os machos, non son tan ingratas como para se ruborizaren coa vista de quen as forxou. E as virxes non teñen vergoña en amaren sobre de nós, en memoria da súa nai natura, a única cousa que leva o nome dela. Sabede, logo que o emblema co que este home se honra, no que pende como medalla a figura dun membro viril, é o símbolo da fidalguía e a marca que distingue o nobre do plebeo.

Confeso que este despropósito me pareceu tan extravagante que non puideron impedir botarme a rir.

-Este costume paréceme ben extraordinario -dixenlle ao meu hospedadoriño- porque no noso mundo a marca de nobreza é levar espada.

Mais el, sen se inmutar, exclamou:

-Ai, meu homiño! Moi enrabados están os grandes do voso mundo ao faceren ostentación dun instrumento que designa un verdugo! Só está el forxado para nos destruír pois ao cabo é o inimigo xurado de todo canto vive! Agachar, pola contra, un membro sen o cal nós estaríamos no rango do que non existe! O Prometeo de cada animal e o reparador infatigábel das feblezas da natureza! Malpocada bisbarra na que as marcas da xerazón son ignominiosas e as do aniquilamento son honorabeis! E máis chamádeslle a ese membro “as partes vergoñentas” como se houbese algo máis glorioso que dar a vida e cousa máis infame que tirala!

Durante todo ese parlamento non deixabamos de cear, e tan axiña como nos erguimos dos leitos fumos ao xardín tomar o aire.

Os encontros e a fermosura do lugar entretivéronnos algún tempo, mais como o máis nobre anxeio que me facía ferver era o de converter á nosa relixión unha alma tan extraordinariamente elevada por riba do vulgo, exhortei mil veces a non enlamar con excremento ese fermoso xenio que o ceo lle fornecera e a que tirase da grea dos animais ese espírito capaz da visión de Deus, en fin, que coidase seriamente en ver un día unir a súa inmortalidade co pracer antes que coa coita.

-O que? -replicoume escachando a rir- Considerades a vosa alma privativamente mortal en comparanza coa dos animais! En verdade, meu amigo, a vosa fachenda é ben insolente! Rógovos que me digades: de onde argumentades esa inmortalidade en prexuízo da dos animais? Sería por causa de que nós estamos dotados de razoamente e eles non? De primeiras négovolo, e heivos probar cando queirades que eles razoan coma nós. Mais aínda que fose certo que a razón nos tivera sido concedida como atributo e fose un privilexio reservado só á nosa especie: seica temos que dicir por iso que Deus enriquece o home coa inmortalidade porque xa lle outorgou a razón? Daquela, seguindo esa regra: débolle dar hoxe a ese pobre un

ducado porque onte lle dei un escudo? Ben vedes vós mesmo a falsidade desta consecuencia, e que, pola contra, se son xusto, antes de lle dar un ducado a este, débolle dar un escudo a outro, pois que non recibiu nada de min. Cómpre concluír diso, meu querido compañeiro, que Deus, máis xusto ca nós mil veces aínda, non terá deitado todo nuns para non lles deixar nada aos outros. Alegar o exemplo dos primoxénitos do voso mundo, que levan na súa partilla case todos os bens da casa, é unha febleza dos pais, que ao quererem perpetuar o seu nome temeron que se perdese ou se extraviase na pobreza. Mais Deus, que non é capaz de erro, non tivo coidado en cometer un tan grande. E mais, ao non existir na eternidade de Deus un antes nin un despois, na súa casa os seguintes non son máis novos que os nacidos primeiro.

Non oculto que este razoamento me fixo abalar.

-Idesme permitir –díxenlle- que rompa nesta materia, porque non me sinto forte abondo para vos responder; vou en procura da solución desta dificultade cabo do noso común preceptor.

Subín decontado, sen agardar que me replicase, ao cuarto dese habelencioso dáimon e -aforro os preámbulos- espúxenlle o que acababan de me obxectar tocante á inmortalidade das nosas almas. E velaí o que me respondeu:

-Meu fillo, ese mociño apampado - que arde por vos convencer de que non é verosímil que a alma do home sexa inmortal porque Deus sería inxusto (el que se chama Pai común de todos os seres) ao lle ter dado vantaxe a unha especie e ter abandonado todas as outras en xeral ao nada ou ao infortunio- ten razoamentos de pouco brillo. E aínda que eu podería preguntarlle como sabe que o que é xusto para nós tamén é xusto para Deus, como sabe que Deus se mide pola nosa vara, como sabe que as nosas leis e os nosos costumes (que só foron instituídos para remediar os nosos desordes) serven tamén para rexer a omnipotencia de Deus, vou pasar estas cousas todas, con todo o que tan divinamente responderon sobre esta materia os Pais da vosa Igrexa, e vouvos descubrir un misterio que aínda non foi revelado.

Sabedes, oh, meu fillo, que da terra faise unha árbore, dunha árbore un porco e dun porco un home. Pois que todos os seres da natureza tenden ao máis perfecto: seica non podemos crer, logo, que aspiran a se facer homes, visto que esta esencia é o acabado da máis fermosa mestura e o mellor achado que exista no mundo, visto que é o único que fai a ligazón da vida brutal coa anxelical? Que esas metamorfoses acontecen, cómpre ser un botaporela para negalo: ou seica non vemos que unha maceira, pola calor do seu xermolo igual que por unha boca, zuga e dixire o céspede que o rodea, que un porco devora o froito e o fai converterse nunha parte del mesmo, e que un home, ao comer o porco, quenta esa carne morta, únea a el e fai finalmente revivir o animal baixo unha máis nobre especie? Así ese grande pontífice que vedes coa mitra enriba da cabeza, era, só hai sesenta anos, un montiño de herba do meu xardín. Ao ser, logo, Deus o Pai común de todas as súas criaturas, e se as ama a todas por igual: non é ben críbel que –despois de que, a través de toda esta metempsicose máis razoada que a pitagórica, todo o que sente, todo o que vexeta, en fín, despois de que toda a materia teña pasado a través do home- ha chegar daquela ese gran día do Xuízo no que fan os profetas desembocar os segredos da súa filosofía?

Baixei outra volta moi satisfeito ao xardín e comecei a lle recitar ao meu compañeiro o que o noso mestre me aprendera, cando chegou o fisiónomo para nos levar á refección e ao dormitorio. Calarei as particularidades destes, porque fun alimentado e deitado como o día anterior.

No seguinte, des que acordei, fun facer que se erguese o meu antagonista.

-É tan grande milagre –díxenlle ao abordalo- atopar unha mente ilustre igual á vosa amortallada polo sono como ver lume sen acción.

El sorriu deste mal cumprimento.

-E mais -exclamou cunha carraxe inflamada de amor- seica non ides endexamais liberar a vosa boca e a vosa razón deses termos fabulosos de “milagres”? Sabede que eses nomes difaman o nome de filósofo: Igual que o sabio non ve nada no mundo que non conciba ou que non xulgue concibíbel, debe el abominar de todas esas expresións de “milagres”, “prodixios” e “acaecementos contra natura” que inventaron os estúpidos para disculparen as feblezas do seu entendemento.

Coideime entón obrigado en conciencia a tomar a palabra para desenganalo.

-Aínda que vós –repliqueille- non creades nos milagres, non deixan de se producir, e moitos. Téñoos eu visto cos meus ollos. Coñecín máis de vinte enfermos curados milagrosamente.

-Dícidelo vós –interrompeu- que esa xente foi curada por milagre, mais non sabedes que a forza da imaxinación é quen de combater todas as enfermidades, a causa dun certo bálsamo natural espaxado polos nosos corpos que contén todas as cualidades contrarias ás de cada mal que nos ataca; e a nosa imaxinación, advertida pola dor, vai escoller no seu lugar o remedio específico que opón ao veneno e nos cura. É de aí de onde procede que o médico máis hábil do noso mundo lle aconselle ao enfermo coller un médico ignorante que el considere moi hábil, antes do que un moi hábil que considere ignorante, porque el presume que a nosa imaxinación, ao traballar a prol da nosa saúde, por pouco que se vise axudada polos remedios, sería quen de nos curar, mais que os máis poderosos serían febles de máis se a imaxinación non os aplicase. Estrañádesvos de que os primeiros homes do voso mundo viviran tantos séculos sen teren coñecemento ningún da medicina? A súa natureza era forte, ese bálsamo universal non se esvaecera polas drogas coas que os vosos médicos vos consomen. Para regresaren á convalecencia ⁴⁰ non tiñan senón que desexar fortemente e imaxinárense curados: decontado a súa fantasía, nidia, vigorosa e rexa se ía mergullar nese óleo vital, aplicaba o activo ao pasivo, e case nun chiscar de ollo, velos aí estar sans como dantes. Non deixan, con todo, de se producir hoxe curas asombrosas, mais o pobo atribúeas aos milagres.

O que son eu, non os creo en absoluto, e a miña razón é que é máis doado que todos eses contigueiros se enganen a que iso se produza. Porque eu preguntolles: ese febreño que acaba de curar, desexou moi forte durante a súa enfermidade –como é

⁴⁰ Aquí é sinónimo de *restabelecemento*.

verosímil- recuperar a saúde. E fixo ofrecementos. Orabén, ao estar enfermo cumpría necesariamente: ou que morrese, ou que seguise co seu mal, ou que curase. Se morrese, dirían: “Deus quixo recompensalo polas súas coitas”. Se cadra urdirán un malicioso equívoco dicindo que, consonte as súplicas do enfermo, curouno de todos os males. Se permanecese na súa enfermidade dirían que non tivera fe, mais como curou é un milagre manifesto. Non resulta moito máis verosímil que a súa fantasía, incitada polos violentos anxeios da súa saúde, realizou esta operación? Porque, supondo que se salvasen moitos deses señores que se ofreceran: cantos máis de entre eles vemos que pereceron miserabelmente cos seus ofrecementos!

-Pero cando menos -retruqueille- se o que vós dicides dese bálsamo é certo, é unha marca da razoabilidade da nosa alma, pois que sen se servir dos instrumentos da nosa razón nin se apoiar na colaboración da nosa vontade, sabe por ela mesma – como se estivese fóra de nós- aplicar o activo ao pasivo. Orabén, se estando separada de nós ela é razoábel, cómpre necesariamente que sexa espiritual, e se confesades que é espiritual, tiro a conclusión de que é inmortal, pois que a morte só lles acontece aos animais a través da mudanza das formas da que só a materia é capaz.

Logo de este mozo se ter soerguido no leito e de me facer sentar igualmente a min, discorreu aproximadamente deste xeito:

-Tocante á alma dos animais, que é corporal, non me estraña que morra, dado que só e posíbel unha harmonía das catro cualidades⁴¹, unha forza de sangue e unha proporción de órganos ben concertados, mais estrañame ben que a nosa, incorpórea, intelectual e inmortal, se vexa obrigada a saír de dentro de nós polas mesmas causas que fan perecer a dun boi. Seica ela fixo un pacto co noso corpo polo que, cando este levase unha espadada no corazón, unha bala de chumbo no cerebro ou un disparo de mosquete a través do corpo, había a alma abandonar decontado a súa casa furada? Se tal fixese faltaría moitas veces ao seu contrato, pois algúns morren dunha ferida da que os outros se salvan; cumpriría que cada alma tivese feito un contrato particular co seu corpo. En verdade, ela que ten tanta intelixencia, polo que queren facernos crer, estará ben enrabiada ao saír dunha morada cando ve que ao partir de alá lle van sinalar o seu cuarto no Inferno. E se esta alma fose espiritual, e polo mesmo razoábel, como din; se fose tan capaz de intelixencia cando está separada da nosa masa como cando está revestida por ela: por que é que os cegos de nacemento, con todas as vantaxes desta alma intelectual non darían mesmo imaxinado o que é ver? Por que é que os xordos non ouven miga? Seica é porque aínda non están privados de todos os sentidos polo pasamento? O que! Non vou, logo, poder utilizar a miña man dereita porque xa teño unha esquerda? Alegan, para probar que ela non podería obrar sen os sentidos, aínda que sexa espiritual, o exemplo dun pintor que non podería facer un cadro se non ten pinceis. Si, mais non é cousa de dicir que o pintor –que non pode traballar sen pinceis- cando, conservando os seus pinceis, teña perdido as súas pinturas, os seus lápis, os seus lenzos e os seus cuncos, vai ser cando mellor poida facelo. Ben ao contrario! Cantos máis obstáculos se opoñan ao seu labor máis imposíbel lle ha ser pintar. Porén, eles queren que esta alma, que só pode obrar imperfectamente a causa da perda dunha das súas ferramentas no decurso da vida, poida traballar con perfección cando, despois da nosa morte, teña perdido todas! Se

⁴¹ Frío, quente, húmedo e seco.

nos volven de novo co retrouso de que ela non precisa esas ferramentas para cumprir as súas funcións, eu heilles saír co retrouso de que cómpre xostregar os ceguiños, pois fan como que non ven nin chisca.

-Mais se a nosa alma morrese –díxenlle eu- como ben vexo que vós queredes tirar en conclusión, a resurrección que agardamos non sería senón unha quimera, logo, pois sería preciso que Deus as volvese crear, e iso non sería resurrección.

Interrompeume abaneando a testa:

- Ei! Pola vosa fe! –exclamou- Quen vos arrolou con ese conto de fadas? O que! Vós? O que! Eu? O que! A miña serventa resucitar?

-Non é un conto ao gusto do que escoita –respondinlle- É unha verdade indubitábel que vos hei probar.

-E eu –dixo el- heivos probar o contrario.

Daquela, para comezar, vou supor que comedes un mahometano; en consecuencia volvédelo substancia vosa. Seica non é certo que ese mahometano dixerido se muda, en carne unha parte, en sangue outra parte, e outra parte en esperma? Ides abrazar a vosa muller, e da semente, tirada enteiriña do cadáver mahometano, tirades en molde un fermoso cristianciño. E eu pregunto: na resurrección terá o mahometano o seu corpo? Se a terra llo volve, o cristianciño non ha ter o seu, pois que este enteiro non é senón unha parte do do mahometano. Se me dices que o cristianciño ha ter o seu, Deus, daquela, halle rispar ao mahometano o que o cristianciño non fixo senón recibir do daquel. Así, cómpre absolutamente que un dos dous careza de corpo! Habédesme se cadra responder que Deus vai reproducir a materia para suplir a aquel que non teña abondo. Si, mais outra dificultade nos detén e é que ao resucitar o mahometano condenado, e ao lle fornecer Deus un corpo novo de a feito porque o cristián lle roubou o seu -como nin o corpo só nin a alma só constitúen o home senón xuntos un e outra no mesmo suxeito, e como corpo e alma son partes tan integrantes do home unha e outro- se Deus lle fabrica a este mahometano outro corpo distinto do seu, xa non é o mesmo individuo. Así Deus condena outro home distinto daquel que mereceu o Inferno, así este corpo arreitou, este corpo abusou criminalmente de todos os sentidos, e Deus, para castigalo, bota no lume outro corpo distinto, que é virxe, que é puro e que endexamais prestou os seus órganos para a realización do menor crime. E o que sería aínda ben ridículo é que este corpo tería merecido o Inferno e o Paraíso xuntos ambos os dous: porque en tanto que mahometano debe ser condenado e en tanto que cristián debe ser salvado. Dese xeito, Deus non o podería meter no Paraíso sen ser inxusto ao recompensar coa gloria a condenación que merecera como mahometano, e non o pode botar no Inferno sen ser inxusto tamén, ao recompensar coa morte eterna a beatitude que merecera como cristián. Cómpre, pois, se quere ser equitativo, que condene e salve eternamente aquel home.

Daquela eu tomei a palabra e retruqueille:

-Non teño nada que responder aos vosos argumentos sofísticos contra da resurrección, o caso é que Deus o dixo e Deus non pode mentir.

-Non vaiades tan á présa –replicoume- Xa chegastes ao “Díxoo Deus”. Cómpre probar primeiro que existe un Deus, porque o que son eu négovolo de punta a couce.

-Non me vou divertir –díxenlle eu- en vos recitar as demostracións evidentes que os filósofos utilizaron para establecelo: sería preciso repetir o que algunha vez escribiron os homes razoabeis. Pregúntovos só cal é o inconveniente para vós se o credes; estou ben certo de que non me poderíades pretextar ningún. Daquela, pois que só é posíbel tirar dela utilidade: por que non vos convencedes? Porque se existe un Deus –a maiores de que ao non crelo saíronvos mal as contas—teredes desobedecido ao precepto que ordena crer nel. E se non o hai, non habedes estar mellor ca nós.

-Si tal, que hei estar mellor ca vós -respondeume- porque se non o hai, vós e eu estaremos iguais a puntos no xogo, mais, pola contra, se o hai, eu non poderei ter ofendido unha cousa que coidaba que non existía, pois para pecar cómpre ou sabelo ou querelo. Non vedes que un home –por pouco sabio que fose- non se había picar porque un xurafaz o inxuriase, se é que o tal xurafaz pensara que non o facía, ou se o tomara por outra persoa ou se fora o viño quen o fixese falar así? Para canto máis Deus, totalmente inquebrantábel: seica se vai el botar contra nós por non o termos recoñecido, cando foi el mesmo quen nos refugou os medios de o recoñecer? Mais, pola vosa fe, animalíño pequeno, se a crenza en Deus nos fose necesaria, se fose decidir para nós a eternidade: seica o propio Deus non nos tería infundido a todos luces tan claras como o sol que non se oculta a ninguén? Porque finxir que el quixo xogar entre os homes ás escondidas, facer como os rapaces -“Cucú, velaquí estou!”, é dicir quer agacharse, quer amosarse, enmascararse a algúns para se manifestar aos outros- é fabricarse un Deus ou parvo ou malicioso, dado que se é que foi pola forza do meu xenio que eu o recoñecín, é el quen merece e non eu –en tanto que podía darme unha alma ou órganos imbéciles que mo fixesen descoñecer- e se, polo contrario, me tivese dado unha mente incapaz de comprendelo, non tería sido culpa miña senón súa, porque podía terme dado unha tan viva que o tivese comprendido.

Estas opinións diabólicas e ridículas fixéronme nacer un arreguizo por todo o corpo. Comecei daquela a contemplar ese home cun pouco máis de atención e fíquei abraiado ao reparar na súa face un non sei que estarrecedor que ata entón non dexergara: os ollos eran pequenos e afundidos, a pel pardenta, a boca grande, o queixelo peludo e as unllas negras. “*Ai, Deus –dixen para min decontadiño- este miserábel é un réprobo desta vida, e é mesmo posíbel que sexa o Anticristo, do que tanto se fala no noso mundo*”.

Non quixen, con todo, descubrirlle o meu pensamento, a causa da estima na que eu tiña a súa intelixencia; e de certo que os favorábeis aspectos cos que a Natureza mirara o seu berce me fixeran concebir algunha amizade cara a el. Porén, non me dei retido sen estoupar en imprecacións que o ameazaban cun mal fin. Mais el, remontando sobre a miña carraxe, exclamou:

- Si! Pola morte de...

Non sei o que pretendía dicir, pois nese intre petan na porta do noso cuarto e vexo entrar un home mouro moi grande todo peludo. Achégase a nós e, pillando o blasfemador polo medio do corpo, levouno pola cheminea.

A compaixón que tiven pola sorte dese coitado obrigoume a abrazalo para o arrancar das poutas do etíope, mais tan robusto foi que nos levou aos dous, de xeito que nun momento velaí estamos nós na nube. Non era xa o amor ao próximo o que me obrigaba a apertalo senón o medo a caír. Despois de ter estado non sei cantos días a furar o ceo sen saber o que sería de min, recoñecín que me achegaba ao noso mundo. Xa distinguía Asia de Europa e Europa de África; xa mesmo os meus ollos, coa miña descida, non se daban curvado alén de Italia, cando o corazón me dixo que ese díaño sen dúbida levaba o meu hospedeiro para os Infernos, en corpo e alma, e que era por iso polo que pasaba pola nosa terra, polo motivo de que o Inferno está no centro dela. Porén, esquecíame esta reflexión, e todo o que me acontecera dende que o Díaño era o noso vehículo, ante o arrepío que me producía a visión dunha montaña toda en lume que eu case tocaba. O obxecto dese ardente espectáculo fíxome berrar: “Xesús María!”.

Inda ben non rematara a derradeira letra cando me atopei deitado enriba dunhas uces, no coto dun outeiro, e con dous ou tres pastores de arredor de min a recitaren ladaíñas e a me falaren en italiano.

- Ah! –exclamei- *Louvado sexa Deus! Por fin atopei, logo, cristiáns no mundo da lúa. Ei! Dícideme, amigos: en que rexión do voso mundo estou arestora?*

- *En Italia* –respondéronme.

- *Como?* –interrompín- *Seica tamén hai unha Italia na lúa?*

Cavilara aínda tan pouquiño neste accidente que aínda non me decatara de que eles estaban a me falar en italiano e eu a lles responder igual.

Daquela, cando estiven totalmente desapampado e nada me impediu recoñecer que estaba de volta neste mundo, deixei-me conducir onde eses labregos quixeron levarme. Mais aínda non dera eu chegado ás portas de... cando todos os cans da vila se viñeron lanzar enriba de min. E sen que o medo me tivese botado a unha casa onde pasei a tranca engulíanme sen remedio.

Un cuarto de hora despois, cando eu estaba a repousar naquela morada, velaí que se escoita de arredor un aquelarre que semellaba de todos os cans do reino; estaban dende o dogo ao bichón⁴², oubeando coa furia máis espantosa que se estivesen a celebrar o aniversario do seu primeiro Adán.

Esta aventura non causou pouca admiración en todas as persoas que a viron, mais tan axiña como tiven acordado dos meus soños sobre esta circunstancia imaxinei decontado que estes animais se asañaran contra min a

⁴² Can de compañía, pequeno, lanudo e dócil.

causa do mundo do que viña “porque -dicíame eu- como están afeitos a lle oubear á lúa pola dor que lles ocasiona dende tan lonxe, sen dúbida quixeron botarse enriba miña porque eu cheiro á lúa e o seu ulido anóxaos”.

Para me purgar dese mal aire, espúxenme ao sol, nu de a feito, enriba dunha terraza. Aventeime durante catro ou cinco horas, ao cabo das que baixei, e os cans, non sentindo xa a influencia que me fixera o seu inimigo, volvéronse cada un para a súa casa.

Preguntei no porto cando había zarpar un navío para Francia e, ao que estiven embarcado, só tiven a atención dirixida a rumiar as maravillas da miña viaxe. Admirei mil veces a Providencia de Deus que afastara eses homes, por natureza impíos, nun lugar onde non puidesen corromper os seus benqueridos e castigáralles o seu arruallo abandonándoos á súa propia suficiencia. Tamén non dubido de que adiara ata agora o envío da predicación do Evanxeo porque sabía que eles habían abusar e que esta resistencia só serviría para lles facer merecer un máis rudo castigo no Outro Mundo.

